

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 70

**Sesión plenaria**  
5 de novembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 4. Interpelacións

#### 4.1 35488 (12/INT-001294)

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor**

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

#### 4.2 36026 (12/INT-001321)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025

#### 4.3 37225 (12/INT-001357)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

### Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

#### 5.1 37706 (12/POPX-000059)

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

#### 5.2 37707 (12/POPX-000060)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025



## Punto 6. Preguntas ao Goberno

### 6.1 35112 (12/POP-005084)

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

### 6.2 35006 (12/POP-005052)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Valcárcel Armesto, Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

### 6.3 37117 (12/POP-005307)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

### 6.4 36432 (12/POP-005249)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Deza Martínez, María e oito deputados/as máis**

Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

### 6.5 35657 (12/POP-005156)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

### 6.6 35892 (12/POP-005180)

**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025



**6.7 37702 (12/PUP-000161)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ponte Carreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

**6.8 37705 (12/PUP-000162)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276f1, do 28.10.2025

**6.9 34827 (12/POP-005021)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis**

Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O presidente comunica a inasistencia da deputada Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 9.)*

**Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)**

*Intervención do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 9.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 10.)*

*Réplica do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 11.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)*

**Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública. (Punto quinto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 14.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)*

*Réplica da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 18.)*

### ***Alteración da orde do día***

*O presidente anuncia que se van producir unhas alteracións da orde do día. (Páx. 20.)*

**Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Ariadna Fernández González (BNG). (Páx. 20.)*

*Resposta da Xunta: conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez). (Páx. 23.)*

*Réplica da autora: Ariadna Fernández González (BNG). (Páx. 26.)*

*Réplica da Xunta: conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez). (Páx. 28.)*

**Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida. (Punto sexto da orde do día.)**



Intervención da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 29.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 30.)

Réplica da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 31.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 31.)

**Pregunta da deputada Montserrat Valcárcel Armesto e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 32.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 34.)

Réplica da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 35.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 36.)

**Interpelación da deputada Silvia Longueira Castro e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 37.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos)*. (Páx. 40.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 42.)

Replica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos)*. (Páx. 44.)

**Interpelación dos deputados Paulo Ríos Santomé e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Paulo Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 49.)

Replica do autor: *Paulo Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 54.)

**Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana e do deputado Carlos López Font, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Carlos López Font (S)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Carlos López Font (S)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 60.)

*O deputado Paulo Ríos Santomé (BNG) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76.1 do Regulamento, por considerar que no discurso do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes se manifestaron inexactitudes.* (Páx. 61.)



**Pregunta da deputada Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Cristina Sanz Arias (P)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Cristina Sanz Arias (P)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 65.)

**Pregunta da deputada María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 69.)

**Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (S)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (S)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 72.)

**Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 74.)

Réplica da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 76.)

**Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a situación do Centro de Saúde de Ponte Carreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial. (Punto sexto da orde do día.)**



Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 80.)

**Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 83.)

*Remata a sesión ás dúas e quince minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O PRESIDENTE:** Bo día. Iniciamos a sesión.

Desculpo a asistencia de dona Olalla Rodil no día de hoxe, que me acaba de comunicar.

Continuamos co punto 5º da orde do día, que é preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa pregunta de José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, presidente.

Señor Rueda, converteu o seu Goberno nun especialista nun xeito peculiar: un Goberno que se levanta das mesas de diálogo ou que nin acode a esas mesas de diálogo, onde se tratan intereses de España, pero tamén de Galicia. Ademais, faino apelando ao gran amor que ten polo noso país, por Galicia. Eu apelo a que non queira tanto Galicia, pero que a queira mellor. Porque verdadeiramente non está defendendo os intereses de Galicia, o que está é seguindo as instrucións —por certo, moi submisamente— do que lle marcan desde Madrid en diferentes campos. Nesa guerra obsesiva que ten Feijóo contra o Goberno de España e contra Pedro Sánchez vostedes, os presidentes das comunidades do Partido Popular, forman parte dese teatrillo —onde vostede aparece como un triste figurante— onde Galicia sempre perde, señor Rueda. Galicia perde en vivenda, perde en sanidade; gaña noutros campos: na débeda, aí si que gañamos. Porque, cando Feijóo lle dá as ordes de non aceptar a condonación da débeda que lle ofrece o Estado por 4.010 millóns, o que supón na práctica é que vostede lles rouba aos galegos e ás galegas 4.010 millóns; que non lle son cartos do PP, sonlle cartos de todos nós.

Cando vostede di «botémonos fóra do Plan nacional de vivenda», o que lle está dicindo é «non» á incorporación deses importantes ingresos que poden vir para facer máis vivenda pública. Non lles está dicindo «non» aos do Partido Popular; estalles dicindo «non» a milleiros de galegos e galegas, por exemplo aos 22.700 que están inscritos neste rexistro de vivenda pública.

Cando vostede torpedea, entorpece, dificulta a chegada dos menores migrantes ao noso país está indo contra un principio profundamente enraizado no noso país, na nosa sociedade, que é o da solidariedade; pero tamén o do acollemento, porque tristemente fomos un país de emigración.

Cando vostede di «non» a ampliar o reforzo a políticas como a do reforzo dos cribados de cancro de mama vostede estalle dicindo «non» e está introducindo o medo, a inseguridade



e a falta de confianza na sanidade pública. ¿Todo para que? Bueno, en principio, para tapar certos problemas que hai en comunidades como Andalucía ou en Madrid, porque supoño que en Galicia non teremos que ter ese medo.

Pero, en todo caso, vostede segue dicindo «non» e priorizando os intereses do PP cando vostede está en contra de sentarse a falar sobre un reto necesario no noso país como é a emerxencia climática —que xa ninguén nega—. Vostedes din que «non» á participación nesa mesa. Iso si, onte falaban de que o tema dos incendios, dúas figuras na loita contra a extinción e a prevención dos incendios, era un tema de pacto de estado. Agora si é un pacto de estado; cando falamos da emerxencia climática, non é un tema de estado.

Cando vostede di «non» a potenciar a nosa lingua, a defender a nosa lingua noutras institucións, noutras instancias —seguindo, por certo, os consellos e as instrucións tamén da ultradereita máis rancia de Europa e do noso país— vostede non lle di «non» á lingua do Partido Popular; dille «non» á lingua de todos os galegos e todas as galegas.

E cando fixeron o que fixeron para torpedear toda a chegada dos fondos europeos —que agora chegaron, afortunadamente— para modernizar a nosa sociedade —veremos o uso no tempo e no futuro inmediato deses fondos europeos— vostedes non lles din «non» aos cartos do Partido Popular; vostedes dinlles «non» aos cartos que deben chegar para modernizar os nosos servizos públicos e as nosas industrias e as nosas empresas.

A pregunta que lle fago é se realmente cre vostede que está priorizando os intereses de Galicia fronte aos do seu partido. Eu dígolle que non, que vostede prioriza os intereses do seu partido, as consignas do seu partido, fronte aos intereses de Galicia, que é o seu deber e a súa obrigaición. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Besteiro, entón, o resumo, ¿cal é? ¿Que só Sánchez defende Galicia e só nós empeñámonos en destruíla? ¿Ese é o resumo? Dubido que vostede crea iso. En todo caso, é vostede un provocador. O presidente do club de fans de Pedro Sánchez pregúntame que por que antepoño outros intereses aos intereses de Galicia. Vostede acaba de facer unha re-tahíla de supostos agravios, de supostas indignacións que, ao final, na miña opinión, o que está revelando é que, que máis lles dá, cando non ten nada que perder o que hai que facer é botarlle cara e facer este tipo de preguntas, tirar para adiante a ver se non se nota todo o que lle está facendo este Goberno a Galicia, que eu non vou parar de denunciar, señor Besteiro.



Mire, a prudencia aconsellaría non discutir de certos temas con quen sabe moito máis. Vostede nisto de poñer os intereses do partido por diante de calquera cousa é todo un campión. *(Aplausos.)* Polo tanto, sería moi difícil contrarrestalo. Aí vaime gañar sempre, pero eu vouno intentar. Mire, onte mesmo coñeciamos que o Goberno central vai promover un decreto que di exactamente o mesmo que dicía o decreto contra o que nos recorren, co seu aplauso, ante o Tribunal Constitucional hai tres semanas. ¿Quen entende iso, señor Besteiro? Eu creo que vostedes de tanto querer imitar o Bloque —que son os do «non»— din «non» ata ás cousas que lles parecen ben e que din que si. Imos pedir a retirada do recurso. Espero que vostede apoie esa petición e que nos deixen facer en Galicia o que o Goberno central quere facer en toda España, por unha vez, con bo criterio. *(Aplausos.)*

Mire, ¿quere saber cales son as miñas prioridades, os intereses que poño por enriba de calquera outra cousa? Incluíndo, por suposto, os intereses do meu propio partido ou de quen fose. Está nos orzamentos, eu recoméndolle a lectura. Mire, nos orzamentos está a previsión, a planificación, os obxectivos, os recursos para amplialos, o compromiso de facelo... Iso son os orzamentos. Comprendo que os orzamentos para os socialistas son como os evanxeos para un ateo; dálles igual, total, non valen para nada, non lles dan valor. Pero si que teñen moito valor, señor Besteiro, moitísimo valor. Mire, se lese os orzamentos con detemento —que ademais creo que é o momento de facelo agora que están no Parlamento— vería que os intereses de Galicia son: mirar ao futuro, facer previsións orzamentarias e intentar cumprilas, que esas prioridades coincidan coas prioridades dos galegos e, desde logo, respecto ao Goberno central, ser tratados como merecemos. Non estamos sendo tratados como merecemos, nin moitísimo menos, e eu non vou calar, nin vai calar o meu Goberno, nin vai calar este grupo nin van calar a maioría dos galegos.

Polo tanto, non espere de min que sexa cómplice de todas as cousas que se están facendo mal dende o Goberno central. Xa me gustaría poder dicir —téño dito moitas veces, algunha vez tiven ocasión, pouquísimas— que acertan; cando rectifican, normalmente, pero, polo menos, algunha vez acertan. Ogallá fose algunha cousa máis, pero non espere a miña complicidade. Complicidade xa ten dos seus socios do Goberno en moitos sitios, os que os apoian en Madrid. Se quere ser cómplice das falcatuadas que está facendo o Goberno central en Galicia, imite os seus compañeiros de bancada, aínda que me parece que leva imitándoos toda a lexislatura e así lle vai, sinceramente.

Moito grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Réplica, señor Gómez Besteiro.

**JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO:** Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Bueno, como sempre, non me contestou. Non me contestou por que non acepta a condonación da débeda, por que vai perpetrar ese roubo a todos os galegos e galegas de 4.010 millóns. Non me contestou cal é a súa posición nesa recepción de menores migrantes, non me contesta as cousas que se lle formulan e que se lle preguntan, sae polos cerros de Úbeda.



Mire, a súa posición hoxe é a que defende os intereses que lle marcan desde Madrid, e isto é unha evidencia. Por certo, cando o Partido Popular gobernaba en Madrid a súa posición era totalmente diferente. Falamos de autopistas, falamos do que queira falar vostede —de rescates bancarios, de amnistías fiscais...— e a súa posición, ¿cal era? ¿Cal era a posición que tiña Alfonso Rueda Valenzuela naqueles momentos? Cando Rajoy rescataba autoestradas en Madrid, cando rescataba autoestradas en Valencia, cando rescataba máis de nove autoestradas no noso territorio, ¿que era o que dicía Alfonso Rueda Valenzuela? Calaba a boca, caladiño, silencio, nin unha soa reivindicación. Eu non lle critico que faga reivindicacións, eu o que lle critico é que priorice os intereses do seu partido fronte aos intereses que son de todos os galegos e galegas. Iso é o que lle critico eu. A reivindicación non é un problema, non figura un problema para min; pero si o que debe priorizar na actuación do presidente da Xunta, que é o presidente de todos os galegos e galegas.

Cando se xestionan fondos europeos, cando vostede asume e abraza un proxecto doutra etapa, como era o proxecto é Altri, o defende e o suxire, nós ¿como actuamos? Nós actuamos paralizando ese proxecto e obstaculizándoo. Claro que si, porque non cremos nese proxecto. Facémolo incluso desde esta bancada da oposición, cando nós nos plantexamos cuestións reivindicativas do noso país, nós participamos e non as rexeitamos.

Cando nós falamos das autoestradas, ¿de que falamos? Da coherencia. Que, cando reivindicamos a gratuidade e o rescate para a AP-9, tamén o pedimos para as autoestradas que son titularidade dos nosos veciños. (*Aplausos.*) ¿Que coherencia é esa? Pedimos a gratuidade para a AP-9 —pola que temos que traballar e a que imos conseguir, péselle a quen lle pese— pero as galegas non; as autoestradas galegas non, que sigan padecendo os da Costa da Morte e os do Val Miñor unhas autoestradas, porque aí ven a coherencia. Por certo, a concesionaria é a mesma, pero nas actuacións do Estado son do 75 por cento para as bonificacións para a AP9 e para a AP53. ¿Aquí en Galicia que bonificacións temos para as nosas autoestradas? ¿Iso é coherencia? Iso non é coherencia, señor Rueda. Iso é incoherencia.

Cando non aceptamos unha condonación dunha débeda que beneficia todos os galegos e galegas. Porque aínda non se enterou de que a contestación que ten que responder vostede é: é mellor para Galicia que lle perdoen un terzo da débeda, ¿si ou non? Todo o mundo di que si, menos vostede, obsesivamente, porque fai seguimento do que lle marcan desde Madrid nesa guerra obsesiva que ten Feijóo contra o Goberno de España. Non siga nese camiño, renuncien a ese teatrillo que teñen montado todos os membros para taparse uns aos outros as súas vergonzas.

Antonte aplaudían a Mazón, agora xa non. Antonte falaban, en relación cos cribados de cancro de mama, para tapar as actuacións da Comunidade Autónoma de Andalucía e de Valencia. Gustaríame ademais trasladar esa seguridade tamén a milleiros de mulleres aquí en Galicia. A seguridade e a confianza, iso é ao que eu apelo para que vostede priorice...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO:** ...en favor de Galicia, e non seguindo as instrucións do que lle marcan directamente desde Madrid. Non é a súa batalla, non é a batalla de Galicia. E, por



tanto, o que lle pido é que asuma a súa responsabilidade e as súas obrigacións; reivindicando, pero sobre todo cumprindo con Galicia. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, claro que lle contestei. Ademais, é que me dixo o de sempre: é a retahíla, son os recadiños da Moncloa, que vostede pasa aquí como correa de transmisión. Insístolle —xa sei que non lle gusta—, como presidente do club de fans faino vostede moi ben; para a Moncloa, para os galegos xa se ve o ben que o fai cada vez que lles pide a confianza. Pero non vou discutir con vostede. Xa lle digo, é un campión en xustificar o inxustificable.

Por certo, non lle quixen dicir nada na primeira intervención. Vostede agora repetiuno na segunda. Home, neste momento, que dende o Partido Socialista falen de roubos —cos expertos que estamos vendo que teñen por aí— é moito atrevemento. ¡Moito atrevemento! *(Aplausos.)* Onte abstivéronse aquí nesta Cámara de reclamar outra vez que se respectase un acordo unánime do Parlamento para non molestar os seus señoritos da Moncloa. Pero, ¿que me vén contar aquí de antepoñer que intereses sobre os intereses de Galicia?

E mire, as autoestradas galegas son as máis baratas por quilómetro de toda España e, por suposto, teñen bonificacións. E voulle dicir unha cousa, mentres vostedes subían o IPC nos anos máis duros da crise, aquí estaba conxelado. Aí ten unha diferenza. Debería enterarse un pouquiño máis do que facemos en cada sitio. *(Aplausos.)*

Xa sei. Vostede presume de que paraliza proxectos industriais; construír non constrúe nada. Propositivo non é en absoluto, así está en nove deputados. Pero, bueno, farda de que consegue paralizar. De paso, paralizou toda a conexión eléctrica dunha provincia. Iso dálle exactamente igual, porque vostede cre que se apuntou non sei que trofeo e, o que lles pase aos cidadáns da provincia de Lugo, iso é exactamente igual. Xa lle digo que non quero gastar moitos esforzos en responderlle a cousas que son evidentiísimas —incluso para vostede, señor Besteiro— e indefendibles; é dicir, incluso para vostede. Vostede defende o que faga falta, o que lle manden. Se xa leva queimándose nese tema, imos para media lexislatura e dálle igual. Vostede saberá con que obxectivo. Pero dicía meu pai que o esforzo inútil produce melancolía e, polo tanto, produce melancolía intentar convencelo a vostede do que vostede xa sabe, é bastante inútil. Eu prefiro ser positivo.

E volve aos orzamentos —xa sei que non lles dá ningunha importancia—, que serven para demostrar que poño os intereses de Galicia —que é a miña obriga, e o que me recoñecen os galegos cando lles pido a confianza— por encima de calquera outra cousa. Xa lle dixen que a vostede ter orzamentos dálle igual, porque, como non nos poden ter na Moncloa, a consigna é que digan en todas as partes que non fai falta telos. Pero iso non é así, porque os orzamentos resoven problemas, e problemas grandes: o da vivenda, por exemplo. Todos



coincidimos —vostedes supoño que tamén— en que é o principal problema, seguramente —dende logo, entre os principais—, que temos que resolver dende as administracións. O sesenta por cento máis este ano nos orzamentos, catro veces máis do que dedicaban vostedes: 173 millóns de euros para moitas cousas.

Mire, dúas máis, por exemplo. Vostedes demonizan os promotores que constrúen vivenda baixo prezo social para poder vendelas. Nós imos facer todo o contrario, e imos subir o ano que vén de cinco a case quince millóns de euros o apoio para que os promotores poidan construír vivenda e vendela despois en prezo social. *(Aplausos.)* Igual que imos lanzar un programa de axudas para cubrir ata o 75 por cento da rehabilitación de vivendas para poñelas despois en alugueiro ou venda en pobos de menos de 5.000 habitantes en réxime de protección. Polo tanto, os orzamentos serven para todo iso, señor Besteiro, e eu vou seguir por aí. Vostede siga dicindo o que queira.

Acabamos de ver como España perdeu 9.000 millóns de euros e Galicia case mil no Pacto polo clima, simplemente porque vostedes, unha vez máis, non fixeron os deberes. Si, si, poña esa cara. É evidentísimo, señor Besteiro. Fale tamén —se é que falan con vostede— cos presidentes de comunidades autónomas socialistas, que están igual de indignados que estamos nós. Nove mil millóns de euros por estar a outras cousas. E todos sabemos as cousas ás que está agora mesmo o Goberno da Moncloa. *(Aplausos.)*

Seguiremos investindo en I+D+i: 405 millóns de euros. Destinaremos 15 millóns de euros a esas posibilidades que hai agora na industria da defensa —sobre todo en Lugo—; 261 millón de euros a infraestruturas sanitarias; 3.000 millóns de euros en educación; 800 millóns de euros de rebaixas fiscais; e así podería seguir moitísimo tempo. Isto é o que lles importa os galegos. Isto é o que nos exixen a nós como Goberno e a vostede supoño que lle interesaría que fiscalizasen isto como oposición. Pero vostede ten que estar aquí de recadeiro, ten que estar aquí de presidente do club de fans e, sinceramente, así lle vai.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señor Rueda.

Pregúntolle: ¿canto tivo que agardar vostede a última vez que pediu cita no centro de saúde? E fágolle esta pregunta porque, despois do seu recortazo de 1.650 millóns de euros en aten-



ción primaria, os galegos e as galegas teñen que esperar até 15 días para poder ter cita co seu médico ou coa súa médica. Esta é unha auténtica barbaridade que vostedes queren normalizar. É vostede, ademais, o campión das listas de espera: ten máis de 360.000 galegos e galegas agardando a poder ser atendidos. E isto nas listas que vostedes publican, que están manipuladas, porque realmente a cifra é moi superior. Ten, ademais, 11.000 nenos e nenas sen pediatra, ten as mulleres de Ourense parindo en condicións indignas e ten os centros de saúde precarizados con menos profesionais dos que se necesitan. E, aínda así, ano tras ano, incrementa os recursos que destina á sanidade privada, e vemos como cada ano temos que pagar o sobrecusto de 470 millóns de euros polo pelotazo do Hospital de Vigo. Señor Rueda, vostede leva dezaseis seis anos recortando e deteriorando a sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. ¡Isto é imperdoable, porque coa saúde da xente non se fai negocio! (Aplausos.)

Das consecuencias deses recortes e desa deterioración hoxe quero poñer o foco na saúde mental, que está nunha situación precaria, a pesar de que no noso país o 23 por cento das persoas ten problemas crónicos de saúde mental. Galiza está liderando o ránking de suicidios, os galegos e galegas consomen máis ansiolíticos e antidepressivos que a media do Estado. Estamos, concretamente, un 52,5 por riba da media, é unha auténtica barbaridade. Esta é a realidade, señor Rueda. Temos mozos e mozas que están angustiadas, que teñen problemas de trastornos da alimentación, que se autolesionan... Temos no noso país miles de cidadás que están angustiadas, que teñen problemas de insomnio, de ansiedade ou de depresión e a única axuda que teñen é unha caixa de pímulas. E, mentres tanto, vostede o único que lles ofrece é propaganda. Anunciou 83 millóns de euros dun plan de saúde mental que logo non cumpriu. Anunciounos un novo plan de saúde mental no inicio da lexislatura e seguimos esperando. Anunciou tamén que ía contratar catorce psicólogos para a atención primaria. ¿Onde están, señor Rueda? A realidade é que neste momento hai sete psicólogos para atender máis de catrocentos centros de saúde no noso país.

Señor Rueda, os galegos e as galegas merecen moito máis que a súa propaganda. Merecen unha sanidade pública que garanta a súa atención e que, desde logo, garanta a atención das persoas que teñen problemas de saúde mental. Eu déixolle aquí unha proposta: destinemos sete millóns de euros para contratar cen psicólogos en atención primaria. Pídlle, señor Rueda, que rectifique. Pídlle menos propaganda e máis sanidade pública. (Aplausos prolongados.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Alégrome de que falemos de sanidade. Hoxe toca sanidade e está moi ben falar deste tema. Voulle facer unha reflexión inicial. Por suposto, imos falar de sanidade, que xa sei que non



lle vai gustar e vaise alporizar, como fai sempre. Supoño que ao principio da súa segunda quenda me dirá o de sempre. Pero, mire, unha demostración máis do bravos que son aquí e do mansiños que son en Madrid. Hoxe vén preguntar pola sanidade, e supoño que todo isto irá *in crescendo* e ao mellor acaba nunha manifestación, que son as ordes que teñen agora: tensionar. Os xefes do Bloque é o que lles mandaron —tamén a vostede—, que, como boa soldada, cumprirá. Pero fanme graza as preguntas, e respéctoa, por suposto; está no seu dereito, e eu a contestalas. Pero, vendo o outro día o Bloque en Madrid, todo o que está pasando co presidente do Goberno, con todas as imputacións, con todos os escándalos, con todas as cousas que había que preguntarlle, vostedes caladiños dicindo que non vale a pena nin ir para preguntar nada, que todos son excesos xudiciais. E demostrando unha vez máis, señora Pontón —e que peniña—: tan bravos aquí e tan mansos en Madrid. (*Aplausos.*)

E, se quere, falamos de sanidade, por suposto. Mire, supoño que sabe vostede que os orzamentos —porque, se non, recoméndolle que os lea, a mesma recomendación que lle fago ao señor Besteiro; creo que é o que habería que facer, vamos, non estou na oposición, pero supoño que é o primeiro labor e máis nestes momentos— medran un 8 por cento, 37 millóns de euros; moito máis. A partida que máis se incrementa nos orzamentos da Consellería de Sanidade é a partida dedicada á saúde mental. E o ano que vén van empezar a traballar 21 psicólogos clínicos, e iremos cada ano traballando na Primaria. E supoño que vostede o sabe; e, se non o sabe, xa llo estou contando eu agora. Xa sei que non lle vai dar ningún valor e sempre vai dicir que todo é pouco. E estou de acordo, todo é pouco, e por iso temos que seguir. O ano que vén aprobaremos o Plan de saúde mental.

Pero imos falar con cifras realistas, señora Pontón. Mire, Galicia é a cuarta comunidade autónoma con mellores cifras nas listas de espera, por moito que a vostede lle amole, que xa lle gustaría que non fose así para poder dicir cousas, pero poder dicilas certeiraamente. O 66 por cento das citas de Primaria son dadas no primeiros catro días, moitas no primeiro e segundo. ¿Que hai que mellorar? Por suposto. Pero estas son as cifras, señora Pontón.

Mire, ¿de que sanidade estamos falando? Xa sei, xa sabemos o que opinan vostedes: «a sanidade pública terciomundista, propia de países africanos subdesenvolvidos, os xestores son uns psicópatas...» Todo iso dixérono vostedes, esa é a sanidade que vostedes pintan. Eu reivindico outra sanidade, como a maioría dos galegos. ¿Que ten que mellorar? Por suposto. Pero que agora mesmo é motivo de orgullo, a mellor sanidade de España e unha das mellores de Europa, señora Pontón, por moito que vostedes intenten dicir o contrario. (*Aplausos.*) Son 5.671 millóns de euros, récord absoluto. Nunca se dedicaron tantos cartos nos orzamentos da Xunta de Galicia á sanidade, o catro por cento de incremento, o dobre que os orzamentos, en xeral, da Xunta de Galicia. ¿É dabondo? Non. ¿É o camiño axeitado? Por suposto. O trinta por cento máis de persoal do que había cando gobernaban vostedes. Ao mellor agora dime que é que as necesidades sanitarias nesa época xustificaban un 30 por cento menos de persoal.

Xa lle dicía, a cuarta comunidade autónoma con mellores *ratios* en listas de espera, líderes en vacinación, líderes en cribados, líderes en técnicas avanzadas contra o cancro... Seguimos construíndo e rehabilitando hospitais, grandes obras en hospitais, grandes remodelacións ou directamente hospitais novos; cento trinta centros de saúde ou construídos ou rehabilitados en profundidade.



Señora Pontón, vostede fala de rescate da sanidade. Se algunha vez houberse que rescatar a sanidade pública sería de vostedes mesmos. Afortunadamente, os galegos son listos e cada vez que lles preguntamos quen queren que dirixa a sanidade, sempre din, con moitísima diferenza, que nós e nunca vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Pontón.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, xa volve vostede aquí demostrar canto lle preocupan e lle ocupan os problemas de saúde mental. Vostede creo que ten un horizonte moi claro que vemos sesión de control tras sesión de control: quere converter esta Cámara nunha lameira. Eu xa llo digo: vai estar vostede só chapoteando na súa lama, porque o BNG está aquí para falar dos problemas e, sobre todo, das solucións que necesita a xente, que ten problemas gravísimos, problemas gravísimos que atender. (*Aplausos.*)

E, de verdade, ¿pero vostede ten a cara dura de ser do Partido Popular e vir dar leccións de loita contra a corrupción? (*Murmurios.*) Pero, señor Rueda, ¿se cando Pablo Crespo repartía sobres en B e ían ás eleccións dopados con diñeiro negro, vostede xa estaba no aparato do Partido Popular! (*Aplausos.*)

Di aquí, e repite, que temos máis recursos e máis medios que nunca para a sanidade. Señor Rueda, se temos máis recursos que nunca para a sanidade, ¿por que temos lista de espera para ir ao médico ou médica de cabeceira? Se temos máis recursos que nunca para a sanidade, ¿por que medran as listas de espera? Se temos máis recursos para a sanidade, ¿por que, señor Rueda, temos menos persoal do que necesitamos para poder atender as necesidades en materia de saúde mental? ¿A quen pretende enganar, señor Rueda? ¿A quen pretende enganar? Os galegos e galegas saben perfectamente os problemas que hai para a atención á saúde e, particularmente, para a atención á saúde mental.

A realidade é que vostedes non teñen ningunha credibilidade. Hoxe, señor Rueda, anúncianos que van contratar 21 psicólogos en atención primaria. Pero é que non sei se lembra que vostede mesmo neste Parlamento, en maio deste ano, xa nos anunciara que ían contratar inmediatamente 14 psicólogos para os centros de saúde. E eu preguntolle: ¿onde están eses psicólogos e psicólogas, señor Rueda? ¿Onde están? (*Aplausos.*) E o balance que vostede pode facer nesta materia xa llo fixo o Consello de Contas.

Mire, eu déixolle tres propostas moi claras, porque cando temos un país que encabeza o ránking de suicidios, cando estamos encabezando o consumo de psicofármacos, os galegos e galegas necesitan solucións e non a súa propaganda. A súa propaganda onde fan anuncios que logo nunca se cumpren e onde nos anuncian como gran mérito que van contratar 541 profesionais, cando no ano 1997 un estudo da Xunta xa dicía que a aquela altura facían falta 1.500 profesionais para atender os problemas de saúde mental, que evidentemente hoxe son moitos máis que hai trinta anos. Por iso nós, señor Rueda, fa-



cémoslle propostas e vostede pode frivolizar ou pode aceptar as propostas que lle poñemos sobre a mesa.

En primeiro lugar, contratar cen psicólogos e psicólogas para a atención primaria. Son sete millóns de euros que podemos pactar nos orzamentos. Poñer unidades de atención infantoxuvenil en todas as áreas sanitarias, que hai un problema gravísimo na atención a estes nenos e nenas e adolescentes. Ou realmente destinar plans e medios para poder previr o suicidio no noso país.

Señor Rueda, vostede pode seguir querer convertendo este Parlamento nunha lameira ou pode vir aquí ofrecerlles solucións aos galegos e ás galegas, que merecen unha sanidade pública que os atenda. E a realidade é que hoxe ou tes cartos ou a sanidade pública...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** ...non che garante a atención en saúde mental. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, é que non pode vostede evitalo. Empeza a segunda quenda dicindo «non vou caer nunha lameira» e, acto seguido, acúsanos de corrupción, empeza a falar da corrupción durante a metade da pregunta... É que non se dá conta nin vostede. Eu recoméndolle que vexa o vídeo despois, recoméndolle que vexa o vídeo. *(Aplausos.)*

E ademais, ¡que máis dá! Acusar os responsables da consellería de ser un grupo de psicópatas e non rectificar, iso non é lameira; iso é elegancia do Bloque que todos debemos admitir e admirar. ¿Danse conta como son vostedes, señora Pontón? Esas son as súas tácticas.

¿Quere falar de rescate da sanidade, como enuncia na súa pregunta? Ben, podemos falar de datos. Mire, nos catro anos nos que os galegos lles deron a oportunidade de xestionar a sanidade, entre outras cousas —e, vendo o que facían, enseguida lles retiraron a confianza—: 47 por cento de incremento nos concertos coa medicina privada; 47 por cento en catro anos. ¿Sabe canto o incrementamos dende o ano 2009 ata o de agora? Un 3 por cento. ¿De que rescate me está falando, señora Pontón? *(Aplausos.)*

Eu xa non lle digo as críticas vergonzantes que lle dedica a unha fundación que está colocando a Galicia coas súas axudas, coas súas aportacións, nunha posición punteira dende o punto de vista da oncoloxía. Si, si, sabe perfectamente de que fundación falo. A que vostede visitou e recibiu unha broca dos que mandan de verdade no seu partido. Si, si.

Sabe vostede, señora Pontón, que nos catro anos que vostedes tiveron responsabilidades de goberno eramos a sexta comunidade autónoma con máis seguros privados e agora somos a



quinta onde máis persoas confían no sistema público. ¿Dáse conta do cambio? ¿Quen favorecería o sector privado e que non?

¿Sabe vostede, señora Pontón, que a cirurxía robótica presente en todas as áreas sanitarias permitiu facer xa 12.000 intervencións? E queremos seguir mercando aparatos e facendo de intervencións. ¿Sabe que o sistema de vías rápidas permitiu atender xa 350.000 doentes? ¿Sabe que somos pioneiros, por exemplo, nas farmacias rurais, para evitar que un servizo fundamental nesas zonas, un servizo sanitario, peche e para conseguir que sigan funcionando? ¿Sabe que no ano que vén investiremos 220 millóns de euros en reformas nos hospitais e 50 millóns en aparellos médicos de última tecnoloxía? ¿Sabe que o ano que vén haberá 163 novos profesionais para reforzar os centros de saúde e os PAC? Claro que o sabe, pero iso non o di.

Por certo, dicíame que me comprometín a catorce psicólogos clínicos. Pois mire, sete máis, vinte e un. Eses son os compromisos que nós cumprimos. (*Aplausos.*) Si, si. E seguiremos. Si, si, señora Pontón, por suposto que seguiremos. (*Aplausos.*) É que para iso serven os orzamentos: para programar, ter recursos, cumprir e seguir cumprindo e programando. Para iso serven uns orzamentos, señora Pontón.

¿Sabe vostede que imos adicar 1.747 millóns de euros á medicina primaria, máis que nunca? ¿Sabe que o ano que vén imos aprobar, efectivamente, como lle dicía —iso non lle mereceu ningún comentario—, un novo plan de saúde mental que recollerá esas contratacións e moitas máis? Porque, efectivamente, é un problema ao que hai que facerlle fronte sen ningunha dúbida. ¿Sabe que todas as cirurxías de prioridade 1 se realizan en menos de tres semanas? Dezaoto días é a cifra exacta. E, como lle dicía, dúas terceiras partes dos médicos de familia atenden antes de catro días, moitos no primeiro e, como moito, no segundo día. ¿Sabe que? Que todo iso o sabe —valla a redundancia— e lle dá exactamente igual.

Mire, eu nunca neguei, e volvo dicilo, que a sanidade ten que seguir mellorando. Nunca neguei, e volvo dicilo, que aínda que batamos récords de consignación orzamentaria, nunca vai ser dabondo. Nunca neguei, e volvo dicilo, que temos que seguir buscando profesionais, porque seguen sendo necesarios. Iso si, as súas fórmulas máxicas de 25 anos dende a oposición dando leccións e nunca xestionando nada público permítenlle dicir que se non contratamos máis médicos é porque non nos dá a gana, porque andan por aí médicos por todas partes desexando que os contratemos e nós rexeitámoslos porque o que nos gusta é que vostede nos critique cada dúas semanas nas preguntas orais.

Mire, todas esas solucións máxicas son de xente que leva moitos anos na oposición, demasiados. E xa non o pensou eu, ao mellor tamén o pensan aí en fronte. E, polo tanto, se quere ser construtiva na sanidade, eu estou disposto a escoitala. Estamos dispostos a escoitala porque nos xogamos moito e porque investimos moitos cartos. Se quere seguir facendo consignas...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela):** ...sendo irreflexiva e irrealista seguirá vostede sentada aí —ía dicir durante moito tempo— o tempo que lle deixen; e non eu, precisamente.



Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día.

### ***Alteración da orde do día***

**O PRESIDENTE:** Neste caso hai unhas alteracións que xa foron comunicadas. Substanciamos agora a seguinte interpelación.

**Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia**

**O PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ariadna Fernández.

Espera un pouco que estea isto máis tranquilo.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Hai gana do café, parece, ¿non?

**O PRESIDENTE:** Hai para todos.

¿Hai para todos? Bueno, levántanse máis os da dereita que os da esquerda. (*Murmurios.*)

Mire, señor Rueda...,

**O PRESIDENTE:** É igual, é para todos. (*Murmurios.*) Vaia á interpelación.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** ...nós non os acusamos de corrupción. ¡É que resulta que están condenados por corrupción! É o que pasa. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Hai bastante dife-  
renza.

Mire, conselleira.

Bos días, señorías.

Conselleira, voulle contar unha reflexión. Non sei se sabe vostede quen é Margaret Mead. Se non o sabe, dígollo eu. Era unha antropóloga que morreu nos anos setenta e que situaba como sinal inequívoco de civilización un oso roto, un fémur roto, e un fémur desa mesma persoa curado hai miles de anos nuns restos atopados. Os coidados, polo tanto, sempre estiveron no centro da sociedade. Non hai vida humana sen haber coidados. Demostrouse incluso en Atapuerca, onde unha nena morreu con dez anos; sobreviviu ata os dez anos malia ter unha grave incapacidade, unha grave discapacidade psicomotriz. Hai 500.000 anos tiñan claro que coidar as persoas era importante, e parece que o tiñan bastante máis claro que vostede no 2025. É un mal momento para precisar coidados en Galiza, señora conselleira,



sexa cal sexa a súa idade, sexan maiores ou sexan nenos, sexa cal sexa a súa cor de pel ou sexa cal sexa a necesidade das persoas.

E a primeira eiva do sistema de coidados é a súa percepción sobre este, que o considera un gasto e non un investimento. Non son horas de precisar unha residencia, non son horas de precisar un centro de día, non son horas de precisar o Servizo de Axuda no Fogar, non son horas tampouco en Galiza de precisar do sistema de protección de menores. Tampouco son horas de ter unha discapacidade e precisar de axuda nin de querer ter unha praza de escola infantil para o teu bebé, para a túa crianza, para poder continuar traballando e pagando facturas. Non son horas aquí, señora conselleira. Se precisas algún destes recursos, pois mala sorte. Para o PP non son horas, sentímolo moito; nin aquí nin tampouco en Madrid. Mala época para ser vulnerables, mala época para querer que se cumpran os teus dereitos, señora conselleira.

Tampouco son horas para ser quen coida. Tampouco é o momento. Non ten vostede nin un só segundo na súa axenda para atender os traballadores e as traballadoras; tampouco para atender quen levanta os nosos maiores, para atender quen lles cambia os cueiros, para quen ensina os nosos nenos e as nosas nenas a levar a culler á boca...

Tampouco ten vostede cando recibir aqueles que axudan as familias con discapacidade e as persoas con discapacidade a camiñar cara a adiante na súa vida. Está demasiado ocupada para sentarse escoitar aqueles que deciden sobre a vida dos nenos, nenas e adolescentes do noso sistema de protección e ás familias que resultan afectadas polas súas decisións. Non é o momento para poder pararse traballar con eles, polo que parece. Mala hora en Galiza para coidar, mala hora para ser coidado.

É evidente que vostede pasa absolutamente de quen precisa axuda e do seu sistema de coidados e que o mantén nunhas condicións precarias para quen o sofre —porque digo quen o «sofre»— e para quen traballa para el. Son 5.000 traballadores e traballadoras de máis de cincocentos centros que mañá ás doce van tratar de que vostede os escoite en San Caetano. Van tratar de que os escoite dende fóra, porque evidentemente dentro non os vai deixar entrar.

Están compensando esas persoas ás que vostede ignora a súa incompetencia á fronte da Consellería de Política Social. Están levando ao lombo o traballo que vostede debera facer e, mentres, vostede segue cos seus tres puntos clave: a externalización crónica, a falla de planificación absoluta en calquera dos casos que acabamos de nomear e a falta de investimento. Describía moi ben a situación esta semana en prensa o Colexio de Traballo Social, que dicía que esta era «a Consellería dos mil incendios».

Mire, mañá terá diante de San Caetano ás traballadoras e traballadores das escolas infantís privadas, que teñen unhas condicións de traballo precarias, que son mulleres que teñen distintos soldos a pesar de traballar no mesmo, de ter o mesmo labor, de ter un labor educativo e asistencial —non só asistencial— e que traballan en entidades e en empresas que financiamos —financia vostede— cos cartos de todos e todas. Polo tanto, eu creo que debera preocuparse polas súas condicións. Considéranse infravaloradas, consideran que o traballo



está feminizado —e, polo tanto, son mulleres infravaloradas— e en moitos casos teñen que ter dous empregos para vivir. Igual vostede non é coñecedora porque non as recibiu. Nós abrímoslles porta unhas cantas veces durante este ano. Son traballadoras que sofren *ratios* de hai vinte anos. Eu non sei se vostede, conselleira, é capaz de atender asistencialmente e educativamente vinte crianzas de entre dous e tres anos na mesma aula. Eu non, non sei se vostede si. Iso é o que lles está pedindo a esas mulleres e a eses homes das escolas infantís.

Non trata vostede mellor tampouco —que tampouco se dean por máis ofendidos que os outros— as traballadoras das escolas infantís públicas. Non se crean. Vostede en deostar os servizos públicos é experta, igual que todo o seu Goberno.

E terá tamén alí, diante de San Caetano, os traballadores e traballadoras de entidades que atenden persoas con discapacidade, unhas entidades que someteu a unha asfixia financeira tal que estiveron a punto de caer na insolvencia e cuxos centros estiveron a punto de pechar. E isto non só o denuncian os traballadores e as traballadoras, as súas condicións precarias; isto denuncia incluso a patronal. Fixo falta que ameazasen con manifestarse para que vostede tomase en conta o que lles estaban dicindo. Fixo falta que se manifestasen. Logo despois non queren pancartas pero é que, se non é con pancartas, vostedes non entenden nada do que se lles está dicindo. Non sei se rirán tanto mañá os que estean diante de San Caetano, señora conselleira.

E non son nin sequera capaces vostedes de crear unha regulación propia para estes centros, unha normativa específica para eles, porque evidentemente non queren. Vostedes saben perfectamente cales son as súas condicións, cales son as súas *ratios* e que iso é insostible; que traballan con servizos mínimos, cunha dificultade xeral para atopar traballadores e traballadoras porque non hai quen queira traballar alí. Pero vostedes non parecen estar interesados e interesadas.

E terán tamén alí, a maiores, traballadores e traballadoras do sistema de protección de menores. É lóxico, por outra banda, entendo que non queira falar con eles e con elas porque fai falta valor —moito— para saír e dar a cara despois de maltratar, infrafinanciar, infradotar de recursos humanos e económicos un sistema ata tal punto. As equipas de menores atenden máis de oitenta expedientes cada unha. ¿Non sei se vostede ten esa capacidade de traballo, señora conselleira? Esas equipas teñen que tomar decisións importantes sobre as vidas dos nenos, das nenas e das familias que chegan ao noso sistema de protección, cando teñen tempo de tomarlas. Teñen que reflexionalo e para iso fai falta tempo, porque elas son responsables co seu traballo.

Eses nenos e esas nenas do sistema de protección están en risco ata que entran nel. Son nenos e nenas en situacións que a ninguén de nós nos gustaría vivir. E hai os mesmos recursos para eles que hai vinte anos, e diso é vostede responsable, señora conselleira. Dío o colexio Oficial de Traballo Social; ao que tampouco recibiu, por certo, que tampouco se dea por ofendido, porque é o *modus operandi* habitual.

Ten o persoal que traballa nos centros residenciais de menores cunhas *ratios*, cun decreto, de hai vinte anos. Ten salarios conxelados dende hai doce anos en moitos casos, sen esta-



bilidade ningunha e sen cumprir os salarios mínimos. E, cando piden traballadores, non hai quen se presente. Non sei se vostede é capaz de imaxinarse por que. ¿Presentaríase vostede para traballar nos centros residenciais de menores dos que vostede é responsable? Non o creo, señora conselleira.

Teñen unha carga mental e de traballo insoportable e inasumible. Cobran unhas nocturnidades ridículas, complementos por perigosidade única e exclusivamente nos centros de cumprimento de medidas, e a verdade é que o resumo é que ten o sistema rebentado; míreo por onde o mire calquera, sexa do Bloque Nacionalista Galego ou sexa do Partido Popular. O sistema está rebentado. E, para iso, para explicar como rebentou o sistema durante todos estes anos, a idea —atentos, supoño que veu de Génova, non era moi boa—: acusar nenos e nenas que están en Canarias e que aínda non chegaron ao noso sistema de protección de rebentalo. Chamarlle «trágala», chamarlle «avalancha» e todas esas cousas que o Foro Galego da Inmigración dixo que eran racistas e que saíron da súa boca. *(Aplausos.)*

Porque, vostedes, unha das súas solucións para o sistema de menores que teñen rebentado é alimentar o racismo. Padas de comida ao monstro do racismo. Pero é que os galegos e as galegas non somos así; non convenceron as escusas, señora conselleira. Miren, nós non somos así —como o Partido Popular— nin aquí nin en Madrid. E, mire, vaian rezando, porque está moi estendida a idea do seu líder do Partido Popular de que vai diferenciar entre emigrantes bos e malos cun test de españolidade.

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Remato agora mesmo, señor presidente. Vaian rezando para que non haxa test de boa conselleira —porque non sei como lle irá— e vaian rezando para que non haxa test de galeguidade no Padornelo, porque, se non, o seu líder, o señor Feixóo, vaino ter complicado para entrar.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** A pregunta é: van escoitar eses traballadores, ¿si ou non?

**O PRESIDENTE:** Remate, grazas.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Hoxe pola mañá vina soa e creo que, efectivamente, está quedando soa, señora conselleira. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.



Señora Fernández, a Xunta de Galicia sempre respecta e sempre respectará o dereito á manifestación e o dereito á folga. Pero, mire, como non podería ser doutro xeito, amosa tamén sempre a súa total disposición a colaborar no diálogo social. Un diálogo social que pode, e tamén que debe, xogar un papel fundamental na consecución das melloras que busca todo este persoal. Pero, mire, con todo o que acabo de escoitar, todo o que acaba de dicir hoxe vostede, eu quero lembrarlle unha vez máis, señora deputada, que os convenios colectivos son un acordo entre patronal e sindicatos; non co executivo autonómico, como vostede di, señora Fernández. Mire, eu tamén lle lembro hoxe que o Estatuto dos Traballadores establece que a negociación colectiva se desenvolve entre os representantes do persoal e dos empresarios. Polo tanto, o Goberno galego non é que non queira. É que o Goberno galego nin pode nin debe inmiscirse no posible diálogo entre ambas as partes.

Mire, o que si fará o Goberno galego é respectar sempre os acordos aos que cheguen os traballadores e as distintas empresas. E, para calquera consulta técnica, os traballadores saben moi ben que teñen á súa disposición o Consello Galego de Relacións Laborais, que, como sabe, está adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Pero, ademais, a Xunta de Galicia vela en todo momento por que a atención de todas as persoas usuarias non se vexa nunca afectada pola folga, ao mesmo tempo que asegura o cumprimento dos servizos mínimos. Polo tanto, dentro das competencias do Goberno galego, eu pouco máis lle podo aclarar hoxe, señora deputada, neste sentido.

Mire, se vostede me preguntase realmente polo Servizo de Protección de Menores, eu diríalle que é un dos máis integradores de Galicia, que lles ofrece unha atención personalizada, unha acollida integral á infancia máis vulnerable da nosa comunidade. Por iso, nos orzamentos do ano 2026 reservamos 71,1 millóns de euros para reforzar sempre esta rede de coidados e esta rede de recursos.

Se vostede, señora deputada, me preguntase hoxe pola gratuidade das escolas infantís, eu diríalle que é unha medida pioneira que puxo en marcha Galicia, que están intentando copiar outras moitas comunidades autónomas a nivel nacional. É unha medida que nos permite ser líderes e acadar uns 65 por cento de escolarización nestes momentos. *(Aplausos.)* Unha medida, por certo, que aporta, todo con fondos propios, a Xunta de Galicia e todos os galegos, investindo cada ano máis de 68 millóns de euros e o Goberno que vostedes apoian do señor Pedro Sánchez, cero euros para a gratuidade da educación infantil.

Mire, se vostede me preguntase hoxe pola atención ás persoas con discapacidade, eu diríalle que na Xunta de Galicia é unha prioridade sempre continuar atendendo todas as persoas con discapacidade. Iso demostrase nos orzamentos, señora deputada. Uns orzamentos nos que medra un 8,6 por cento a partida destinada ás persoas con discapacidade ata chegar aos 191 millóns de euros, para seguir garantindo precisamente ese servizo que prestan as entidades sociais da nosa comunidade, pero tamén para continuar mellorando as condicións de todos os traballadores e para poder asumir, por suposto, o incremento dese novo convenio colectivo, que, como vostede sabe, foi aprobado e publicado no mes de abril.

E, aínda que vostede non me pregunta, eu quero aproveitar hoxe para poñer en valor o imprescindible labor que realizan todos estes profesionais, que traballan día a día nos ámbitos



máis vulnerables da sociedade, todos estes profesionais que axudan a ofrecer a mellor calidade e a mellor garantía duns servizos que son esenciais; sexan da titularidade que sexan, señora deputada, os centros nos que desenvolven o seu traballo diario.

Pero, mire, con todo, como vostede ben sabe, estes tres sectores contan con convenios colectivos estatais moi recentes, que foron aprobados e autorizados polo Ministerio de Traballo. Mire, eu voulle dar datas hoxe: o de centros de asistencia e educación infantil, asinado pola UGT, pola USO, por CSIF e que foi publicado no *Boletín Oficial do Estado* en xuño deste ano; o convenio de reforma xuvenil e protección de menores, asinado por Comisións Obreiras e que terá vixencia a partir do un de xaneiro do ano 2026; o de centros e servizos de atención á discapacidade, asinado por Comisións Obreiras e UGT, que entrou en vigor en abril deste ano. Mire, señora deputada, eu entendo que vostede non estará dicindo hoxe nesta Cámara que o Ministerio de Traballo está autorizando convenios ilegais, ¿non? Ou que a ministra Yolanda Díaz fomenta a precariedade laboral, ¿non? Non estará dicindo tampouco vostede que as outras centrais sindicais que non son as do Bloque Nacionalista Galego aproban convenios ilegais, ¿non? Eu entendo que non é o que vostede está insinuando hoxe nesta Cámara, señora deputada.

Mire, como lle dicía, o que hai por parte da Xunta de Galicia é o máximo respecto a todas as reivindicacións laborais e salariais. Pero, con todo, unha vez máis, lamento que as protestas dun só sindicato se vexan opacadas por bandeiras independentistas e por consignas políticas permanentes. É público e notorio que a CIG e o Bloque Nacionalista Galego buscan sempre unha Galicia en permanente conflito, seguindo ao pé da letra as indicacións que marcan os coroneis da UPG.

Pero, non obstante, é unha mágoa que ata agora non os escoitei en ningún momento, nin en ningunha rúa nin en ningún acto de Galicia, protestar pola falta de financiamento por parte do Goberno central para esa gratuidade nas escolas infantís; que é unha medida, como digo, á que o Goberno aporta a cero euros. Tampouco protestan en ningún momento pola imposición da acollida, sen ningún tipo de financiamento, o de 317 menores estranxeiros non acompañados; cero menores para Cataluña e para o País Vasco. Tampouco os escoitei nunca protestar polo incumprimento sistemático en Galicia co financiamento da dependencia. Unha débeda que o Goberno central xa acumula en 2.900 millóns de euros para o ano 2026. Para todo iso non din nada ao Bloque Nacionalista Galego, nin os sindicatos, nin a CIG. (*Protestas.*) ¡Que curioso, señora Fernández! (*Aplausos.*) ¡Que curioso! (*Aplausos.*)

E volve vostede unha vez máis cos seus mantras das supostas privatizacións, unhas privatizacións que, cando as fai o Bloque Nacionalista Galego ou concellos nos que vostedes co-gobernan ou apoian, se converten basicamente sempre en externalizacións. ¿Ou privatiza servizos a señora Gorette Sanmartín nas escolas infantís de Santiago de Compostela? ¿Ou privatiza servizos o Concello de Lugo, onde precisamente a Concellaría de Educación a leva o Bloque Nacionalista Galego? ¿Privatizan? ¿Privatizan eles servizos? ¿Ou privatiza servizos e residencias a Deputación de Lugo, que vostedes apoian? ¿Ou o seu alcalde de Mazaricos, construíndo unha nova privada? ¿Eles non privatizan, señora Fernández?

Eu apoio a súa aparente defensa de todos estes sectores e dos seus traballadores. Pero o que nunca entenderéi e o que nunca compartirei con vostede é que vostedes non condenen o



machismo do seu sindicato. O que non entendo é que todos vostedes calen e pasen por alto actitudes que rozan o acoso e a intimidación. E eu o que nunca entendo nin entenderei, en resumo, é que vostedes digan que vostedes defenden Galicia con base na confrontación, na axitación, nos berros e nas pancartas. Esa nunca será a miña de defensa de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Ariadna Fernández.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Grazas, presidente.

Evidentemente, ten que haber acordos entre a patronal e os sindicatos. A patronal é importante neste momento porque vostede non ten prazas públicas de nada responsabilidade da Xunta dispoñibles. Entón, temos que tirar pola externalización; que vostede mesma nega, pero agora acúsanos a nós de externalizar. Pero imos ver, señora conselleira, ¿como pretende vostede que un concello coma Dozón, que ten menos de 1.000 habitantes, xestione unha residencia de maiores el mesmo? ¿Se vostede non a dá xestionado! Se vostede o que está facendo é escorrer o vulto para que o aguanten concellos pequenos, igual que o fai coas escolas infantís. (*Aplausos.*) Non as queren porque non as dan xestionado, porque son concellos. (*Aplausos.*) ¿Pretende vostede que os concellos xestionen algo que non dá xestionado vostede mesma? ¡Home, por favor!

Logo, dicía vostede o da gratuidade das escolas infantís. E ten que haber escolas infantís privadas que dean o servizo, porque non temos prazas públicas abundas.

E logo outra cousa que me di vostede é que «se vostede me preguntase...» Home, se vostede me preguntase polo que eu lle quero contestar, contestáballo o que me parecería. (*Aplausos.*) Pero estoulle preguntando polos problemas que teñen os traballadores e as traballadoras que van mañá a San Caetano. (*Aplausos.*) Eu non vou vir cunha pancarta nin cunha bandeira mañá a San Caetano; van traballadores e traballadoras dos seus servizos, dos servizos que todos e todas financiamos.

O outro día na prensa saía a unha declaración bastante acertada —digamos— e dicía: «falta alguén ao mando e aparecen alertas por todos os lados» —falando da súa consellería—. Iso dicíase por parte do Colexio Oficial de Traballo Social. O problema é que vostede non ten sitio nin para os maiores, nin para os bebés, nin para as persoas con discapacidade, nin para os nenos negros, nin para os nenos brancos nin para ninguén. Vostede non ten sitio para ninguén que precise ser coidado, é a realidade. E, se non, mañá saía á porta de San Caetano e escoite o que lle queren dicir. É vostede a responsable absoluta, igual que o presidente da Xunta, de que este sistema leve en decadencia anos. Vostede é a responsable. As traballadoras das equipas técnicas do menor enviáronlle unha carta de once páxinas —¡once!— e dicían que non teñen recursos humanos, que non se lles recoñecen as categorías laborais acordos coas súas responsabilidades, que teñen as mesmas condicións desde hai vinte anos, que non teñen as súas funcións claramente asignadas... E isto inflúe nas familias dos nenos e nenas



do sistema de protección. As medidas non se suspenden cando se debe porque non se dá feito o seguimento. Os nenos non entran no sistema porque está colapsada a porta de entrada do sistema. Teñen unha carga mental insoportable. E iso dixo dinllo na carta. Home, eu non sei, non as reciba se non quere, pero lea o que lle mandan, polo menos, para enterarse do que pasa, porque a ver se aquí vou estar eu inventando todos estes problemas.

Logo, presiónanas para que aporten datos para estatísticas —que, por certo, logo despois deben gardar nun caixón, porque non as fan públicas— e presiónanas ameazándoas con que se non fan traballo administrativo haberá nenos e nenas que queden sen recursos do sistema de protección. ¿Pero a vostedes iso parécelle normal, señora conselleira? Porque iso é unha auténtica vergonza.

Mire, os traballadores dos centros de protección de medidas terapéuticas e de medidas cautelares están reguladas por un decreto de hai vinte anos. ¿Vostede cre que hai dereito a que unha traballadora sexa despedida porque mentres estaba arrolando un rapaz, un bebé de dez meses, un neno dos outros seis adolescentes que tiña que atender —un neno de dez meses e outros seis adolescentes— violou presuntamente unha compañeira? ¿Vostede cre que hai dereito de ter a unha traballadora así, señora conselleira? Non llo desexo a ninguén, tampouco a vostede. (*Aplausos.*) ¿Como vai atender un traballador en horario de noite 25 nenos e nenas nunha residencia? ¿Como vai garantir unha atención adecuada un educador a oito nenos e nenas en horario de día?

Non teñen praza, señora conselleira, porque non as crean. En 2009 había 61 centros residenciais; en 2022 —que son os últimos datos que nos aportou vostede— había 62, un máis. E agora, segundo a prensa —porque aquí é todo unha conxectura—, temos 78. A ver se nos pode pasar os datos oficiais. No 2009 había máis prazas residenciais que agora, máis familias de acollemento en extenso que agora, máis familias de acollemento residencial que agora, ¿e quere dicir vostede que non infradotou e infrafinanciou o sistema? A min vostede pódeme falar do queira, pero dígallo aos traballadores de Monteledo e Montefiz, que mañá van estar na porta de San Caetano, a eses traballadores e a esas familias e eses menores que denuncian situación de precariedade laboral, salarios conxelados, falla de educadores e instalacións suficientes. Fálelles vostedes de Pedro Sánchez, fálelles de Cataluña, fálelles da CIG e fálelles do que lle pareza, e vexa a ver que opinan eles.

Non hai por onde collelo, señora conselleira, non hai por onde collelo. Díxollo o Foro Galego da Inmigración, o Colexio Oficial de Traballo Social, a Fiscalía, a Plataforma das Organizacións da Infancia...,

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** ...a Asociación Profesional de Pedagogos e Pedagogas —remato, señor presidente—. Díxollo todo o mundo e mañá vaillo dicir tamén o colectivo que está atendendo estes nenos, estas nenas, as persoas con discapacidade e as escolas infantís. O problema non é que non llo digan; o problema é que vostede non os quere escoitar, digámosllo nós, díganllo os traballadores ou díganllo os afectados. E iso non é unha actuación propia dunha conselleira.



**ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Peché desta interpelación, conselleira de Política Social.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Grazas, señor presidente.

Señora Fernández, eu teño o máximo respecto cara ás reivindicacións do persoal e estou convencida practicamente de que vostede tamén. Pero mire, o xeito de respectar todas estas reivindicacións é sempre actuando dentro da máxima responsabilidade e sempre dentro das nosas competencias, e non extralimitarnos nestas competencias. Dentro —insisto unha vez máis, por se vostede non me entendeu— dos límites que nos marcan as leis estatais e as leis autonómicas. Por iso estamos a traballar para mellorar a atención dos diferentes centros, sexan sempre da titularidade que sexan, señora deputada.

Mire, nós somos plenamente conscientes, por suposto, da importancia que ten prestar un servizo de máxima calidade. Por suposto, iso pasa por coidar das condicións de traballo do persoal que atende todos estes servizos. Así o entendemos no ámbito dos traballadores do sector público e así o entendemos tamén no ámbito dos servizos sociais públicos que son prestados por entidades sociais.

Mire, señora deputada, vén vostede unha vez máis cos mantras da externalización. Eu pregúntome: dentro do listado que vostede ten das persoas que se van manifestar mañá pacificamente nas inmediacións de San Caetano, ¿van mañá acudir a San Caetano traballadores e traballadoras das escolas infantís privadas de Santiago de Compostela que a señora Goretti Sanmartín ten externalizadas? (*Murmurios.*) ¿Van acudir mañá traballadores das escolas infantís de xestión externa que ten o Concello de Lugo? ¿Van acudir mañá a San Caetano traballadores e traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Santiago, de Pontevedra ou de Carballo, onde goberna o Bloque Nacionalista Galego e están externalizadas? (*Aplausos.*) ¿Van vir todas esas traballadoras mañá? Dígame vostede. Díganme vostedes.

Mire, señora Fernández, o que está claro é que nós en ningún caso imos aceptar nunca leccións do Bloque Nacionalista Galego. E non imos aceptar nunca as leccións do Bloque Nacionalista Galego porque polo que apostan vostedes é pola axitación permanente e pola conflitividade laboral. Vostedes apostan e tentan adoutrinar nos centros educativos. Vostedes tentan sempre a radicalización total de toda a sociedade galega e dos que non condenan nunca, en ningún caso, nin o machismo do seu propio sindicato, da CIG. (*Aplausos.*)

Señora deputada, esta bancada e o Goberno galego van estar sempre, sempre a carón de toda a sociedade galega. Unha sociedade galega que, por certo, nunca se sente nin sentiu identificada cos seus mantras do Bloque Nacionalista Galego. Non se sente identificada con vostedes porque, cando hai que votar sempre ausentan no mesmo lado, no lado onde van estar moito tempo, que é no lado da oposición.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Preguntas.

**Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Raquel Arias, do Grupo Parlamentario Popular.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

No Partido Popular e no Goberno da Xunta de Galicia presumimos de cumprir a palabra dada. Por iso, gústanos facer balance para comprobar que o que prometemos se cumpre. E diso vai esta pregunta.

Hai escasamente un ano, vostede mesma e o presidente da Xunta anunciaban neste Parlamento a posta en marcha do Plan de choque da dependencia, co que pretendían diminuír o tempo e as listas de agarda para obter a valoración da dependencia e da discapacidade. O plan establece, entre outras cousas, a creación de vías preferentes para maiores de oitenta anos e enfermos da ELA; a redución do papelame, pasando a un só documento cando hai pouco había que presentar doce; e algo que poderíamos dicir que é a pedra angular deste plan de choque, que é a homologación automática da dependencia e a discapacidade; un plan que entrou en vigor este pasado 1 de xaneiro e que xa podemos afirmar que está cumprindo a súa función. Somos a comunidade de toda España que máis diminuíu o tempo de agarda para as valoracións, e, nos dez primeiros meses do ano, máis de 70.000 galegos obtiveron xa a súa valoración de dependencia e de discapacidade, a pesar de que o Goberno do Estado nos segue debendo preto de 3.000 millóns de euros para que cumpramos a Lei de dependencia. E, cando o plan de choque está funcionando e está xa asentado, segundo recoñecen os propios datos do Ministerio, neste momento, o Goberno de Sánchez recorre ao Constitucional a parte deste decreto referida á valoración simultánea da dependencia e a discapacidade, xerando un prexuízo enorme a máis de mil galegas e galegos con discapacidade cada mes e demostrando Sánchez unha vez máis, primeiro, que ten cero empatía coas máis vulnerables, e, en segundo lugar, un ataque a calquera avance para Galicia. Pero é que ademais, conselleira, o máis insólito é que o mesmo que nos recorren a nós é o que eles inclúen na súa Lei de dependencia. Iso si, unha copia cutre, porque en Galicia a homologación da discapacidade para os graos 3 pode chegar ata o 100 por cento, mentres que en España non supera o 65 por cento.

Conselleira, son miles os dependentes preocupados por este novo ataque ao Goberno de Galicia. O propio Goberno galego amosou dende o primeiro día sorpresa e indignación por este



recurso de inconstitucionalidade; un problema que preocupa tamén a este grupo parlamento.

Por iso, conselleira, pedímoslle hoxe que nos facilite máis información de como afectará este recurso ás persoas que teñen solicitada a valoración da dependencia.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Arias, o recurso do Goberno do señor Pedro Sánchez supón unha nova traba á atención da dependencia en Galicia, un novo obstáculo que pon en risco os dereitos de máis de 10.300 persoas dependentes ás que se lles leva recoñecido durante todos estes meses de maneira automática a súa valoración da discapacidade. Polo tanto, este é un intento máis de paralizar o que é un dos puntos clave do noso plan de choque, o noso plan de axilización, de simplificación, que tan bos resultados nos está a dar. Miren, señores deputados, eu non entendo por que o Goberno central trata de frear, unha vez máis, unha medida que el mesmo acaba de copiar a nivel estatal nesa modificación da Lei de dependencia; unha medida que copia con menor intensidade —como vostede ben dicía, señora deputada—.

Miren, deputados e deputadas, este recurso por parte do Goberno de España, de ir adiante, vai provocar paralizacións e vai provocar atrasos na percepción de todas as axudas para as persoas dependentes da nosa comunidade. É unha traba máis, pero, ademais, unha traba que se une á débeda xa acumulada desa Lei de dependencia, que acumula no ano 2026 os 2.900 millóns de euros por parte do Goberno central.

O que ten que facer o Goberno central do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego é pagar o que lles corresponde a Galicia e a todos os galegos en materia de atención á dependencia. ¡Iso é o que ten que facer o Goberno de España, pagar! *(Aplausos.)* Pagarlle a Galicia o mesmo, exactamente o mesmo, que lles paga a comunidades como pode ser o País Vasco, e non crear en España, en ningún caso, dependentes de primeira, que son os vascos, e dependentes de segunda, que son os galegos. Exiximos o financiamento do 50 por cento da Lei de dependencia para todas as comunidades autónomas e exiximos a devolución deses 2.900 millóns de euros que nos debe nestes momentos o Executivo do señor Pedro Sánchez.

Mire, señora Arias, eu coido que está moi claro. Estamos ante un recurso de carácter partidista e ante un recurso de carácter político. É un recurso que se interpón e soamente ten un único obxectivo: atrasar a aplicación de todas as medidas que está poñendo en marcha a Xunta de Galicia, que son, e que demostramos que son, moi beneficiosas para Galicia e para



todos os dependentes galegos, e así continuar xerando paralizacións e malestar nas persoas que tanto necesitan estes servizos, como son as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Réplica, señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Efectivamente, conselleira, non é unha maldición divina que cada vez que a Xunta exerce o seu autogoberno en beneficio dos galegos se atope con trabas por parte do Goberno central. Non é unha maldición divina; é a vinganza de Sánchez, incapaz de asumir que, cada vez que hai eleccións en Galicia, gaña o Partido Popular. E se gana o Partido Popular é porque escoitamos os galegos e porque traballamos para intentar mellorar a súa calidade de vida.

Por iso, a Xunta puxo en marcha o Plan de choque da dependencia, que, en só dez meses, xa beneficiou máis de 70.000 galegos. E, como era bo para Galicia, o Goberno central recorreuno ante o Constitucional. É o mesmo Goberno que recorre a posibilidade de que os galegos poidan ter os beneficios medioambientais e económicos da repotenciación eólica, que agora tamén copia. É o mesmo Goberno que mantén a AP-9 como a autopista máis cara de toda España; que recorreu a Lei do litoral, que si lle outorgou ao País Vasco, igual que fixo co 50 por cento da Lei de dependencia, mentres aquí non chegamos ao 35 por cento, ou que mesmo recorreu a Lei de sanidade, cuns artigos que si validou para as Baleares.

Todos estes agravios a Galicia, conselleira, son co aplauso dos socialistas galegos e —como non— do Bloque Nacionalista Galego; un Bloque absolutamente desnortado e radicalizado, independentista, e agora tamén machista, como vostede mesma pode comprobar cada día, e que di «non» alto e claro a todo o que poida beneficiar Galicia e os galegos. É un BNG ao que non lle importa que o Goberno nos deba preto de 3.000 euros para dependencia, e ao que tampouco lle importa nada que o Goberno do Estado non teña orzamentos, pero que seguro que votará en contra dos orzamentos da Xunta, onde 3 de cada 4 euros son para políticas sociais; uns orzamentos, conselleira, que, por moitas trabas que nos poña Sánchez e os socialistas e os nacionalistas galegos, permitirán mellorar a vida dos dependentes galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Grazas, presidenta.



Señora Arias, mire, mentres o Goberno central segue atacando cada día Galicia con recursos, con débedas acumuladas que non deixan de medrar e con tentativas de paralizar o que se fai desde aquí, Galicia segue avanzando. Galicia segue avanzando, e, para iso, no novo orzamento do ano 2026, que é o máis alto da historia de Galicia para políticas sociais, facemos unha especial aposta pola atención á dependencia. Por iso, no ano 2026, contaremos cun investimento de máis de 844 millóns de euros para a atención á dependencia —para a atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade— e para continuar mellorando todos os servizos de carácter sociosanitario da nosa comunidade.

Mire, imos aumentar en máis de 94 millóns de euros os fondos destinados ás axudas a persoas dependentes, para seguir incrementando tamén progresivamente o número de persoas dependentes atendidas e para poder superar por primeira vez a barreira dos 100.000 dependentes atendidos diariamente na nosa comunidade. Polo tanto, é un investimento que nos permitirá —se nos deixan— continuar co noso plan de choque, co que xa acadamos nestes momentos un 98,8 por cento de taxa de atención, é dicir, un 98,8 por cento de persoas atendidas cada día, máis de 80.000 persoas dependentes que reciben cada día os seus servizos e as súas prestacións; mellorar un 10 por cento nos tempos de tramitación, que é o que levamos facendo durante todos estes meses, con máis de 63.400 expedientes novos de dependencia e de discapacidade resoltos, e, en definitiva, continuar ofrecéndolles ás persoas maiores unha atención máis eficaz, pero, sobre todo, máis rápida.

Miren, señores deputados, en definitiva, imos seguir traballando cada día sen descanso por atender cada vez máis persoas dependentes e por ofrecerlles máis servizos e máis prestacións, tratando, como sempre facemos, de superar todos eses obstáculos, todas esas pedras que nos pon o Goberno de España e o señor Pedro Sánchez cada día no noso camiño, pero sempre loitando polos dereitos das persoas maiores.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moi ben, antes de dar paso á seguinte pregunta, permitídemme que dea a benvida e que saúde a quen nos escoita dende a tribuna: a presidenta do Colexio de Enfermería de Lugo, os profesores da Escola de Enfermería e tamén a concelleira de Educación do Concello de Lugo. Benvidos ao Parlamento. Se me esquezo dalgún, dádevos todos por saudados, especialmente todos os que vos achegades dende Lugo.

Damos paso á seguinte pregunta.

**Pregunta da deputada Montserrat Valcárcel Armesto e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Valcárcel.

**MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO:** Grazas, presidenta.



Señor conselleiro de Educación, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo leva máis de cinco décadas formando profesionais cualificados para o sistema público galego. Consolidouse como referente sanitario e académico no territorio, con reputación, demanda e recoñecemento indiscutible. Hoxe, ese legado corre risco de desaparición. A integración proposta pola Xunta e a USC convertería a escola nunha sección subordinada á facultade compostelá. Isto non é un cambio académico; é unha merma de capacidades para Lugo, unha perda de autonomía organizativa, unha perda de xestión e unha perda de peso institucional.

Déixeme aclarar un punto importante. A escola está adscrita ao Sergas; o seu paso á Consellería de Educación é correcto e lóxico. As escolas de enfermería corresponden ao ámbito educativo; non ao sanitario. Isto é reorganización coherente. O que non é correcto —aquí está o núcleo da cuestión— é que a escola pase a ser sección subordinada á facultade de Santiago. Aquí prodúcese o salto inxustificado. Os colexios sanitarios, o profesorado, a Academia Galega de Enfermería e a administración local e provincial son unánimes nesta demanda: a escola debe manter unha estrutura independente e adaptada á realidade sanitaria provincial.

A demanda de alumnado supera a oferta de prazas. Os estudantes non buscan a escola; a escola selecciona os estudantes. O sector sanitario demanda as nosas egresadas incluso antes de finalizar os estudos. Isto non é especulación; isto é viabilidade probada na realidade. O profesorado está extraordinariamente cualificado: máis do 58 por cento ten doutoramento, experiencia docente e traxectoria investigadora. Non estamos ante un centro débil, senón ante un claustro capaz non só de manter a escola, senón de xustificar a súa evolución cara a facultade propia.

Outras universidades españolas manteñen centros duplicados e na propia USC así sucede, por exemplo, con ADE. Non hai impedimento legal; hai falta de vontade política. A conversión en sección suporía perda de autonomía de xestión, diminución do recoñecemento institucional, menor adaptación á realidade sanitaria provincial e risco para a calidade da docencia.

Pregúntolle: ¿que compromiso concreto adquire o Goberno para garantir que Lugo manteña a súa escola como centro autónomo adscrito á USC pero en condicións de igualdade?

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

**MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO:** ¿Está disposto a exixir que se evite...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas, señora Valcárcel.

**MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO:** ...a subordinación a Santiago e que se dea ese avance cara á facultade propia...?

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

*(A deputada Montserrat Valcárcel Armesto pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*



Como saben, o tempo das preguntas é limitado. Ten un segundo turno agora.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

**O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González):** Moi bos días.

Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer a flexibilidade para o cambio de hora. Precisamente ao rematar esta pregunta, iremos poñer a primeira pedra da Facultade de Farmacia, aquí, no Campus de Santiago.

Quero tamén darlles a benvida ás persoas que nos acompañan.

A verdade é que dá a sensación de que aquí estamos ante unha especie de preocupación sobre unha competición, a ver quen di máis cuestións sobre a Escola de Enfermería de Lugo. No BNG, no Bloque, sempre están plantexando unha serie de iniciativas e, escoitándoa a vostede, señoría, dá a sensación de que vostede non foi vicerreitora deste campus, porque acaba de facer practicamente unha emenda á totalidade do seu traballo, do seu equipo reitoral. Porque vostede nega que todo o proceso que se dará nalgún momento, se ten que darse, está asinado, pedido, solicitado pola universidade da que vostede foi vicerreitora non hai demasiado tempo. E vostede é coñecedora dos informes da ACSUG, entendo que si. Se non é coñecedora sería para estar tremendamente preocupado.

En todo caso, creo que ninguén discute, en ningún caso se discute, a reputación e o recoñecemento, pero creo que vostede dá un salto máis. Fala dunha especie de subordinación, como se —digamos— a fórmula administrativa que se plantexa nese convenio asinado polas tres universidades, despois de falar coas escolas adscritas e coas consellerías de Educación e Sanidade, supuxese a morte educativa, practicamente, dun centro do que —xa digo— ninguén discute a súa reputación e ao que ninguén lle quita o seu recoñecemento.

E vostede dixo aquí moi ben: o Campus de Lugo necesita apoio. Creo que ninguén pode discutir o apoio que, dende a Xunta de Galicia, se lle deu ao Campus de Lugo, e vostede coñeceo perfectamente. Ao Campus Terra, déuselle apoio da Xunta 100 por cento, é unha iniciativa da Xunta. Igual que as novas titulacións que se impulsaron hai moito tempo, tamén con certas voces en contra. Titulacións como Bioquímica, titulacións como Robótica, que tamén eran —digamos— alleas á vida, que non se querían nalgúns casos e por algunhas persoas no Campus de Lugo, e foron precisamente as que posibilitaron cambiar a tendencia de matrícula, ¿verdade?, ¿verdade que si? ¡Como caía todo en matrícula e agora subiu!

E vostede aquí dixo: estamos ante unha escola do Sergas que ten un carácter práctico, onde hai moitos bos profesionais que fan a súa función. E obviamente todo isto se soporta —insisto— nun protocolo onde é a propia USC, igual que as outras universidades de Galicia, quen pacta facer unha integración, que é un cambio administrativo, fundamental-



mente —direillo no segundo turno—, para garantir a viabilidade da titulación. E direille despois por que...,

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González):** ...porque nestes momentos non teño tempo. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Ten outro turno despois, grazas.

Réplica, señora Valcárcel.

**MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro.

En primeiro lugar, saúdo a representación da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo. A vosa presenza aquí da voz ao futuro da Escola e ao dereito de Lugo a ter centros propios.

O paso da escola á Consellería de Educación —repítolle— é correcto; ás escolas de enfermería son educación superior, non centros sanitarios. Isto é evidente e lóxico. O que non é correcto é que Lugo sexa subordinada á facultade de Santiago. A Escola de Lugo ten demanda superior á oferta; o profesorado está moi cualificado —repítolle—: máis do 58 por cento ten doutoramento, co cal o informe da ACSUG foi moi positivo; o sector sanitario demanda as nosas graduadas; hai consenso profesional: claustro, administración local e provincial. ¿Cal é, entón, o impedimento real? Non é académico, non é de viabilidade; é político. Invoca a autonomía universitaria, pero iso non é un cheque en branco para eliminar estruturas propias de Lugo. Non é autonomía académica; é centralización burocrática, e aquí a Xunta ten responsabilidade sobre a estrutura do ensino superior e a equidade territorial. Non pode mirar cara a outro lado dicindo que a USC decide. Pido algo claro: que a Escola de Lugo sexa adscrita á USC en condicións de igualdade como centro propio, con xestión e identidade propias, sen subordinación a Santiago, que poida evolucionar cara á facultade propia.

E sorprende que, mentres Lugo é freada, estes días se anuncia na Coruña a apertura dun novo grao privado en Enfermería da Universidade Intercontinental de la Empresa e HM Hospitais, con respaldo institucional. ¿Privatízase a oferta na Coruña mentres se varre a pública en Lugo?, ¿ten isto algo que ver coa negativa a recoñecer os dereitos de Lugo?

Exixímoslles un compromiso claro coa Escola...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO:** ...de Lugo: centro autónomo, adscrición igualitaria e ningunha subordinación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas



Peché da pregunta. O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

**O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González):** Señora deputada, pregúntelle á súa universidade, que é a miña, por que asinou iso. ¿Por que o fai? ¿Pensa vostede que a Universidade de Santiago lle quere mala Lugo? Vostede foi vicerreitora desa universidade ata hai moi pouco tempo, e, ¿vostede cre que a Universidade de Santiago lle quere mal a Lugo? ¿Por que firmou iso? Non se lle ocorre preguntar. E vostede foi vicerreitora e fala da autonomía universitaria. Autonomía universitaria é decidir, dentro do seu ámbito, as titulacións que quere dar e como se organiza. E parece ser que a vostede lle parece normal que un concello ou unha deputación lle diga á Universidade o que ten que facer. Parécelle normal e acéptao. Dentro duns anos, cando vostede volva á Universidade darase conta do seu erro, igual que cando volva eu.

E despois hai outra cuestión: á súa dobre moral, que lle saca toda a credibilidade. E voulle dicir por que: porque o proceso de Enfermería é exactamente igual ao que se está dando coa antiga Escola de Relacións Laborais, que fixo exactamente o mesmo que a Escola de Enfermería; é dicir, pasar a integrarse na facultade, nunha facultade única con dúas sedes. Pero aí vostedes, señores do Bloque, señores do PSOE, non dixeron nada, ¿verdade que non? Dobre moral, dobre moral moi característica.

E direille unha cousa: ¿por que se fixo? Obviamente vostede non lle vai preguntar á Universidade, pero vostede debería coñecer os informe da ACSUG. Citounos, e vostede sabe que hai unhas porcentaxes de profesorado doutor a tempo completo que hai que cumprir, ¿verdade? Entón, non sei por que a Universidade de Santiago quere firmar ese protocolo para lograr a integración, para ter a porcentaxe de profesores doutores necesarios para cumprir os parámetros de verificación, non o sei. Será porque a Universidade de Santiago lle quere mal a Lugo e a quere fastidiar, como vostede di, ou a quere ter subordinada, como vostede di.

E despois hai outra cousa na que creo que si que están moi en fóra de xogo. Mire vostede, se esta escola, calquera escola adscrita, corre un risco de futuro, é por causa ou por culpa do Partido Socialista de España, e, en certa parte, pola súa parte tamén, que o acaban de apoiar. Mire, hai unha normativa moi recente que modifica un Real decreto, o 640/2021 —por certo, aprobouse pola porta de atrás, non se falou con ninguén— que di que no prazo de cinco anos as escolas adscritas teñen que ter un 50 por cento de profesores doutores a tempo completo, ja tempo completo! O Partido Socialista, pola porta de atrás, aprobou unha norma que si ameaza claramente, non a esta escola, senón a todas as escolas adscritas. E, como non se faga algo, dentro de cinco anos, os seus amigos e socios do Partido Socialista de Lugo, que tanto defenden a Universidade, que tanto...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González):** ...defenden a Escola de Enfermería, a ver que din.

**O PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.



**O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González):** En todo caso, fale vostede coa USC... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Interpelación da deputada Silvia Longueira Castro e do deputado Aitor Bouza Manso, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo**

**O PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Longueira.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidente.

Bo día. Bo día á Escola de Enfermería, bo día a toda a universidade lucense que está hoxe aquí. Tamén creo que están por aquí os compañeiros do portavoz do PSOE no Concello de Frades, así que tamén vai un saúdo para eles.

Bo día, conselleiro. Grazas por achegarse hoxe aquí. Hoxe tócanos falar de lingua nesta interpelación, de lingua galega, porque o 19 de setembro facía dous anos que o noso voceiro, José Ramón Gómez Besteiro, defendía no Congreso dos Deputados a cooficialidade da lingua galega nesa cámara, afortunadamente aprobada, xunto coa das outras linguas cooficiais do Estado —o catalán e o euskera— aínda que, malia pena, cos votos en contra do Partido Popular.

Sempre dixemos que iso sería unha magnífica ocasión para ir xuntos da man, porque eu creo que, ademais vostede, que vén de ser un galegofalante de habitude, saberá que non hai nada que una máis a unha terra que a lingua que fala, e foi realmente unha pena que nese momento non puidésemos estar xuntos nesa batalla, ou nesa ganancia, nesa vitoria. Pero temos outras, temos Europa. De feito, aquí arrincamos no seu día unha proposición non de lei —e aproveito para agradecer tamén o traballo do deputado Ferro, que foi quen o levou adiante, que nos apoiou nesa proposición non de lei— para facer que o galego fose tamén lingua cooficial en Europa. E niso estamos.

Viremos a este hemicycle as veces que faga falla pedir que vaíamos todos xuntos é que consigamos que en Europa o galego sexa finalmente lingua cooficial. Basicamente porque a lingua non é un problema; é unha solución. Non é unha perda; é unha ganancia. Non é exotismo; é cotiandade. Non é unha efeméride —evidentemente—, non é unha pancarta; é unha sociedade. Non é un gasto; é unha ganancia, e, sobre todo, é unha identidade que se fai necesaria e que se negan vostedes a facer efectiva.

Esta tarefa que temos de chegar a Europa e de facer que sexa lingua cooficial vainos acompañar toda esta lexislatura ata que consigamos que así sexa, porque é verdade que aquí conseguimos que esta proposta fose da man de todos os que estamos aquí, pero é verdade que, despois, isto pareceu unha patada para adiante, como se adoita chamar nesa clasificación política. Douche unha patada para adiante, e a ver que pasa. Pero é que o traballo hai que



continuar facéndoo en Bruxelas, e todos sabemos que no Parlamento Europeo isto hai que traballalo, e hai que traballalo coas forzas conservadoras, que, evidentemente, foron as que a última vez, entre elas o Partido Popular, non fixeron caso da nosa proposta en Galicia.

Entón, eu creo que isto é o que se chama moitas veces unha falacia circular, que —poñéndonos finos— é unha cousa que en latín se chama «*petitio principii*»; é dicir, non podemos avanzar porque a situación non mellora, e a situación non mellora porque non podemos avanzar. Entón, estamos sempre nese bucle de non seguir cara adiante porque non podemos seguir, e non podemos seguir porque non imos cara adiante. Entón, eu creo que sería magnífico que esa falacia circular, que tamén se dá en chamar o paradoxo da desculpa, a lóxica do pretexto, a autoxustificación do fracaso ou o círculo vicioso da impotencia política, que toda esta serie de figuras e de retóricas que sabemos que existen no manexo do discurso político, as afastásemos e tivésemos unha postura clara.

E vou ser meridianamente clara neste senso. É verdade —e é unha magnífica ocasión— que o galego vai da man do euskera e do catalán neste momento, porque —como xa se dixo aquí— hai uns pactos de Estado que cumprir. É verdade. E iso, ¿que é? ¿Bo ou malo? Iso é bo. É como se alguén me di: non imos facer a autopista que nos leve a Portugal porque o pediron os de Portugal. Non, non. Pedírono os de Portugal, van poñer cartos os de Portugal, tiremos para alá, que temos que facer a autopista.

Estamos sempre nesa disxuntiva de dicir: como esta idea ou esta reivindicación xusta, necesaria e, ademais, acaída a pediron uns socios do Goberno que non son os do PP, ou como temos que demonizar as peticións dos socios do Goberno que acompañan o Partido Socialista, imos decidir que isto non vai cara adiante. E eu creo que é un tremendo erro, porque basicamente o progreso, os avances da sociedade —e isto non é o caso, pero hai un caso máis extremo— fixéronse sempre saltando as normas, indo máis alá do que estaba dentro da norma. E, se non fose así, non estaríamos hoxe aquí. Entón, claro, seguir poñendo esa escusa de que son os socios de goberno e que queremos derrocar o Goberno de Sánchez porque non convén que o Goberno en España sexa con estes socios... Fan esa petición, e, home, pois esta petición mala non é; dano non nos fai, todo o contrario.

Entón, xa que imos botarnos de fóra de todos estes recovecos que ten a política para xustificar ou para dicir «non, non o fago, porque isto non me convén», pois ben, imos botarnos de fóra. Nós dicimos: efectivamente, hai uns socios de goberno que piden que fagamos que o galego sexa lingua cooficial xunto con outras linguas da nación. Estupendo, a min paréceme unha reivindicación que está dentro do natural e do posible. Eu non creo que sexamos menos que o maltés ou menos que o gaélico, non creo que o sexamos. Somos, ademais, unha cultura non só pola nosa propia lingua, senón pola nosa propia historia e porque, ademais, tivemos o noso mandato único e tivemos a nosa terra única e tivemos ese poder que nos deu que hoxe sexamos unha nación. Entón, claro, só falta que se nos recoñeza fóra, e só nos falta, entre outras cousas, que teñamos esa vixencia máis alá do territorio nacional.

E hai outra cousa. Con todo o que se montou neste país detrás dunha pancarta no ano 2009 e todo o que se derrubou creando un problema cando era unha solución, entendo que externalizalo, facelo política exterior, facelo internacional, bueno, a vostedes dálles unha panca,



a vostedes dálles unha porta de saída nese *mare magnum* que son as diferentes comisións que están agora tratando de arranxar ese camiño que o galego desvirtuou nun momento determinado; un *mare magnum* no que nós participamos, evidentemente, porque —xa o dixen máis dunha vez— cremos nas institucións e cremos que hai que arranxalas desde dentro. Pois isto é unha oportunidade de ouro. Entón, volvemos insistir, sobre todo porque depende de vostedes, xa non depende tanto de nós. Nós aquí arrancamos con esta proposición, acadamos ese consenso, e ese consenso levouse ao Congreso dos Deputados, pero despois hai que traballalo en Europa.

Entón, nós preguntamos con esta interpelación cales van ser os pasos que a partir de agora imos dar. Porque aquí estivemos todos de acordo nese momento, e eu creo que iso é unha boísima noticia non só para esta Cámara, que moi poucas veces ten eses acordos, senón para todos aqueles que están aí fóra esperando unha resolución dun conflito que nunca debeu de existir. Entón —volvo repetir—, ¿cales van ser os pasos?, ¿que lles fai falta a vostedes que fagamos nós tanto aquí como onde gobernamos? Porque en Europa non nos chegan os votos; a vostedes si, a nós non. Nós temos alí o noso deputado que pode traballar para que iso sexa efectivo, pero vostedes saben moi ben, como eu, que en Europa os votos trabállanse en diferentes comisións, falando con quen haxa que falar, convencendo e dando argumentos. E nós estamos dispostos para, en todo o que vostedes planifiquen —porque vostedes gobernan aquí—, nós ser a axuda ou a ponte que vaia facelo efectivo.

Insisto, é unha oportunidade. ¿Vén da man doutros? Si. ¿E que?, ¿que problema é ese?, ¿cal é o problema de que iso sexa un requisito dun pacto de goberno? Iso é unha fortaleza, iso non é unha debilidade. Isto xa sei que é unha cuestión complexa. Claro, o PP ten as súas guerras e ten as súas diferentes actitudes nos territorios. Xa sabemos todos aquí como vai isto e non nos imos facer trampas ao solitario.

E, despois, hai outra cousa, hai o mantra do que custa o idioma. Este Goberno gasta máis de 20 millóns de euros en publicidade e propaganda. Non vou ser eu quen diga que isto está ben empregado ou non, cada un sabe como goberna. Evidentemente, vostedes seguen gobernando, así que debe facer efecto ese tipo de cuestións, pero é a metade do que custa o galego como lingua en Europa, e non vai ser a Xunta quen o pague. Entón, se facemos a comparativa do que custa a publicidade e a propaganda deste Goberno co que custa facer todo un sistema de lingua galega no Parlamento Europeo, eu creo que estamos falando de cifras que non teñen unha comparativa.

Entón —volvo repetirlle—, díganos, por favor, cales van ser os pasos. Teña vostede por seguro que isto é unha cuestión que para o noso portavoz é esencial e para o Partido Socialista en Galicia é esencial, que apoiamos que iso sexa ademais unha das negociacións, unha reivindicación no Goberno de España e que hai que facer da necesidade virtude, porque, se non, nin se avanza nin se progresa. E eu creo que o ben das persoas e a grandeza dunha sociedade está precisamente niso, en saber cando hai unha oportunidade para avanzar e para progresar.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.



Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

**O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos):** Moitísimas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Bo día, señora Longueira.

Bo día tamén a todos os convidados que nos acompañan hoxe.

Como ben sabe vostede, eu o primeiro que quero agradecerlle é, como sempre, o seu ton, as súas propostas en positivo e a súa actitude. Porque é certo que teño que dicir que, dende o primeiro momento en que este Goberno puxo en marcha este novo escenario necesario —eu creo que é máis necesario que nunca— de actualización da folla de ruta, do documento máis importante que pode ter o noso idioma en Galicia, que é ese Plan xeral de normalización da lingua galega, é certo que sempre atopamos esa man tendida, sempre atopamos esa comprensión, ese entendemento co Partido Socialista. Sinceramente, creo que, posiblemente, os votantes ou as persoas que están fóra deste Parlamento e que teñen unha tendencia a poder votar ao PSdeG ou ao PPdeG teñen bastantes coincidencias no ámbito da lingua, nas necesidades, nos retos que ten o futuro da lingua. Ao mellor non son así as consignas doutras formacións políticas que forman parte deste Parlamento e que, desgraciadamente ou tristemente, nin sequera quixeron recoller ese guante ou esa man tendida, con total sinceridade, que faciamos para empezar, comezar ese novo escenario.

Eu teño que dicirlle que creo que o galego ten retos de futuro, témolo debatido aquí e témolo falado. É certo que estamos nun novo escenario, nun escenario no que as linguas, en xeral, en todo o planeta, e as linguas cooficiais, están atravesando retos transcendentales, importantes. E aí temos que adoptar novas medidas, actualizar as nosas ferramentas, traballar en positivo e buscar puntos de acordo, e eu creo que aquí non me cabe ningunha dúbida de que o temos.

Eu, sinceramente, non quero en ningún caso —faltaría máis—, entrar en ningunha cuestión nin cuestionar ou interferir en absoluto na estratexia política de ningunha formación, pero, sinceramente, teño a sensación de que esta interpelación non vén buscar resolver eses problemas reais do galego, non aporta absolutamente nada ao debate que temos. Entre outras cousas, porque esta Cámara —precisamente esta Cámara, o Parlamento galego— creo recordar —non sei se me equivoco— que debateu ata en sete ocasións esta cuestión, que na última delas conseguimos un acordo unánime de todas as formacións políticas que forman parte desta Cámara e que, nela, hai —eu creo— un compromiso claro e contundente. O Parlamento galego manifestouno, o Goberno galego tamén o manifestou así, e eu insisto —por se ao mellor hai algún tipo de dúbidas— en que apoiamos de forma decidida a reivindicación, a demanda de que o galego sexa lingua cooficial na Unión Europea. Non hai ningunha dúbida, eu creo que non existe debate. A única explicación que pode haber aquí pois, ao mellor, é buscar unha cortina de fume para tratar de esconder outras cuestións de maior transcendencia ou que queremos introducir algún elemento de distorsión neste proceso de diálogo no que estamos traballando —creo eu— dunha forma adecuada.



Por iso, sinceramente non entendo moi ben a que pode levarnos este debate, esta interpe-lación; non sei que podemos sacar en positivo. Quere vostede saber a posición do Goberno galego. O Goberno galego está, por suposto, a favor —como así o acreditou este Parla-mento— da implantación do galego en Europa, pero temos certas dúbidas.

En primeiro lugar, non ten nada de malo que veña dunha imposición dun acordo de goberno; un acordo de goberno que —insisto— foi feito contra natura, foi feito para intentar que o partido máis votado, por primeira vez na historia da democracia, non gobernase o país. Este é un tema que non é menor. Vostedes intentaron chegar a acordos —algúns deles coñecidos, outros non tan coñecidos— con todas as forzas do arco parlamentario máis alá do Partido Popular para intentar formar un goberno ao que, como se pode ver, lle custa moito manter as súas costuras. Falaba vostede dos seus socios de goberno, que o impoñían os seus socios de goberno, e xa non son socios de goberno seus. Saben que acaban hai uns días de romper ese acordo porque entenden que non se fían da palabra do presidente.

E isto non é unha cuestión de posicionamento político, como dicía vostede; non é unha cuestión do Partido Popular Europeo nas instancias, no seo da Unión Europea; non é un problema político. É un problema —como ben sabe vostede, e eu creo que aquí non hai nin-gún tipo de discusión— de que para que se poida chegar a este acordo ten que haber un acordo unánime dos 27 países que forman parte da Unión Europea. Esta é unha cuestión tan fácil e tan sinxela de entender como isto. Ao final, isto non é unha cuestión de que poi-damos apoiar ou deixar de apoiar, ou que politicamente poida interesar unha cousa ou outra. É que hai determinados países que manifestaron —países, non formacións políticas, senón países— de forma clara e contundente que non se daban as condicións para poder abrir a cooficialidade a todas as linguas que teñen esa característica en Europa, que, ade-mais, iso ía supoñer unha modificación importante, substancial nos acordos europeos e que —e isto non o dicimos nós, señora deputada— é certo que isto ten un custo, e é evidente, inevitable e innegociable falar del.

Eu voulle dar un dato que creo que non é menor. Falaba vostede dos gastos en publicidade ou propaganda do Goberno galego. Bueno, non imos comparar aquí cal pode ser o importe dos gastos en publicidade ou en asesores que ten o Goberno central. Ao mellor, podíamos tamén sacar moito dese tipo de recursos para poder fomentar o uso das linguas. O que si lle vou dicir son tres cuestións importantes.

O primeiro, nun mandato da Unión Europea —como ben sabe vostede, son cinco anos—, o custo da implantación das tres linguas cooficiais de España na Unión Europea supoñería un gasto para o país de 660 millóns de euros; 660 millóns de euros sería o custo en cinco anos da implantación, da oficialización, das tres linguas cooficiais españolas. Paréceme que é unha cifra suficientemente importante e que nos debería facer reflexionar, porque ¿que non fariamos?, ¿que non poderíamos facer en Galicia —imaxínese vostede— cunha cantidade moi inferior?

Hoxe en día, o apoio do Goberno central ao galego, neste caso ao galego, xa non digo que sexa ínfimo, é que ademais está xerando unha situación de desigualdade absoluta con res-pecto ao apoio do Goberno a outras linguas cooficiais. Di vostede: ¿que ten de malo?, ¿por



que Galicia non se pode sumar a este acordo? Porque, bueno, se vemos o trato que fai o Goberno central, por exemplo, da repartición dos fondos europeos para as linguas cooficiais, vemos o desequilibrio absoluto que ten Galicia con respecto a Cataluña.

Non creo que vostede poida defender, por exemplo, que nun proxecto tan importante como é o Proxecto Nós, que é —falando de 660 millóns de euros, que é o custo da implantación das linguas— un proxecto de 15 millóns de euros que nos serviría para que o galego estea presente en todos os ámbitos dixitais e tecnolóxicos e para afrontar o gran reto de futuro, o que din todas as comisións de cara a onde temos que ir, non sexamos aquí quen nin de ter financiado nin sequera o 25 por cento dese importante proxecto. Esta é a realidade que pasa co Goberno central; estamos falando de 660 millóns contra 15 millóns de euros do Proxecto Nós. Ou estamos falando, por exemplo, do apoio que estamos tendo na repartición, por exemplo, do *fondillo*, dos fondos para o audiovisual en España. Eu teño aquí un dato que espero e desexo que nos faga reflexionar e que, ao mellor, nos unirá para poder reclamarlle ao Goberno central de forma contundente un trato máis igualitario. Nesa repartición do *fondillo* —como sabe vostede, é o fondo de apoio audiovisual para as linguas cooficiais— de 14 millóns de euros que reparte o Estado cada ano, 10.950.000 euros —polo tanto, case 11 millóns de euros—, o 78 por cento, vai para Cataluña, e tan só o 4,94 por cento vén para Galicia.

Creo que nese aspecto deberíamos de intentar chegar a un acordo, defender unha posición conxunta, insistir para que o Goberno central dea un trato xusto ao galego e a Galicia, pero nese aspecto, ás veces, non nos atopamos. E eu rétoa a que, unha vez que quede clara, totalmente clara, meridianamente clara, a posición deste Parlamento, que xa o está, e a posición do Goberno da Xunta de Galicia, que tamén a ten, de que apoiamos, que entendemos, que reivindicamos que o galego ten que ter esa posición importante na Unión Europea, tamén nos gustaría, de verdade, poder ter o apoio, a colaboración, a empatía do partido que goberna, do Partido Socialista, para poder conseguir e asumir os retos de futuro que ten o galego, que derivarán deses traballos do Plan, no que vostedes —como dixen antes, insisto, e agradezo— están traballando, e que derivarán tamén de todas as aportacións que están facendo todas as institucións que participan neste proceso.

Unha lingua creo que necesita do apoio e da implicación de todos, máis alá do que poida derivar deste Parlamento, que tamén. Pero creo que temos que ter ese gran pacto social e, sinceramente, espero que, máis alá destes acordos ou desta interpelación, que pode ser relevante, importante, pero espero que quede meridianamente clara e zanzada despois da intervención de hoxe, poidamos chegar a acordos realmente importantes, substanciais, para fomentar e para festexar o uso da lingua galega.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Longueira.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidenta.



Antes de meternos coa lingua, porque era do que vimos falar, vostede ten alí dous compañeiros, o señor González Pons e a señora Dolores Montserrat, vicepresidenta do Grupo Popular Europeo. O Grupo Popular Europeo é o que decide, é o que dá para diante este tipo de propostas. Nós non gobernamos alí, non temos as maiorías, pero sabemos como aconteceu a última vez. Fomos coa PNL deste Parlamento, fomos con todo documentado enriba da mesa, e o Grupo Popular Europeo dixo que non, a súa compañeira Dolores Montserrat dixo que non. E eu non podo chegar a ela, pero vostede si. Vostedes gobernan nunha comunidade autónoma. Teñen despois un deputado, o señor Alberto Núñez, que non foi presidente porque non quixo. ¡Claro, se non quixo, pois non quixo!, aínda que fose o máis votado. Polo que sexa, non pactou con quen tiña que pactar, el saberá por que. Pero iso non é o que vimos falar aquí. Vimos falar de que esta proposta chegou ás comisións en Europa e non deron para adiante o que aquí se aprobara. E non foron os meus, foron os seus.

Entón, eu creo que isto habería que tomalo sen facer trampas. Imos insistir en que instemos desde aquí onde teñamos que instar. Porque nós non podemos decidir en Europa, non nos dan os números; danlles a vostedes. A nós non nos dan os números. Se nos desen os números a nós, xa non estaríamos pedindo nin traendo aquí interpelacións para elaborar mocións, para seguir facendo forza en Europa e que nos fixesen caso.

E eu voulle dar só uns datos, porque, aínda que isto non é unha cuestión de diñeiro — que o é tamén, porque o leite non chega só ao refrixerador —, é importante. Entón, imos comentar, tendo unha estimación moderada e cautelosa, o que suporía isto. Isto non vai cambiar o PIB de Galicia, evidentemente, porque unha rexión como Galicia non depende estritamente do galego para implementar o seu PIB. Pero si podería ter efectos económicos indirectos e positivos sobre o sector cultural e sobre a economía, sobre a industria cultural en Galicia. Hai un impacto que evidentemente non altera de forma inmediata a produción de bens e servizos, non supón unha inxección directa, pero esa é só unha cuestión superficial. Hai moitos efectos que si poden traducirse en impacto económico medible.

Hai un aumento da proxección internacional e do prestixio coa cooficialidade en Europa. Hai un incremento dese prestixio cultural e do turismo lingüístico-cultural; hai unha atracción a investigacións, congresos e proxectos culturais. E iso, nunha estimación prudente, se Galicia captase soamente o 0,05 por cento adicional dos fondos europeos dispoñibles para este recoñecemento, suporía ter entre 25 e 40 millóns de euros anuais. Supoñendo que só puidese captar como lingua cooficial o 0,05 por cento adicional dos fondos europeos; non os que xa temos, os adicionais.

Hai tamén un impulso na industria cultural e editorial. As empresas galegas do sector poderían optar a contratos e subvencións europeas específicas para linguas minoritarias.

Hai unha potenciación do emprego cualificado en sectores creativos e tecnolóxicos e un crecemento do 5 por cento ao 10 por cento no sector cultural galego que podería engadir uns 100 millóns de euros anuais ao PIB. E son datos cautelosos, tomados con estimacións de baixa intensidade.



Hai un aumento na capacidade administrativa e de representación. Habería unha presencialidade institucional en Bruxelas e en Estrasburgo: tradutores, intérpretes, funcionarios galegofalantes. Isto implicaría un fluxo de rendas cara a profesionais galegos que traballarían directamente na UE. Estímase que se crearían entre 300 e 400 postos, empregos cualificados e de traballo cun impacto de 10-20 millóns anuais.

E, despois, hai un efecto identitario e de cohesión social. Unha lingua recoñecida e valorada tende a xerar evidentemente maior orgullo —como todos sabemos— e maior cohesión social, o cal mellora a produtividade e retén, sobre todo, talento. Iso que tanto tamén lle preocupa á súa consellaría, que tamén é de Xuventude. E, despois, a cooficialidade pode reverter parte da emigración xuvenil cualificada.

Eu claro, se o PIB galego rolda actualmente os 74.000 millóns de euros, o aumento sería de ao redor dun 0,25 a un 0,35 por cento anual, que, como diría o señor Mariano Rajoy, non é dato menor. Entón, ata coas cifras saímos gañando con ese investimento de 44 millóns que custa ou que hai que investir desde o noso punto de vista para que o galego sexa lingua cooficial. Entón, eu creo que non hai por onde collelo. É dicir, economicamente, non é unha perda, non é un gasto; é unha ganancia e é un investimento. Socialmente, ía dicir que lles saca a vostedes dun problema, pero non, jsácanos a todos dun problema!

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Remato agora, presidenta.

E por iso insistimos, por iso esta interpelación e futura moción ten a súa vixencia. Porque os datos dan e porque os beneficios que suporía esa decisión de, non digo convencer á señora Monserrat, pero traballar para que a señora Montserrat convenza os conservadores europeos, dannos, sobre todo, moitísima dignidade, señor conselleiro, moitísima dignidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, ten novamente a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, señor López.

**O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos):** Moitísimas grazas, señora presidenta.

Unha vez máis, señora Longueira, eu creo que o dixen nesta Cámara ao mellor en máis de vinte ocasións: eu creo que no ámbito da lingua, neste caso a vostedes e a nós, é moitísimo máis o que nos une que o que nos separa. Eu creo que non hai..., é que non hai debate neste asunto. Eu creo que está superado calquera tipo de debate, ¿non? Polo menos nesta Cámara. Eu ínsto a que, ao mellor, reactiven vostedes esa capacidade negociadora, ese perfil do presidente Sánchez, que ten esa capacidade de líder internacional e que é capaz de chegar, ou que debería ser capaz de chegar a acordos, co resto dos países membros, dos 27 países que



forman parte da Unión Europea. É que isto non é un debate, xa non digo do Goberno galego, que non ten dúbida ningunha; nin desta Cámara galega, que o leva acreditando; nin sequera —voulle dicir— do Goberno central. É un problema, sinceramente llo digo, de capacidade negociadora, de prestixio político en Europa.

E dígollo porque, home, fala vostede dos conservadores... Eu creo que hai poucas semanas, moi poucas —creo que a semana pasada non, pero a anterior—, (*O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José Carlos López Campos, amosa un recorte de prensa.*) o chanceler alemán fala de que «*las conversaciones con Alemania se encallan y la oficialidad del catalán se cae de la agenda*». Isto non o di o Goberno galego. O chanceler alemán —que eu saiba, ata a data de hoxe— non creo que teña moito de conservador. E serían vostedes os primeiros que terían que facer ese labor e ese traballo de diplomacia para intentar convencer un país como Alemaña, que —digamos— é o máis importante da Unión Europea, aínda que é un máis deses 27, porque sabe vostede que teñen que aprobalo por unanimidade os 27 estados membros da Unión Europea.

Polo tanto, isto non é unha cuestión de xestión política nin é unha cuestión de capacidade negociadora por parte dos partidos políticos; esta é unha cuestión de país. E, se realmente vostedes están comprometidos con este tema, o éxito ou fracaso desta negociación será un éxito e un fracaso do seu Goberno, exclusivamente. Será que vostedes non son capaces, non por falta de apoios nin non por falta de implicación, nin sequera por falta de compromiso político. Son vostedes incapaces de poñer de acordo os 27 estados membros na Unión Europea, non porque os conservadores non queiran apoialo, non porque a señora Montserrat non o queira levar ao Consello da Unión Europea. É que sabe perfectamente vostede —non nos fagamos trampas aquí, que nos levamos estupendamente ben vostede e máis eu, e neste tema coincidimos practicamente en todo—, non nos fagamos trampas, señor Longueira, que se vostedes non o levan é porque hai unha norma non escrita na Unión Europea que é que, se un asunto non está negociado previamente co acordo dos 27 estados membros, non se somete á votación do Consello. Esa é a realidade. E calquera outra cousa que plantexen vostedes ou que pretendan vender vostedes é unha cortina de fume para intentar esconder a incapacidade que ten o Goberno de dar cumprimento a un compromiso que adquiriu cunha formación política que xa non forma parte dese pacto de goberno no que lles exixía unhas determinadas cuestións, entre elas a oficialidade do catalán na Unión Europea. E é un problema que lles está xerando a vostedes un problema de recoñecemento e un problema de fiabilidade diante dos seus propios socios. Esta é a única explicación.

E nós aquí, desgraciadamente, señora Longueira, eu teño a sensación que con estes temas imos a rebufa. Parece que somos unha lingua de segunda, que queremos colocar o galego nunha lingua de segunda a rebufa do que pretenden os cataláns. ¡Cos retos que temos aquí en Galicia, coa estratexia, co importante e o proceso importante que temos de cara aos próximos meses!

Por iso lle digo que non lle vai quedar ningunha dúbida do noso compromiso. Creo que é importante que non enredemos en cuestións que non son competencia nin, desde logo, responsabilidade desta Cámara nin do Goberno autonómico, porque queda perfectamente claro o noso compromiso. Trallemos en construír ese proxecto que necesita a nosa lingua, que necesita a



lingua galega; traballemos para conseguir que a sociedade se sinta comprometida tamén con eses retos, ¿non? De nada serve que ao final aquí cheguemos a acordos se non somos capaces de implicar e de comprometer a sociedade. Escoitemos esas máis de 11 comisións, eses máis de 120 expertos que levan traballando —vostede tamén participa— nesa elaboración e actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega. Asumamos eses novos retos.

O Goberno da Xunta —eu xa llo dixen na presentación de orzamentos— vai cumprindo cos seus obxectivos. Nós comprometémonos a establecer un calendario e establecer unha axenda de crecemento orzamentario no apoio á lingua galega. Levamos incrementado máis de 2 millóns de euros, en razón de 1 millón de euros por ano desde o ano 2024, para promocionar, para accións de promoción, de dinamización, para poñer en marcha, para implementar as medidas que saian dese Plan xeral de normalización da lingua. E, de verdade, dígolle que eu estou ilusionado, estou convencido de que imos ser capaces de conseguir ese obxectivo, imos ser capaces de chegar a acordos importantes para o país e, sobre todo, imos ser capaces de poñer por diante deses intereses partidistas o tesouro máis importante que temos en Galicia, que é a nosa lingua. Non me cabe ningunha dúbida.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

**Interpelación dos deputados Paulo Ríos Santomé e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, nestes cinco anos e pouco que levo de voceiro de mobilidade do BNG no Parlamento, aprendín algunhas cousas; sempre é máis o que non sabemos que o que sabemos, pero aprendín algunhas cousas. Unha delas é que o plan de transporte público que vostedes puxeron en marcha xa na lexislatura pasada, a comezos da anterior, é un total desastre. E é un total desastre se o vemos en varias cuestións.

Na última interpelación que eu lle fixen a comezos deste ano 2025, a moción derivada desta interpelación, eu pedía que se desen unha serie de datos por parte da Xunta de Galiza, que viñeron totalmente capados, totalmente mutilados para que non vexamos realmente o que pasa. Pero, señor conselleiro, como vostede sabe, nos últimos días chegaron unha serie de informacións que me obrigan a facerlle hoxe algunhas preguntas, pedirlle que dea algunhas explicacións e tamén —por que non—, despois de analizar toda esta información, contarlle como o vexo eu, o que creo eu que está pasando co Plan de transporte e co servizo público de transporte no noso país.



O pasado mes de outubro vostede aprobaba unha orde de axudas para o sector do transporte. Decía vostede nese documento que estaba motivado pola situación económica excepcional derivada da guerra de Ucraína. Que a finais de 2025, a situación económica sexa complicada polo tema da guerra de Ucraína non semella moi factible, non semella moi xustificable, sobre todo cando vemos outras consellerías, outros sectores, como pode ser o de Medio Rural, moi castigados no seu momento pola guerra de Ucraína, con todo o que ten que ver coa importación de insumos e moitas outras cuestións, aos que a Xunta de Galiza non lle aplicou as mesmas axudas con este criterio este ano.

Pero, ademais, nesa orde, hai algunha cuestión que chama a atención, e é que nós nos enteramos desa orde cando empezou a chegar ás empresas. É unha orde que non se fixo pública e é unha orde que, ademais, ten unha particularidade, e é que é que reconece implicitamente os quilómetros que as diferentes empresas non están facendo ou que non fixeron neste ano 2024. Á parte de que, ademais, establece unha serie de criterios para pagar estas axudas nos que vemos, despois de analizar os datos, que, por exemplo, hai concesións que teñen incumprimentos de ao redor do 30 por cento dos quilómetros —cousa que é totalmente escandalosa— que van recibir cerca de 800.000 euros desta axuda. Premiamos por incumprir no servizo de transporte público.

Señor conselleiro, díciolle antes que unha das poucas cousas que aprendín nestes anos é que os medios de transporte son un desastre. Son un desastre porque no día de hoxe o Plan de transporte da Xunta de Galiza se mantén con base nos incumprimentos, única e exclusivamente. Está tan mal feito o Plan de transporte, señor conselleiro, que só é viable seguir con el se vostedes permiten que as empresas incumpran. Porque, fíxese, a documentación mutilada que me enviaron..., bueno, que pedín en marzo de 2025, chegoume a mediados de agosto do 2025 —non sei se esperaban que, ao mellor, non me dese conta de que chegara esa documentación ou que pasaba—, e nas cativas ofertas que me enviaron —no resto consideran que eu non teño que ter acceso como representante do pobo galego a saber as obrigas que teñen as empresas vinculadas ás súas ofertas—, de 127 concesións que existen no noso país, só recibimos oferta de 26. A Xunta de Galiza entende que nós, como representantes lexítimos do pobo galego, non temos dereito a coñecer o resto, a fiscalizar e a controlar o que está pasando aí.

E é que o problema do Plan de transporte —un deles— é que non é un plan estratéxico que regule o noso transporte, que planifique o noso transporte, senón que está baseado fundamentalmente en dous documentos, que son os proxectos de explotacións e as ofertas das empresas. Os proxectos de explotación —e vostede sábeo— non hai por onde collelos, ¡non hai por onde collelos!; están totalmente mal calculados.

Señor conselleiro, eu creo —e aí xa vou coa miña opinión sobre o que está pasando— que vostede ten un problema moi importante enriba. Vostede chegou a unha consellería e atopouse cunha verdadeira desfeita que non hai por onde coller, responsabilidade do equipo anterior da Consellería. Iso non o exime a vostede da responsabilidade que ten no día de hoxe e dos pasos que ten que dar para regularizar esta situación.

Vostedes saben perfectamente que non poden a día de hoxe exixirlles ás empresas que cumpran os plans de explotación e as ofertas, porque saben que estaban mal calculados desde o



punto de vista do incremento do IPC a dez anos, que calcularon vostedes o 1,2 por cento de forma lineal, e é totalmente ridículo. Sobre todo vemos que a realidade xa lles pasou por diante, e ademais que non habilitaron mecanismos nestes plans de explotación, nestes pregos, para poder facer unha revisión de prezos que permita axustar a día de hoxe todo o que está acontecendo co servizo de transporte.

E dicíalle que vostedes permiten que se incumpra porque saben perfectamente que, se exixen o cumprimento total dos plans de explotación e das ofertas presentadas e gañadoras nos procesos de licitación, automaticamente se lles cae todo o Plan de transporte, porque ningún dos contratos se pode soste tal e como están deseñados, e ademais, como non previron ningún tipo de mecanismo que permita de xeito regular facer isto, agora ten vostede dúas alternativas. Optou pola segunda. A primeira é recoñecer o erro que a Administración galega cometeu á hora de deseñar o Plan de transporte, loxicamente, coa contratación dunha empresa externa á que vostedes lle seguen dando unha serie de cartos todos os anos para que se faga cargo absolutamente de todo; recoñecer que están mal feitos os pregos, que están mal calculados os plans de explotación; e volver sacar todo o Plan de transporte. Pero, claro, recoñecer que se equivocaron tamén sería recoñecer que levan mentindo cinco anos, e ese é un gran problema.

A min gustaríame que estivese hoxe a súa predecesora aquí presente, e non está. Xa temos falado disto longo e tendido nos últimos anos, porque ela ten moita responsabilidade tamén, pero hoxe vostede é o conselleiro e é quen ten que dar resposta a esta cuestión.

¿E que fixeron vostedes nesta orde de axudas? O que fixeron foi cambiar as regras de xogo para seguir mantendo, a base de incumprimentos, o Plan de transporte. ¿E como? Pois aplicándolles ás empresas unha amnistía nos quilómetros, dicíndolles ás empresas que todos os quilómetros que non fixeron se calculan —vostede poderamo desmentir e darme o dato oficial da Xunta de Galiza— arredor do 20 por cento dos quilómetros nas 127 concesións, que son incumprimentos. Se collemos os baremos de sancións da Xunta de Galiza, vemos que están tipificados como graves ou moi graves a partir do 2 por cento e do 5 por cento. Aquí estamos falando dun 20 por cento, segundo os datos que nós manexamos. Vostede poderá darme outros datos se os ten.

Vostedes están dicíndolles ás empresas que non teñen que cumprir con eses contratos que están establecidos, tanto no proxecto de explotación dos quilómetros básicos como no que ten que ver coas ofertas que fan as empresas a nivel de melloras polas que son puntuadas e polas que resultan gañadoras dos contratos. Vostedes saben perfectamente e son conscientes de que no día de hoxe dicirlles que non as teñen, que non teñen que cumprir os quilómetros, que xa a Administración pública fará uso deles no ano que vén ou nos vindeiros anos é unha modificación substancial do contrato, que iso atenta contra a seguridade xurídica de toda a contratación que ten que ver co Plan de transporte e que incluso pode ir moito máis alá. A vostedes xa se lles notificou, ademais, que esta información foi posta en mans da Fiscalía e da UDEF para que fagan os trámites que consideren oportunos.

Pero estamos falando de algo moi grave, señor conselleiro. Segundo os datos que vostedes dan na propia Orde das axudas en referencia aos quilómetros non executados do ano 2024,



e que xa non vexamos... Pediremos, loxicamente, os datos de cumprimento dos quilómetros do ano 2022 e do ano 2023. Desbotemos os do ano 2021. Efectivamente, había unha situación de pandemia, e é totalmente comprensible o que se fixo no ano 2021. Pero vaíamos ao 2022, ao 2023 e ao 2024 e vexamos realmente o que se está incumprindo aquí, sen ir a outro tipo de incumprimentos, porque eses incumprimentos xerais fan que o Plan de transporte público poida seguir existindo. Pero, loxicamente, vostedes agora aplican un parche totalmente irregular para seguir mantendo que o seu proxecto é de éxito, que o seu proxecto é viable, cando realmente non o é.

Nós o que lle pedimos, señor conselleiro, son explicacións a este respecto, que nos dea os datos reais —se vostede entende que estes datos están manipulados ou non son certos— sobre a execución e o cumprimento dos quilómetros nas 127 concesións do Plan de transporte da Xunta de Galiza.

E eu pídolle, señor conselleiro, que, se isto é así e ese incumprimento supera o 5 por cento —xa non lle falo do 20—, que se apliquen as sancións correspondentes e que se refaga por completo o Plan de transporte con rigorosidade e con calidade técnica...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** ...para que non teñamos que ver como o noso Goberno, como o Goberno da Xunta de Galiza, mantén, por unha cuestión de sectarismo político, de non recoñecer os erros, unha situación de incumprimentos xeneralizados que a quen lles complican a vida en moitísimas ocasións é aos usuarios e usuarias do transporte.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que xa tocaba durante este ano 2025 que o señor Ríos Santomé viñese aquí e dixese, ademais, exactamente isto: que isto é un total desastre, que non funciona absolutamente nada e que, se hai un desastre mundial, é o do Plan do transporte.

É verdade que a realidade é teimuda, señor Ríos, e máis aló de todos os axustes que se levan a cabo, do que falamos sempre nesta sede parlamentaria, o incremento do número de usuarios que ano tras ano hai non nunha comarca ou nunha zona, senón no plan en xeral —e cada vez máis abonados a través das distintas tarxetas—, pois indica, cando menos, que non é tan desastre; indica, cando menos, que o Plan de transportes está a cumprir as expectativas de moita xente. Indubidablemente, pode necesitar moitísimos axustes, pode necesitar moitísimas melloras, por iso é un sistema vivo, do que nós falamos continuamente en todas as



intervencións, pero non é o que vostede di. O que pasa é que nesa nova estratexia de intentar alborotar as rúas e da pancarta, que teñen magnificado os que mandan no Bloque, os da UPG, pois, loxicamente, o Plan de transporte non pode quedar fóra de todo isto.

Vou contestar —aínda que non era o motivo desta cuestión— tamén ao que vostede dicía hoxe aquí. Porque veu dicir que estaba todo mal feito, que nós erramos e que isto é todo un desastre polos contratos anteriores. Pero recoñecía ao principio da súa intervención que, efectivamente, leva cinco anos de portavoz de infraestruturas ou de transporte e que pouco a pouco vai aprendendo cousas —igual que os demais— e que no día de hoxe non ten todo aprendido, e iso tamén se nota.

Cando se licitaron os contratos de transporte foron nos anos 2019, 2020 e 2021. Naquel momento fanse uns pregos que, conforme a situación daquel momento, eran os que se cría que tiñan que levarse a cabo. Levabamos varios anos cunha inflación cercana a cero, señor Ríos Santomé, varios anos consecutivos. Por iso se estipulou que o crecemento que se fixo cara adiante do IPC era baixo, efectivamente. Pero ten que saber vostede que nos anos anteriores o IPC era cercano a cero. Non sei se o sabe, probablemente o descoñecía. Por iso, o que se puxo neses pregos reflectía iso. Os pregos tamén reflicten que, efectivamente, as empresas poden ofertar unha serie de quilómetros a maiores, que se poden pedir ou non, ¿vale? E vanse pedindo cada vez que se solicita un cambio destes que moitas veces saen aquí nas intervencións súas ou nas doutros voceiros cando din que hai que facer un cambio, dotar un novo bus ou facer un reforzo dunha nova liña; iso vai con cargo a eses quilómetros adicionais.

Pois ben, durante todo este tempo, a partir da publicación e da resolución deses contratos, houbo unha serie de acontecementos que cambiaron bastante os contratos, que se refiren normalmente á guerra de Ucraína e ás situacións derivadas da guerra de Ucraína, como foi o incremento dos custos do gasóleo, no seu momento —recorde que chegou a estar cerca de dous euros— ou incrementos nos custos de persoal, que foron importantes desde ese momento. E loxicamente iso alterou, efectivamente, os custos de explotación. Por iso, por esa alteración, chégase, cos informes xurídicos oportunos, a onde non se considera, como vostede dicía, un cambio substancial do contrato —se non, non se podería levar a cabo— e por iso se chega a esas ordes e nalgúns casos pódense reconducir eses contratos. E hai outros casos nos que, despois de solicitar os cambios, os incrementos de autobuses, os incrementos de quilómetros, a flexibilidade dos contratos non permite máis. Porque vostedes cren que na Xunta de Galicia hai —xa o facían e fan vostedes coa sanidade, pensando que hai unha serie de persoas alí que están mal, que dirixen a sanidade para fastidiar os galegos— en transportes unha serie de persoas que están alí dedicadas a que cada vez que hai un problema o intentan empeorar, porque esa é a estratexia que ten o Goberno da Xunta: empeorar os problemas que poidan xurdir. Pois voulle dicir algo para que o saiba: non é certo. Cada vez que hai un problema, dentro das posibilidades legais do contrato, inténtase adaptar ás necesidades. Pero hai veces que os límites xa non son máis flexibles e non se pode nin dotar de máis autobuses nin dotar de máis quilómetros. Por iso, nalgúns casos, chégase á rescisión do contrato, como ten pasado: ten pasado no Barbanza —que agora mesmo estamos nunha fase de alegacións, de ver a proposta nova—; ten pasado na comarca de Ferrol e a conexión cara a Vilalba e Lugo; e ten pasado máis recentemente —que falaremos na seguinte pre-



gunta— nos contratos do Baixo Miño. ¿Entende? Cando xa non dá máis, hai que tomar outro tipo de decisións, pero a vostede dálle igual.

Agora, a novidade da iniciativa que presentou hoxe xa non é que sexa todo un problema, senón que, ademais, o transporte por estrada de viaxeiros en Galicia non é seguro —é o que di vostede na súa pregunta—. Xa introduce unha novidade: agora non é seguro. Indubidablemente —esperemos que non ocorra— poden ocorrer accidentes, como desgraciadamente ocorreu hai uns anos nunha noite de Noiteboa en Pontevedra, onde un autobús caeu ao río. Vostede está poñendo xa o parche antes que a ferida, e se mañá hai un accidente e pasa algo, o Bloque xa o dixo: isto é culpa da Xunta, que hai alí unha xente moi mala que quere fastidiar os galegos. Esa é a súa estratexia, única e exclusivamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si que o é, porque o leva demostrado.

Mire, a verdade é que a aposta do Goberno galego por poñer á disposición dos usuarios un transporte urbano é importante. Este ano temos 160 millóns de euros para as catro modalidades de transporte e tamén para as bonificacións da xente nova e de máis de 65, e temos unha parada de autobús a menos dun quilómetro para o 97 por cento dos galegos.

Dicía vostede que todo é un desastre. Pois, mire, hai 2.702 liñas máis que en 2016, 38.800 paradas e 1,3 millóns de servizos máis que no ano 2016. Seguramente, se vostede estivese aquí, o tería feito mellor, as paradas colocaríaas moito mellor, as liñas faríaas moito mellor e aumentaría o número de viaxeiros nun 20, nun 30 ou un 40 por cento; incrementaría todo un 200 por cento —eu estou completamente seguro—. Pero, polo de agora, vostede non ten a oportunidade, e pódolle asegurar que iso non o cre ninguén, *(Aplausos.)* ninguén. ¡Ninguén! *(Aplausos.)*

O ano pasado, sen contar o transporte escolar, contabilizamos 27,5 millóns de viaxeiros, un 34 por cento máis que no ano 2019 —un 34 por cento máis!—. ¡Será porque o sistema é un desastre e as liñas non valen para nada! E ata este mes de agosto a demanda incrementouse con respecto ao ano pasado un 5 por cento. Pero se temos en conta o total de viaxeiros do sistema de transporte, vemos que a demanda total no ano 2024 supuxo —atenda, jeh!, a ver se vostede crería que sería capaz de superalo— un 64 por cento máis que no ano 2019. Eu estou seguro de que con Ríos Santomé, en vez dun 64, sería un 65, pero non chegou o momento, señor Ríos; un 64 por cento máis que no ano 2019. Quero dicir que hai unha demanda que ten cubertas as súas necesidades e un incremento de viaxeiros que, loxicamente, utilizan o sistema de transporte porque lles vale. Iso si, estou seguro de que cada un dos viaxeiros que utilizan o sistema de transporte público de Galicia poñería o bus atendendo ás súas necesidades específicas —eu tamén—, pero tócanos facelo atendendo ás necesidades de todo o conxunto da poboación; por iso haberá casos nos que non se adecúe exactamente ás necesidades de cada un.

Con este aumento é lóxico concluír que a capacidade dalgúns servizos en determinadas conexións e en horarios de maior demanda se estea vendo tensionada. E aquí vén iso ao que vostede se refería, ás persoas que van de pé nos autobuses. Vostede reconece na propia intervención, na propia interpelación escrita, que é legal ir nos autobuses de pé —díu vostede—. E, efectivamente, eu quero que saiban que a lei permite ir nos autobuses de pé, pero



cunha serie de limitacións: primeiro, o autobús na súa ficha técnica ten que estar autorizado a levar persoas de pé —que non todos o están—; en segundo lugar, non pode pasar en ningún momento dunha velocidade máxima de 80 quilómetros por hora; e, en terceiro lugar, non pode circular por autoestradas. Pero, nesas circunstancias, permítese. Como había discrepancias ou como había xente que tal, nós xa no mes de xuño —non esperamos por vostedes, non é cousa do Bloque—, lle preguntamos á Dirección Xeral de Tráfico se estaba de acordo con iso que poñía a Lei de transportes do Estado. E preguntámoslle tamén ao Ministerio de Transportes, e o Ministerio de Transportes remitiunos á Dirección Xeral de Tráfico....,

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señor Calvo.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** ...—xa remato, presidenta— e a Dirección Xeral de Tráfico dinos que a día de hoxe se limita a cumprir o que pon na propia lei.

Nós, loxicamente, tentamos que vaia o mínimo número de persoas de pé e, se podemos evitalo, evitámolo. ¿E como o facemos? Poñendo reforzos e pedíndolles ás compañías que introduzan autobuses con máis prazas. Pero tamén é certo que hai momentos puntuais en liñas puntuais —xa remato, presidenta— nos que hai desprazamentos de persoas que van de pé. Agora ben, ante esa situación, unha persoa irresponsable como vostede vén aquí e di que iso é inseguro, que o transporte é inseguro; e, ante os números que eu lle dou de incremento de usuarios, vostede di que é todo un desastre. Non pasa nada, é o Bloque en estado puro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para a réplica, o señor Ríos Santomé.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Señor conselleiro, vaia por diante que eu nin pretendo ser mellor ca vostede nin medirme, nin digo que comigo iría mellor ou que iría peor, ¡faltaría máis! Eu creo que é un argumento un pouco..., bueno, sen máis.

Pero vostede non me contestou a absolutamente nada do que eu lle dixen. ¿Cal é o cumprimento dos quilómetros básicos e ofertados que son vinculantes neste ano 2024? ¿Cal é o cumprimento? Señor conselleiro, pódeme dicir, efectivamente, que o IPC nos últimos anos anteriores á elaboración destes plans de explotación e destes pregos era semellante a cero. Moi ben. Aínda que iso fose así, poderá xustificar a irresponsabilidade ou a negligencia de pensar que en dez anos de duración do contrato a cousa non ía cambiar. Ademais, é que non lle introduciron ningún tipo de mecanismo de revisión de prezos, outra irresponsabilidade máis ou outra negligencia máis que nos leva a onde estamos aquí —vostede pode dar as escusas de mal pagador que queira—.

E despois, ¡home!, e, ao mellor, non sei todo o que hai que saber do mundo, pero tampouco me faga parvo. Vostede non me pode dicir que os quilómetros que ofertan as empresas ás que lles fan gañar os contratos se poden ou non pedir por parte da Administración. Hai un



10 por cento dos quilómetros totais que a Administración ten á súa disposición para, efectivamente, formular reforzos e demais, pero os quilómetros ofertados son totalmente vinculantes aos quilómetros básicos do proxecto de explotación, e non intente dicir o contrario, como dixo vostede aquí. É que xa non falo de que non se estean cumprindo os quilómetros que se ofertan a maiores, o que, ademais, lle resta seguridade xurídica a todo o proceso. Porque, efectivamente, se eu son unha empresa que compite coa empresa que gañou o contrato, digo: puiden meter o dobre de quilómetros, total, non os vou cumprir e ninguén mos vai reclamar, puntuar máis e levar o contrato. Iso é o que está acontecendo. Se xa non se están cumprindo sequer os quilómetros básicos dos proxectos de explotación, canto menos os ofertados; sen entrar no 10 por cento, que iso, efectivamente, é a maiores. (*O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, pero é que non se cumpren nin os básicos nin os ofertados. (*Aplausos.*) Señor conselleiro, ¡non me intente facer parvo! (*Aplausos.*)

Eu estoulle dicindo que nin os básicos nin os ofertados se están cumprindo. E tamén lle estou dicindo que vostedes o que resolveron para isto —porque saben que, efectivamente, non lles poden pedir que os cumpran, xa que automaticamente as empresas abandonan os contratos porque están mal calculados e non lles dá, señor conselleiro—, para evitar que as empresas escollan, se levanten dos contratos e lles quede mangado todo o Plan de transporte público —se lles fan cumprir rigorosamente todo o que pon nos proxectos de explotación; que si, efectivamente, están mal feitos, moi mal feitos, moi mal calculados, se non, non estaríamos na situación na que estamos a día de hoxe—, o que aplican é unha amnistía de quilómetros dicindo: todos os quilómetros que non se executasen no ano 2024, xa veremos como a Administración volos vai pedir. Iso, introducido nunha orde de axudas que non é pública, da que nos enteramos cando lles chega ás empresas e que, efectivamente, modifica substancialmente os contratos. Porque, unha vez máis, se eu sei que non se me vai pedir que cumpra os quilómetros, eu oferto moitos máis quilómetros; se sei que non mos van pedir. Claro, iso é contrario á competencia; o propio proceso de licitación é contrario absolutamente a todo, señor conselleiro. Non me pode dicir que iso non é un cambio substancial do contrato porque non llo compro. ¡Non llo compro! Está vostede cambiando as regras de xogo en metade do partido, señor conselleiro, e iso non pode ser. Xa o fixeron no seu momento cando os pillaron nas patacas coas matrículas dos vehículos e pasou de haber titulares, de haber reservas e demais, a unha «adscripción dinámica» —que lle chamaron vostedes—, a unha gran bolsa de vehículos para que ninguén soubese cantos ían, en que concesións e se repetían matrículas ou non. Cando os pillaron nas patacas, xa fixeron ese cambio importante, e este aínda é moito peor, señor conselleiro.

E o papel aguántao todo; iso é o que aprendín neste Plan de transporte. O papel aguántao todo: moitísimas máis liñas, moitísimas máis paradas, quilómetros... Outra cousa é que se fagan. Porque, efectivamente, falou vostede das paradas, e para que se vexa como están os proxectos de explotación, direi que das 26 ofertas que me enviou a Xunta de forma totalmente capada e mutilada —recórdolle—, as primeiras dúas e tres páxinas das ofertas das empresas eran dedicadas a emendar o proxecto de explotación: ningunha parada coincidía co sitio que tiña que ir, en ningún itinerario estaba ben posto, nin os horarios. Foron as empresas as que tiveron que arranxar esa parte dos proxectos de explotación.



Señor conselleiro, isto non hai por onde collelo. Señor conselleiro, non me veña dicir simplemente que seguramente eu o faría mellor e que non tiven a oportunidade...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Si, remato, señora presidenta.

Señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que esta é unha situación insostible —¡insostible!—, que só se mantén permitindo incumprimentos. Porque se lles fixesen cumprir, as empresas non serían quen de aguantar eses contratos, levantaríanse e teríamos todo o Plan de transporte levantado e todo o Plan de transporte sen funcionar. Porque no día de hoxe, señor conselleiro, só 6 concesións das 127 cumpren cos quilómetros que teñen que facer ao ano; e 120 contratos que deben ser rescindidos, que deben ser rescatados. Temos que ir a un novo proceso de Plan de transporte, feito con rigorosidade e atendendo ás necesidades do pobo galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Grazas, presidenta.

É o que dixemos dende o principio: a vostede dálle igual; dálle igual absolutamente todo. O único que pretende é desvirtuar o sistema de transporte. Dálle igual o aumento de viaxeiros que temos no sistema de transporte, dálle igual o aumento de liñas, dálle igual o aumento de paradas, dálle igual o número de frecuencias... ¡Dálle igual! Agora, o sistema é todo un desastre.

Cando non é así, vén criticar —como fixo nalgunha ocasión— que un bus chega tarde cinco minutos. Claro, si, si, vén criticar esas cousas. Ou vén criticar que en momentos determinados, nunha liña e nun horario, por exemplo, de entrada, ao mellor, a un instituto ou a un centro de traballo, hai moita demanda. Si, fano constantemente, igual que nos medios de comunicación. Ou veñen criticar que o bus entre Vigo e A Coruña non absorbe a demanda que o tren deixou de atender; e que, polo tanto, de repente, se duplica a demanda e non se atende. Explicámoslle que poñemos cinco buses de reforzo entre Vigo e A Coruña para absorber esa demanda dos que dun día para outro deixa o tren tirados, pero iso dálle igual; esa capacidade de adaptación e todo iso dá igual, porque vostedes están enfocados única e exclusivamente en alterar o galiñeiro. Dálles exactamente igual, señor Ríos.

Di que non hai que convencelo a vostede de que é un cambio substancial. Evidentemente, ¡só faltaría! Quen o ten que ver e quen o ten que certificar é a Asesoría Xurídica; e, se o fai,



estamos todos de acordo. E se nalgún momento considerase que iso non sería posible, pois non sería posible. Pero para iso hai unha serie de controis internos na Administración —e non sei se os coñece—; que, dende logo, son os que informan do que é considerado un cambio substancial e do que non é considerado un cambio substancial. Por iso se poden facer.

Vostede veu pedir información nesta iniciativa —como lle digo—, pero, agora si, deulle exactamente igual. Eu voulle comentar, de todos os xeitos, eses cambios que a flexibilidade dos contratos fixo posible que puidésemos atender, para que cada vez haxa unha maior adaptación da oferta á demanda. Por exemplo, entre Fisterra e Cee, o 6 de outubro ampliouse a capacidade do servizo á primeira hora da mañá, que era a reclamación que se facía.

O IES de Mugar dos fixo que a compañía puxese autobuses de 93 prazas. É verdade que hai un tramo de 7 quilómetros entre Mugar dos e Ares —froito sobre todo da entrada dos institutos nun determinado momento—, dos 43 que ten a liña, nos que hai xente de pé, é certo, pero dentro da capacidade dos autobuses.

Na liña Betanzos-A Coruña estase estudando de novo a demanda, que cambiou substancialmente nos últimos meses, para adaptar a oferta.

Entre Lugo e Santiago o primeiro bus saía ás 6.45. Antes do verán comprobouse que contaban con marxe suficiente para asumir aumentos puntuais de viaxeiros. Actualmente faise con autobuses de 70 asentos, e dá como resultado que hai prazas dispoñibles.

Activáronse reforzos na liña Ferrol-A Coruña entre Sada, Oleiros e A Coruña; e entre Ourense e Vigo, sobre todo os venres e os domingos pola tarde, garantindo a dispoñibilidade de prazas para todos os viaxeiros.

Entre Ourense e Verín ás 15.15 saen 2 vehículos desde Ourense cara a Verín. E xa non se rexistraron incidencias desde que saen estes 2 vehículos.

Entre Vigo e A Coruña, por exemplo, o domingo, 26 de outubro, dos 7 servizos de Vigo á Coruña, pasamos a 12 —de 7 a 12—, con 320 prazas máis dispoñibles para absorber a demanda nese momento.

E reforzáronse outras peticións, por exemplo, de Vigo con destino a Ourense, Ferrol ou Santiago.

Tamén se comprobou que non eran necesarias medidas adicionais no Monforte-Láncara-Lugo. O servizo ás 7 da mañá entre Monforte e Lugo chega á Pobra de San Xulián con todos os asentos ocupados. É certo, pero con prazas dispoñibles que son suficientes para atender todos os viaxeiros. E, ademais, hai unha diferenza dunha frecuencia de 20 minutos que conta con moitas prazas dispoñibles.

Entre Marín e Pontevedra o uso frecuente de autobuses é de tipo urbano. Son de 24 prazas sentadas e 48 de pé. E só hai unha frecuencia puntual ás 14.10, que conta con reforzos continuados, de forma que o primeiro autobús vai con 50 viaxeiros e o segundo autobús vai con 24.



Este era o obxecto da súa pregunta. Contestelle ao que vostede introduciu antes, e agora contéstolle isto. *(O deputado Paulo Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, escoite, que ao mellor lle interesa algo; ou lle dá igual... A verdade é que, total, para criticar por criticar, dálle igual o que veñamos explicar aquí. E isto ten que ver coas solicitudes de información.

Vostede xa o dixo aquí: se non contestamos, non contestamos; cando contestamos, non contestamos o que vostede quere; e como non contestamos o que vostede quere, tampouco lle vale.

Con esta consellería non ten ningún artigo 9 pendente; ningún, ¡ningún! Pero a vostede dálle igual, porque o caso é tentar trasladar unha situación de catástrofe, como dixo aquí, ou non sei cal era a súa palabra. *(Murmurios.)*

E remato. Hai outros sitios onde se está estudando para ver se se pode adecuar mellor a demanda. Por exemplo: Miño-Betanzos á primeira hora da mañá, para facilitar os desprazamentos do alumnado ao instituto. Entre Ourense e O Barco estase valorando o axuste de servizos os venres e domingos pola tarde, para mellorar a organización da demanda.

En definitiva, señor Ríos, o que se fai dende que este plan está vixente é levar a cabo todas as modificacións necesarias que se demandan, ben polos viaxeiros, ben polo que comprobamos nós mesmos ou ben porque a propia concesionaria é a que nos di que hai determinadas frecuencias que igual non teñen demanda, pero nas que, se se axusta, pode adecuarse mellor a oferta á demanda. Iso é o que tratamos de facer. E pódolle asegurar que na Consellería e na Dirección Xeral hai moita xente...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señor Calvo.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** ...—xa remato— tentando mellorar o sistema de transporte cada día.

Non crea que é, como di algún compañeiro ou compañeira súa, que se trata de persoas sen... ¡vamos!, que son doutro mundo, que queren fastidiar os galegos. Non é verdade. Queremos que o sistema funcione, e proba diso é que dende o ano 2019 aumentou a demanda un 68 por cento. Creo que non imos na mala dirección, aínda que, indubidablemente, seguro que podemos mellorar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana e do deputado Carlos López Font, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Aínda que aquí teño anotado que fai a pregunta a señora Espinosa, vaina facer o señor López Font. Ten tres minutos.



Moitas grazas.

**CARLOS LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Bo día, conselleira. Pasemos do xeral ao concreto.

Presentamos esta pregunta a finais de setembro como consecuencia do deficiente funcionamento do transporte público no Baixo Miño... —creo que non me puxo o tempo—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Vai en 2,41. Si, si. Non se ve. (*Murmurios.*) Espere que...

**CARLOS LÓPEZ FONT:** ...no transporte público no Baixo Miño, que afecta cinco concellos: A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui, e contorna a 50.000 habitantes que sofren a diario as deficiencias do transporte público. Hai miles de queixas non atendidas denunciando atrasos, supresión de liñas, horarios imposibles e vehículos en mal estado, e o Goberno galego sempre contestando, desde a grandilocuencia, que todo estaba ben.

A oferta do transporte público da Xunta resulta, de xeito evidente, escasa, irregular e cunha comunicación totalmente desastrosa. A comunicación do conxunto desta comarca, cun elevado volume de desprazamentos diarios a Vigo, aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro e á Universidade de Vigo, non responde ás necesidades dos habitantes dos cinco municipios.

Falamos de estudantes que non poden chegar ás súas clases, de traballadores que teñen que buscar alternativas imposibles para desprazarse, de persoas maiores que quedan illadas en concellos do interior... Pois o tempo deunos a razón, levando a unha situación certamente preocupante: rescisión do contrato de 5 concesións por mutuo acordo e polas causas que os socialistas indicabamos, o mal funcionamento.

O Goberno galego está obrigado a facer público o acordo de rescisión. Este acordo xa afecta tamén a comarca do Val Miñor, os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán; son hoxe 18 concellos afectados por esta decisión aos que se viu obrigada a Xunta a dirixirse —agora si—, cando deberían facelo cando deseñaron o Plan de transporte público de Galicia. Agora a Xunta recoñece o deficiente funcionamento do servizo, a necesidade —leo literal— «de reestruturación integral». E propónse responder ás necesidades —tamén literal— «de mobilidade da cidadanía». Ese é o seu comunicado, o da Consellería.

Isto que hoxe recoñece o Goberno do PP é consecuencia do que vimos anos denunciando: que o Plan de transporte público de Galicia estaba mal deseñado e que non se escoitara os consellos.

Máis que nunca agora é necesario que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades...



**O PRESIDENTE:** Grazas...

Rematou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

A verdade é que non me deixa de sorprender, primeiro, que esta pregunta a faga o Partido Socialista, dicindo que temos un sistema de transporte que non atende o territorio, cando veñen de aprobar un novo mapa concesional das súas liñas, onde deixaban máis de 30 concellos de Galicia sen parada; por certo, con apoio do Bloque Nacionalista Galego. Pero agora a vostede aquí écheselle a boca dicindo este tipo de cousas.

E, claro, vén dicir exactamente o contrario do que dicía o señor Ríos Santomé hai un momento. Ríos Santomé dicía que criticaba por que se chegaba a acordos para manter uns contratos que estaban mal. E, con todo, no Baixo Miño, que é a zona de transporte pola que vostede pregunta, despois de levar anos facendo modificacións, ben nas liñas, ben nas paradas, ben nos horarios, ben nas frecuencias ou nos autobuses —porque a demanda se incrementa, porque a demanda se incrementou exponencialmente nos últimos anos—, despois de facer iso, a flexibilidade do contratos xa non dá máis. E, como xa non se permite ser máis flexible nin nos permite máis, optamos por resolver o contrato e volver sacar a licitación. ¿Onde está o problema, señoría? ¿Onde está o problema?

Di vostede que é un desastre. Mire, no día de hoxe hai 63 liñas no Baixo Miño, 1.043 paradas funcionais e 35.490 servizos ao ano. Na Guarda funcionan 24 liñas, con 15.600 servizos; en Oia, 9 liñas, con 4.900 servizos; no Rosal, 24 liñas, con 16.000 servizos; en Tomiño, 19 liñas, con 13.400 servizos; en Tui, 46 liñas, con 26.000 servizos.

Nun día laborable medio, nun día como hoxe na comarca, funcionan 150 servizos de autobús, 64 deles na conexión con Vigo, 33 de ida e 31 de volta. Os primeiros servizos teñen a súa chegada a Vigo ás 7.35 da mañá e permiten volver ata as 21 horas.

Dito isto, estou seguro de que hai algún colectivo ou algunhas persoas que non se adaptan ao horario ¿É verdade? Si. Si, pero, loxicamente, isto está pensado para un conxunto de poboación. E con todas estas liñas e estes servizos comprenderá vostede que seguramente se poderá seguir mellorando. Pero o que non pode é vir aquí e dicir que isto é un desastre, cando o aval seu, onde gobernan, demostra que o desastre está máis ben na xestión doutro tipo de gobernos.

Dicía que as liñas que conectan con Vigo tamén crecen; tecen unha rede de servizos. Trátase de liñas con cabeceira na Guarda que se dirixen polo Rosal, Tomiño e Tui, ou ben outras que van por Oia cara a Baiona ou que realizan o seu itinerario por Gondomar. Son liñas que cobren distancias largas, señorías, en carretera —sabe vostede o que iso significa—, e que non deixan ningunha localidade sen atender.



E as conexións cos hospitais están perfectamente estudadas. Ás 7.15 saen dous servizos dende O Rosal cara a Tomiño e Gondomar, e dende A Guarda por Oia cara a Baiona...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Ás 8 un dende Tui. Cada día...

**O PRESIDENTE:** Ten outro turno despois. Grazas.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** ...levan 20 usuarios.

**O PRESIDENTE:** Grazas, ten outro turno despois.

*(Aplausos.)*

Para a réplica, o señor López Font.

**CARLOS LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Recomendaba o presidente Rueda ler os presupostos, os orzamentos. Eu recoméndolle a vostede que lea a Lei de mobilidade para que vexa que o que dixo é falso. *(Aplausos.)*

¿Cal é o problema? O problema é o que denuncian os usuarios do Baixo Miño. O problema son as conexións cos hospitais e coa universidade. Efectivamente, agora toca levar a cabo o que os socialistas viñamos propoñendo desde hai anos. Dino vostedes: reestruturar, pedir opinión aos responsables dos concellos. ¿Cando pediron opinión vostedes para deseñar o Plan de transporte público? ¡Nunca! É certamente unha novidade que o que recoñece é que estaba mal. O problema é que o mal deseño, señor conselleiro, seguirá sendo un castigo, porque, se se rescinde un contrato que ata agora é unha nova concesión, tardará doce meses, e a Xunta manterá o mal servizo que se estaba prestando ata o de agora.

As comunicacións desde os concellos da comarca do Baixo Miño e tamén do Val Miñor agora seguirán sendo deficientes. E dino os usuarios, non o dicimos nós —que tamén—.

O Plan de transporte da Xunta fracasou, como anticipamos hai anos. E seguramente a situación desta rescisión tamén será noutras concesións.

Deben iniciar un novo modelo, un transporte público adaptado ao século XXI, deben recoñecer o seu fracaso e pedirllas desculpas a todos os galegos e galegas que sofren estas deficiencias a diario, porque parece ser que terán que responder ante a Fiscalía por unha denuncia de incumprimento de practicamente todas as concesións.

Grazas. *(Aplausos.)*



**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Pero, ¿dixen eu algo que non fose certo da Lei de mobilidade? Aprobárona vostedes no Congreso, xunto co Bloque, e supuña a redución de máis de 30 paradas en concellos galegos. Pero, ¿sabe máis? Non nos pediron nin quixeron tratalo coas comunidades autónomas. O que querían é que as comunidades se fixesen cargo desas paradas unilateralmente, pero non convocaron unha conferencia sectorial, porque o seu ministro de Transportes está máis ocupado tuiteando, ou facendo outras cafradas que gobernando. E agora vénnos dicir a nosoutros que non escoitamos os concellos. Si que o fixemos, e pedímoslles aportacións, igual que o fixemos no Barbanza —e está a piques de saír—, igual que o fixemos en calquera dos outros sitios e igual que o estamos facendo tamén e que o faremos no Baixo Miño. Pero por pedirllas información aos concellos e por facelo coas alegacións, intentando solucionar os problemas, vostede agora critica que imos tardar un ano. *(O deputado Carlos López Font pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, acábao de dicir. Entón, ¿que quere?, ¿que non o fagamos? ¿En que quedamos?, ¿facémolo ou non o facemos?

A cousa é que a vostedes lles dá igual. Ao que veñen aquí é a criticar; se facemos unha cousa, crítica e, se non a facemos, tamén a critican. Esa é a estratexia que está copiando o Partido Socialista do Bloque Nacionalista Galego, e así lles vai, así lles vai!

Nós levamos feito nesta área bastantes cambios durante os últimos anos para adaptar a demanda. No ano 2024 viaxaron en autobús no Baixo Miño máis de 630.000 usuarios, un 11 por cento máis que o ano anterior. Supoño que non serán tan malas as conexións cando se incrementan un 11 por cento os viaxeiros nesta comarca.

No 2021, modificamos o contrato da ruta Camposancos-Hospital Álvaro Cunqueiro, para incrementar o número de vehículos, señoría. En varios momentos axustáronse os tempos entre paradas: na liña A Guarda-Baiona creouse en 2021 un servizo de volta de luns a sábado ás 9.45 horas; en abril de 2024, un de ida os sábados ás 12.40 horas; en setembro de 2023, polo aumento da demanda a primeira hora da mañá entre A Guarda e Vigo, axustouse o horario dun servizo, A Guarda-Tomiño-Tui-Vigo, de tal xeito que saían dous servizos nun intervalo de 10 minutos; en 2024 adecuáronse necesidades concretas á tempada de exames ordinarios na Universidade de Vigo, señoría; nos últimos meses cambiáronse as paradas do Hospital do Meixoeiro; e, a comezos de outubro, revisouse o horario do servizo da Garda-Tui-Vigo, da primeira hora da mañá, para atender a solicitude do IES Antón Alonso Ríos, de Tomiño, para optimizar o horario ás necesidades do alumnado de formación profesional. Isto é o que se leva facendo e traballando dende hai anos, señoría. Pero a vostedes dálles igual e miran para outro lado.

Pero é certo que —como dicía na intervención anterior— hai veces que a flexibilidade dos contratos ten un tope, e cando ten ese tope, hai que rescindilos, porque xa non dá máis. E nese proceso é no que nos atopamos agora...



**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** ...preguntándolles aos concellos cal é a aportación que queren facer.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso):** Pero a vostedes todo lles vale con tal de seguir criticando. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

*(O deputado Paulo Ríos Santomé pide a palabra.)*

¿Si, señor Paulo Ríos?, ¿para que quere a...? *(Pronúnciase palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Déanlle voz ao escano do señor...

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Si, pido a palabra con base no artigo 76.1 do Regulamento, porque o señor conselleiro aludiu directamente á miña persoa con cuestións que son inexactas.

**O PRESIDENTE:** ¿Cal é exactamente a inexactitude?

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** O señor conselleiro mencionoume dicindo que eu critico que se chegue a acordos para manter o bo funcionamento das concesións, cando non é así. Iso é unha inexactitude e vai directamente na liña de flotación da miña argumentación previa.

**O PRESIDENTE:** Queda xa constancia aquí.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Non, non, teño 3 minutos, segundo o Regulamento.

**O PRESIDENTE:** Non, el dixo esa palabra e vostede...

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Non, aludíume directamente dicindo algo que eu non dixen.

**O PRESIDENTE:** Si, pero vostede agora xa corrixiu iso.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Non, non, non...

**O PRESIDENTE:** Si, si.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Eu teño tres minutos, segundo o Regulamento. *(Pronúnciase palabras que non se perciben.)*

**O PRESIDENTE:** Aproximables... *(Pronúnciase palabras que non se perciben.)* (Murmurios.) ¡Por favor! Non, non... Iso é, como ben saben...



**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Non se preocupe, que, aínda que teña dereito a tres minutos, non vou facer uso deles.

**O PRESIDENTE:** Pero quero deixar claro que o artigo 76.1 sempre ten unha matización que vostedes nunca mencionan, que é: «a xuízo da Presidencia». (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) Non, non, un momento de calma. Eu voulle dar...

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** ¿Podo explicarme?

**O PRESIDENTE:** Si, efectivamente, foi aludido. Eu voulle dar..., pero, ben, ¡tres minutos...! Vai depender... Adiante.

**PAULO RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

O señor conselleiro referiuse a min dicindo que eu critico —como dicía antes— que se chegue a acordos para o bo funcionamento do Plan de transporte, e iso é totalmente falso; o que eu critico é o que fai a Xunta de Galicia, o que fan vostedes, que é permitir incumprimentos dos contratos como única base de sustentación do Plan de transporte público de Galiza, señor presidente. Esa é a inexactitude que dicía.

E, ademais, hai outra inexactitude, referida tamén ao meu grupo, que é que o Bloque Nacionalista Galego, cando saíu o primeiro anteproxecto do mapa de concesións do transporte do Estado, competencia do Estado, foi aquí, neste Parlamento, e en Madrid, a primeira organización política que meteu iniciativas rexeitando a eliminación destas paradas (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) e que ademais foi o BNG, a través de Néstor Rego, quen conseguiu que o Goberno do Estado dese marcha atrás para que se restablezan os contratos de transporte. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas. Terminou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! Non, non, xa está, morreu esta cuestión.

Eu sigo insistindo no que dixen sempre: é importante que non se aludan, porque, se se aluden, colocan nunha situación de non saber que facer co balón. Non se pode aludir, teñan coidado. E aquí están todos atentos a ver se se alude para ¡ras!... (*Risos.*) Pois hai que ter un pouco de coidado. Todos, ¡todos!... O Regulamento é o Regulamento, e así o protexe.

**Pregunta da deputada Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura**

**CRISTINA SANZ ARIAS:** Grazas, presidente.

Benvido, señor Corgos.



Hoxe toca falar de novo de orzamentos, e facémolo porque en Galicia si podemos, porque a ampla confianza que os galegos depositan no Partido Popular, elección tras elección, converte a Galicia nunha illa de estabilidade institucional que funciona con solvencia e con rigor e que se traduce en que o Goberno galego é capaz de presentar un proxecto de orzamentos por décimo sétima vez consecutiva neste Parlamento e en que, tras unha longa tramitación parlamentaria, Galicia chegará ao 1 de xaneiro cos orzamentos do ano 2026 aprobados. Un xeito de traballar moi distinto ao que ten o Goberno central, que, nun continuo atropelo ao artigo 134 da Constitución española, leva toda esta lexislatura sen presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de orzamentos, e está a piques de funcionar coa prórroga da prórroga da prórroga dos orzamentos do ano 2023, aprobados no ano 2022, por certo, cun Congreso que xa non existe.

Con esta decisión Sánchez está renunciando a ofrecer unha folla de ruta de país e está menosprezando sen disimulo o papel do lexislativo. «*Estoy dispuesto a gobernar con o sin concurso del poder legislativo*», dixo o presidente, e debe ser a única promesa que está cumprindo.

Ante este grave panorama, os grupos da oposición neste Parlamento gardan silencio, e o único que fan é intentar espallar a idea de que un país pode funcionar cuns orzamentos caducados desde hai anos e de que isto non ten ningunha repercusión directa para a sociedade. Pero non é certo. Non ter orzamentos ten consecuencias para os cidadáns; por exemplo, permítanme que me centre na miña provincia, Lugo, porque, a pesar de que a número 2 do PSdeG e a número 1 do BNG son lucenses, consenten día tras día que Sánchez se empeñe en desconectarnos. Como non hai orzamentos, somos a única provincia á que non chegará o AVE e a única cidade, Lugo, á que non chegará o AVE. Como non hai orzamentos, a eterna obra da autovía Lugo-Santiago, A54, pois se demorará aínda máis. Como non hai orzamentos, a liña de tren de FEVE da Mariña continuará en completo abandono, que é como está a liña Lugo-A Coruña, sen electrificar, e a cidade de Lugo, fóra do Corredor Atlántico de Mercadorías. Como non hai orzamentos, seguimos sen unha conexión axeitada con Ourense. Como non hai orzamentos, as estradas nacionais da nosa provincia están abandonadas, sen facer os mínimos investimentos en conservación ou mantemento. Como non hai orzamentos, seguiremos sen recibir o que se nos adebeda pola Lei de dependencia, a diferenza do trato que se lle dá ao País Vasco. «*Dependientes de primeira e dependientes de segunda*», dixo esta mañá a señora conselleira de Política Social. Ou, como non hai orzamentos, seguirán sen cumprirse as melloras retributivas pactadas cos traballadores públicos. Falo de Lugo, pero multipliquémolo por catro, pois situación similar acontece nas catro provincias galegas.

Señor Corgos, desde o Grupo Parlamentario Popular, ante este preocupante escenario, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**CRISTINA SANZ ARIAS:** ...das repercusións para Galicia de non ter orzamentos do Estado?

**O PRESIDENTE:** Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.



**O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado):** Señor presidente.

Señorías, o primeiro que me gustaría subliñar é que, como ben saben, o orzamento é a principal ferramenta coa que conta un goberno para aplicar o seu plan de goberno e solucionar os problemas e os retos que teñen os cidadáns para o seguinte exercicio.

Como dicía o profesor Fuentes Quintana, tres son as funcións esenciais dun orzamento: racionalizar a asignación do gasto público, instrumentar a política económica e posibilitar o control do lexislativo sobre o executivo. E isto é importante lembralo nun momento no que o Goberno central quere impoñer o relato de que non é tan importante dispor de orzamentos e de que un executivo pode gobernar sen o lexislativo. Temos que deixar claro que isto non é así.

Señorías, non é o mesmo gobernar tendo orzamentos que non os ter, sobre todo cando isto sucede de xeito reiterado. Porque o que está a pasar no noso país é inaudito: son tres anos nos que sucesivamente o Goberno incumpre a súa obriga ao Constitucional de presentar unhas contas no prazo establecido pola Carta Magna.

Dito isto, o primeiro efecto da falla de orzamentos é que un goberno non dispón dunha ferramenta axeitada para acometer as necesidades e os retos deste ano e do vindeiro. ¿É posible abordar as necesidades que terá o noso país, Galicia, do ano 2026 cunhas contas aprobadas no ano 2022? A resposta é que non. Un orzamento prorrogado do ano 2022 non é abondo nin cuantitativa e cualitativamente, nin contribuirá a resolver estes problemas. Por exemplo, o orzamento da Comunidade Autónoma medrou un 23 por cento dende o presentado para o ano 2026 respecto do aprobado para o ano 2022.

Indo xa ás repercusións máis directas para Galicia, tamén quero indicar que este adiamento *sine die* dos orzamentos está a provocar uns gastos financeiros directos de máis de 16 millóns de euros nos anos 2024 e 2025 pola non actualización das entregas á conta do sistema de financiamento; sobrecusto que volverá reproducirse no vindeiro ano, porque estes non entrarán en vigor o 1 de xaneiro. Case cen mil empregados públicos da Administración autonómica seguen, cando estamos a menos de dous meses de rematar o ano, co seu salario conxelado neste ano 2025 e sen saber que pasará o vindeiro exercicio; ou complícase e imposibilitase a planificación e a programación das infraestruturas, competencia da Administración Xeral do Estado, e vaise a unha execución errática e irregular destas aquí, na nosa comunidade autónoma, como se acaba de indicar.

E, por último, tamén outra conclusión é que as comunidades autónomas e as corporacións locais galegas teñamos cada vez máis dificultades para elaborar os nosos orzamentos por falla de información básica da Administración xeral do Estado. E non o dicimos nós, a propia Airef acaba de advertir que a falla de orzamentos ten importantes repercusións na repercusión fiscal, que dificulta o control ao Goberno e afecta os ingresos do resto das administracións públicas.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Sanz

**CRISTINA SANZ ARIAS:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, moitas grazas pola súa resposta.

Queda claro que por moito que os socialistas pretendan facernos crer, non ter orzamentos xerais do Estado ten consecuencias para os cidadáns, e moitas. É a demostración de que con Sánchez os galegos sempre saímos perdendo e é a demostración de que Sánchez aposta pola inestabilidade e a incerteza, que frean as expectativas dos axentes económicos e reducen a posibilidade de investir en novos proxectos ou en infraestruturas.

E todo iso sen transparencia, gobernando a golpe de modificacións orzamentarias que non teñen ningún tipo de aval nin debate parlamentario ou, como acaba de dicir, como dixo a Airef, facendo imposible o seu labor de supervisión das contas da Administración central. Pero, afortunadamente, Galicia é diferente; é máis, Galicia actúa dun xeito tan responsable e dálle tanta importancia a este instrumento que o presidente Rueda agardou a convocar as últimas eleccións ata o día seguinte de ter aprobado un orzamento para que, fose quen fose quen gañase —que afortunadamente fomos nós—, tivese esa ferramenta dispoñible desde o primeiro día, imprescindible para poder gobernar.

Señor Corgos, para desmontar esa falacia de que non pasa nada por gobernar sen orzamentos, ¿podería na súa réplica poñer algún exemplo do que pasaría en Galicia sen ter aprobadas as contas públicas autonómicas durante estes últimos tres anos, como está facendo o Goberno de Sánchez?

Remato xa lembrando unhas palabras de Sánchez, que non van ser as do coche sen gasolina, van ser outras. Sánchez dixo: «Ou orzamentos ou eleccións». Pois vaian tomando nota.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

**O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado):** Señoría, afortunadamente, a estabilidade institucional e política de Galicia estanos a permitir aprobar cada ano en tempo e forma os nosos orzamentos, e boa proba disto é que hai apenas dúas semanas entregamos no Parlamento o Proxecto de orzamentos para o vindeiro exercicio para que se debatan ao longo deste mes nesta Cámara, co obxectivo de que entren en vigor o vindeiro 1 de xaneiro. Porén, tivemos que elaborar e aprobar un proxecto de orzamentos dun xeito que non é o desexable, sen que o Goberno central nos comunicase información esencial para a súa elaboración, insisto, como acaba de denunciar a Airef. Foi algo que fixemos cos servizos de Economía e de Facenda, pero que non pode, de ningunha forma, substituír a necesaria coordinación económica do Goberno central nin a información básica que debe render o Ministerio de Facenda.



¿Que pasaría en Galicia se non se presentasen orzamentos nos últimos tres anos? Pasaría que Galicia non podería ser a primeira comunidade autónoma, por exemplo, en ter escolas infantís gratuítas; ou que Galicia tampouco podería ser a primeira comunidade autónoma en dispor de matrícula universitaria gratuíta; ou que Galicia non podería estar a executar o plan máis ambicioso de construción de vivenda social da Comunidade Autónoma para duplicar o parque de vivenda social —pasar de 4.000 a 8.000 vivendas no 2028—; ou aprobar medidas de desgravación fiscal que conseguen achegar vivendas baleiras ao mercado de alugueiro; ou que Galicia non podería seguir a reforzar o mellor calendario de vacinas de toda España; ou que Galicia non podería incorporar novos cribados para reforzar a medicina preventiva; ou que Galicia non podería recoñecer e financiar os coidados a cada vez máis persoas dependentes, como acaba de acreditar a conselleira hai uns intres; ou que Galicia non podería seguir ampliando e modernizando os complexos hospitalarios e, mesmo, creando o primeiro centro de España de protonterapia. Podería seguir con máis exemplos, porque son moitas as actuacións que aprobamos e planificamos orzamentariamente nos últimos tres anos, pero o realmente importante é que, precisamente, por ter uns orzamentos aprobados cada ano, todas esas actuacións se realizan e estas benefician os galegos e as galegas cada exercicio.

Por iso, para o vindeiro ano 2026, en Galicia seguiremos a levar a cabo a nosa estratexia de goberno cun respaldo orzamentario certo: para mellorar a prevención, co reforzo de cribados, cun incremento do 11 por cento; para mellorar a consolidación do calendario de vacinas máis completo de España, cun aumento do 18 por cento; coa maior dotación da historia na atención primaria; co reforzo do Programa de saúde mental, como acaba de indicar esta mesma mañá o presidente; para triplicar o financiamento a promotores para proxectos de vivenda protexida, pasando de 5 a 14 millóns de euros; para implementar un novo plan de axudas que cubra ata o 75 por cento das obras de rehabilitación de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes; para apoiar os autónomos, con 40 millóns de euros e para fomentar o emprendemento, con case 6 millóns de euros; para achegar 3 millóns de euros a unha nova fábrica europea de intelixencia artificial, unha das dúas únicas de España; ou para destinar...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado):** ...34 millóns de euros ao polo cuántico, o supercomputador máis potente do...

**O PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o tempo. Grazas.

*(Aplausos.)*

**Pregunta da deputada María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia**

**O PRESIDENTE:** Fará a pregunta don Moisés Rodríguez Pérez, do Grupo Parlamentario Popular.



**MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ:** Presidente, señorías, bos días.

Grazas, conselleira.

A maioría dos galegos e das galegas queremos saber, e, realmente, estamos intrigados despois das declaracións feitas pola ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez. Nelas —tomen nota, señorías— aseguraba que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, o señor Sánchez.

Señora conselleira, isto estaría moi ben se non se tratase dun tema tan serio como é o da vivenda. Os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas non contan co apoio preciso da Administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de vivendas a prezos accesibles, especialmente para a xente moza. En Galicia estaríamos encantados de que esa promesa electoral fose unha realidade, pero este grupo parlamentario, e a maioría dos galegos e das galegas, descoñecemos, primeiro, onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles postos á disposición da cidadanía e cando se fixo a entrega das chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Temos serias dúbidas dunha resposta certa, non porque dubidemos da súa capacidade, señora conselleira, senón porque o Goberno de España está descentrado no verdadeiramente importante. Está centrado, iso si, en salvar o soldado Pedro Sánchez e agora, tamén a súa familia. É un manual de resistencia pura. Unha vez máis, vemos como a acción de publicidade e de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade, obviando que formular un problema como é o da vivenda exige sumar esforzos de todas as administracións, cadaquén desde o seu ámbito competencial.

Señora conselleira, ¿ten vostede constancia das vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana a Galicia? Xa lle avanzo que nós levamos moito tempo tratando de localizalas, pero non as atopamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Antes de darlle a palabra á conselleira, saudamos os alumnos de cuarto, quinto e sexto de primaria do Centro San Ramón de Moeche e do da Barqueira, de Cerdido. Benvidos ao Parlamento. E tamén as profesoras que os acompañan.

Agora si, ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue, para responder.

**A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue):** Grazas, presidente.

Señor Rodríguez, si, a verdade é que é triste e lamentable ter que voltar a esta Cámara para, de novo, emendar a plana a un goberno central que, lonxe de actuar con responsabilidade,



como corresponde cando estamos a falar da principal preocupación da nosa cidadanía hoxe en día, que é acceder a unha vivenda, segue a facer anuncios que son fume e, ademais, a falsear información. Como ben di, a mostra témola nas declaracións da ministra o pasado mes de outubro (*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, amosa un documento con texto e imaxe.*): «Rodríguez dice que ya se han entregado 100.000 viviendas de las 180.000 comprometidas».

Efectivamente, señora ministra, señores do Partido Socialista aquí, en Galicia, e tamén do Bloque Nacionalista Galego, que apoian alí, en Madrid, o Partido Socialista, queremos saber en que rúas están, en que concellos se atopan estas vivendas entregadas polo Ministerio, quen foi o adxudicatario, por que importe se adxudicaron e se xa se entregaron as chaves. Nós xa lle preguntamos á ministra; ao mellor, a vostedes failles máis caso. Non responde porque a resposta é clara: son cero as vivendas entregadas polo Goberno central. De novo, temos anuncios que son fume e información que é falsa, o cal é moi grave. É certo que Sánchez é un experto en encadear anuncios para xerar confusión cando as cousas lle veñen mal dadas.

Xa no ano 2023, en precampaña das autonómicas e das municipais, prometera, primeiro, 100.000 vivendas; despois, 180.000; e despois, 213.000. Está todo constatado. No Congreso dos Deputados, dicía: «O Goberno financiará a construción e a rehabilitación de 43.000 novas vivendas». (*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas amosa un documento con texto e imaxe.*), pero seis días máis tarde, no Senado, xa eran 183.000. (*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas amosa un documento con texto e imaxe.*) As vivendas, para o Goberno socialista, multiplícanse como os pans e os peixes, pero aquí non se trata de milagres, trátase de feitos. O Executivo galego, neste ano e seis meses que levamos de lexislatura, puxo en marcha preto de 3.000 novas vivendas de promoción pública, o 73 por cento das comprometidas ata o ano 2028. Moitas desas vivendas empezaremos a entregalas no vindeiro ano 2026. A nosa información é pública, é transparente e é real. Calquera pode consultala na Plataforma de contratos de Galicia. Alí están as bases, os pregos, os importes de licitación, os importes de adxudicación, quen está construíndo e cando se empezou a construción desas vivendas.

Señores, temos que ser moi, moi sensatos nun tema tan importante como é a vivenda. Apropiar-se das vivendas que están a facer as comunidades autónomas é dunha dubidosa deontoloxía política, e iso é o que está a facer o Goberno central.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Rodríguez.

**MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ:** Moitas grazas, conselleira.

Xa manifestei na miña primeira intervención a nosa desconfianza nas declaracións feitas pola ministra, pero a realidade é que, tristemente, hai moito ruído e poucas noces: ¡cero vi-



vendas entregadas! Eu quería traer unha foto, pero non a atopei. Non atopei ningunha foto de ningunha desas vivendas. Os do BNG e os do PSOE teñen moi pouca memoria ou teñen memoria selectiva. Todos os días veñen aquí dar clases sen que ninguén llelo pida, pero non se lembran de que, cando eles gobernaron, o que si fixeron —e fixérono moi ben— foi quebrar Xestur e deixar unha débeda de máis de 280 millóns de euros. BNG e mais PSOE son socios e cómplices; a bancarrota, ¡siniestro total! ¿Saben cantas vivendas se podían facer con eses cartos? O burato do Bipartito permitiría construír máis de 2.000 vivendas. Empregan o manual de goberno da esquerda: deixar pufos, e o que veña detrás que pague.

Conselleira, moitas grazas pola súa resposta e polo seu compromiso. Grazas polo seu traballo e —¿como non?— polo de todo o seu equipo no ambicioso obxectivo de incrementar en 4.000 vivendas o noso parque público. A diferenza do Goberno de Sánchez, vostede si que pode situalas nun mapa. Imos polo bo camiño. ¿Podería avanzar no seu turno os datos e previsións reais da Xunta de Galicia en materia de vivenda nos vindeiros meses?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue):** Grazas, presidente.

Efectivamente, señor deputado, esta é a única verdade (*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, amosa unha imaxe.*): o mapa de Galicia, con preto de 3.000 novas vivendas de promoción pública postas en marcha en ano e medio de lexislatura, máis do 73 por cento do comprometido. (*Aplausos.*) Empezaremos a entregar estas vivendas xa no vindeiro ano 2026; vivendas que están a ser promovidas non só polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, senón tamén pola nosa Sociedade de Vivenda Pública, plenamente operativa, creada e posta en marcha xa no ano 2025.

Estamos construíndo nova vivenda na Coruña, en Santiago, en Ferrol, en Narón, en Teo, en Lugo, en Pontevedra, en Vigo, en Vilagarcía, en Mos, na Estrada, en Lalín, en Ourense e en San Cibrao das Viñas, polo de agora. Son 2.985 vivendas en marcha, (*Aplausos.*) das cales 2.134 son con fondos exclusivamente da Xunta de Galicia, e o resto, esas 800 e pico vivendas, están cofinanciadas con fondos europeos, con fondos MRR que, por desgraza, non chegan nin ao 20 por cento.

Si, señorías, é así. O oitenta por cento dese vinte por cento restante é posto pola Xunta de Galicia. O que non pode facer o Ministerio é tentar apropiarse, como propios, dos fondos europeos, que son repartidos a todos os Estados membros e que, desta vez —menos mal—, o Goberno central repartiu para ese programa ás comunidades autónomas. Galicia actúa cunha eficiencia total, que vén demostrando que fixo que percibísemos un millón de euros adicionais en detracción doutras comunidades autónomas que non foron quen de comprometer eses cartos. (*Aplausos.*) ¿Sabe cal é a aportación? A aportación do Goberno central nestas vivendas é de cero euros.



Voulle dar outro dato: na época do Bipartito, cando cogobernaban o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, licitáronse en total —neses catro anos— 1.114 vivendas. Foron 1.114 vivendas licitadas, que está moi ben, pero nós nun ano e seis meses levamos o triplo delas xa postas en marcha, e así seguiremos, por suposto. Temos un orzamento —que será aprobado e entrará en vigor o 1 de xaneiro— de 269 millóns de euros para o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e temos que sumar os 77,8 millóns de euros do Vipugal. Estamos a falar de 350 millóns de euros só en política de vivenda para o ano 2026. Destes, 163 serán só para a construción de vivenda pública e 18 millóns de euros para seguir a habilitar solo onde poder construír esa vivenda.

Polo tanto, a exemplaridade deste executivo galego demostra a súa contrariedade cun goberno central que nin sequera aportou o marco que necesitamos para ese futuro plan estatal. Estamos a un mes de que remate o Plan estatal e, repito, Galicia dixo «si» a ese cofinanciamento do 40 por cento. Polo tanto, tampouco tenten confundir neste ámbito.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, hai un mes, a cidadanía da Pobra do Caramiñal comezou a mobilizarse diante do seu centro de saúde para reivindicar a cobertura de tres médicos, dun total de sete que debía haber no centro. O 3 de outubro, A Pobra rexeitou masivamente o recorte de médicos e tamén o peche unilateral do PAC entre as tres da tarde e as dez da noite, que se mantén dende hai xa máis dun ano. A veciñanza saíu á rúa amplamente ese venres —e todos os venres dende aquela—, e iso fixo que vostedes reaccionasen á semana seguinte implementando a cobertura de dous facultativos con contratos eventuais. É dicir, en Galiza —este país no que, segundo vostede, non hai médicos—, inmediatamente despois da numerosa protesta do día 3, apareceron dous na Pobra, que, evidentemente, volverán desaparecer en canto xurda outro lume que vostedes consideren máis importante.

A atención que viña prestando o PAC, dende hai anos, pola tarde os días de semana eliminouna vostede pouco despois de ser nomeado conselleiro, cartel mediante —iso si— da Dirección da área sanitaria na porta do centro de saúde, e desviaron a cidadanía da Pobra a Ribeira nese horario. ¡Nin máis nin menos que Ribeira, señor conselleiro!, un PAC dun centro que leva anos nunha situación extrema por mor do seu desleixo e da súa irresponsabilidade. Deste xeito, incrementou vostede os pacientes no PAC de Ribeira sen reforzalo, aínda cando



a estatística di que se producen máis urxencias en horario de tarde que de noite. Nunha mesma xogada, desatende o PAC da Pobra e recarga o de Ribeira, onde aumentaron tamén as saídas de ambulancias a domicilio a maior distancia. Conseguiu que as urxencias da Pobra rematen engrosando final e maioritariamente as do hospital comarcal, coas consecuencias que isto xa está a traer para as urxencias do hospital.

Onte dicía aquí a conselleira do Medio Rural que Galiza non arde, senón que a queiman. Pois ben, señor conselleiro, ¿ata cando vai seguir vostede queimando os profesionais e os usuarios da sanidade pública na comarca da Barbanza? *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Por aclarar, señoría, a premisa da que parte a súa pregunta é rotundamente falsa, porque nunca se reduciu o horario do PAC desde que o PAC da Pobra do Caramiñal existe; ¡nunca! O PAC mantén o mesmo horario establecido desde a súa creación: de luns a venres de dez da noite ás oito da mañá, e as vinte e catro horas os sábados, domingos e festivos.

Existiu por un tempo unha conduta na práctica, que foi a de acudir aos médicos de familia da quenda de tarde como se fosen médicos de PAC, mais non era o servizo de urxencias destinado para ese fin. Para ese fin, contamos co Punto de Atención Continuada de Ribeira. Os recursos asistenciais están ordenados e distribuídos de tal xeito que se garanta a maior cobertura a toda a poboación, tratando de non sobrecargar innecesariamente os profesionais.

O que vostedes veñen reclamando aquí é que os profesionais da Pobra do Caramiñal asuman atribucións impropias do seu posto de traballo. Non se trata de deixar desatendidos os pacientes; iso, nunca. Os profesionais sanitarios nunca deixan desatendidos os pacientes ante unha emerxencia ou urxencia —espero que non insinúen o contrario—, o que pretenden é empregar médicos de familia cos seus propios cupos e citas programadas como se dun Punto de Atención Continuada se tratase, e iso non pode ser.

Nós debemos xestionar do mellor xeito posible todos os recursos dos que dispoñemos para dar a mellor cobertura posible a todas as galegas e galegos. Cando un veciño da Pobra do Caramiñal ten unha urxencia, pode acudir directamente ao médico de familia no horario do seu cupo. Se a urxencia se dá fóra do horario do seu médico, debe acudir ao PAC de Ribeira, aberto desde as tres da tarde. Se a urxencia é pola noite, a partir das dez e ata as oito da mañá debe acudir ao PAC da Pobra do Caramiñal. E se a urxencia é en sábado, domingo ou festivo, pois tamén acode ao PAC da Pobra do Caramiñal.

Este é o modo no que están organizados os recursos asistenciais para garantir a cobertura sanitaria aos veciños.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.



Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Pois non lle chame PAC, señor conselleiro, pero eliminou vos-tede dun plumazo, nada máis ser nomeado, un horario de tres a dez da noite que existía dende había moitos anos na Pobra do Caramiñal. Non só iso, senón que non o cubriu doutro xeito que non fose mandando os veciños e as veciñas da Pobra a Ribeira; iso foi o que fixo.

Mire, quero insistir no que dixo aquí a nosa portavoz nacional pola mañá —no que lle dixo ao señor Rueda—: os galegos e as galegas o que necesitan son solucións, independentemente do nome das solucións, e non a súa propaganda.

Non só estamos nunha situación cada vez peor nos centros de saúde e nos hospitais na nosa comarca, senón que, ademais, vostedes queren que, primeiro, asumamos como normal o que é absolutamente anormal, que é a falta de médicos e, polo tanto, a perda de calidade asistencial na sanidade pública; e, segundo, quere que asistamos mudos á utilización que vostedes fan dos cartos dos galegos e das galegas, que se debían destinar á sanidade pública e que utilizan para os seus cambalaches e os seus intereses partidistas. Non só mandaron de repente dous médicos para A Pobra para acalar rapidamente a importante mobilización da súa veciñanza, senón que tamén, despois de anos dunha deterioración brutal da asistencia no Centro de Saúde de Ribeira, repetíndonos vostede tamén ata a saciedade que non hai médicos, que non poden facer nada e que a culpa é de Madrid, empezaron a chegar a Ribeira os médicos, xusto despois da moción de censura, como pago, evidentemente, polos servizos prestados aos trileiros do PBB. *(Aplausos.)*

¿Señor conselleiro, en que lista de substitucións, de contratación, estaban eses médicos que apareceron en Ribeira? ¿En que lista e cal é a legalidade do sistema absolutamente indecente que utilizan para cubrir prazas —jou non cubrilas!; depende— segundo os intereses do seu partido?

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** ¿Cando lles vai dar por cubrir as prazas do Centro de Saúde da Pobra? *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Señoría, mire, no Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal actualmente están cubertas cinco prazas de médico de familia de forma efectiva. O cupo da sexta praza é asumido polo resto de facultativos. Non existen médicos de familia nas listas de contratación que poidamos incorporar ao Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal. E non dispoñemos deses profesionais de atención primaria porque o Goberno de Pedro Sánchez permanece impasible ante este déficit acusado de facultativos de atención primaria.



Pese á falta de profesionais, conseguimos contratar dous médicos de familia, que comezaron o pasado luns, para cubrir unha vacante e unhas vacacións na Pobra do Caramiñal. Con cinco facultativos dispoñibles corresponde unha media de 1.550 usuarios por cada un, o que sitúa os cupos dentro das marxes establecidas polo Ministerio de Sanidade e polas sociedades científicas como unha *ratio* axeitada.

¿Quere que falemos de pediatría, por exemplo? Non hai demora. Aténdense no propio día. Vostedes escollen sempre algún caso illado porque cren que lles compensa politicamente, pero non é fácil que vostedes enganen os galegos e as galegas coas súas trampas ao solitario.

O noso compromiso coa mellora da atención sanitaria dos veciños da Pobra do Caramiñal e de toda a comarca da Barbanza queda reflectido nas contas da Consellería do vindeiro ano, nas que reservamos un investimento de 460.000 euros para a dotación dunha nova ambulancia medicalizada, que dará cobertura a Rianxo, Boiro, Ribeira, Porto do Son e A Pobra do Caramiñal e que prevemos que estea funcionando no primeiro trimestre do ano.

Acabamos de adxudicar a nova sala de raios robotizada para o Hospital da Barbanza, coa que optimizaremos procedementos de imaxe e melloraremos a precisión diagnóstica. Este equipamento completárase cun sistema de radioloxía portátil que xa adquirimos e que agardamos que empece a funcionar no vindeiro mes de decembro e tamén coa adquisición dun mamógrafo, para o que reservamos 326.000 euros nos orzamentos do ano que vén.

Estamos a traballar para atender outras demandas do hospital. Antes de que remate o ano licitaremos a redacción do proxecto do Hospital de Día de Oncohematoloxía, para evitar que os pacientes con cancro da comarca teñan que desprazarse a Santiago para as súas consultas máis rutineiras e para recibir tratamentos sinxelos. Ademais, acometeremos unha mellora da eficiencia enerxética do hospital cun millón de euros.

Señoría, con investimentos é como demostramos o noso compromiso coa mellora da sanidade pública dos veciños da Barbanza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Bos días, conselleiro.



O ictus, esa primeira causa de discapacidade adquirida en adultos, é unha das principais causas de mortalidade no noso país. En Ourense é un reto sanitario de primeira orde, porque está vinculado directamente co noso perfil demográfico. Ourense é a provincia máis envellecida de Galicia: o 32 por cento da poboación ten máis de 65 anos. O envellecemento implica máis risco de ictus, obviamente, con secuelas que condicionan a autonomía das persoas e supoñen un enorme custo sanitario e tamén social. Por iso, Ourense precisa dunha unidade integral de ictus operativa as 24 horas do día e os 365 días do ano.

O 7 de outubro, o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba unha iniciativa nesta Cámara solicitando a creación desta unidade con persoal especializado, medios técnicos e cobertura permanente. O 14 de outubro as socialistas presentamos publicamente esta demanda nunha rolda de prensa recollida polos medios, explicando a urxencia da medida e poñendo voz ás advertencias dos profesionais sanitarios. E, curiosamente —ou máis ben causalmente—, poucos días despois, o Sergas anunciaba a posta en marcha dunha suposta unidade de ictus en Ourense a partir do 1 de novembro. Mais, señor conselleiro, non é a unidade de ictus que precisa Ourense; é unha unidade totalmente descafeinada, é un parche e é un remendo asistencial —non o digo eu, dino os profesionais— que non garante nin a cobertura nin a capacidade real dunha unidade integral de ictus.

O que vostede anunciaba son seis camas medicalizadas, pero que poden ser ocupadas por outros pacientes que non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si—, sen persoal suficiente, sen cobertura por enfermeiras e auxiliares nas fins de semana, sen protocolos definidos e —o máis grave— sen capacidade para realizar trombectomías mecánicas, que son o tratamento determinante no ictus grave.

¿Que significa isto, conselleiro? Que os pacientes de Ourense seguirán tendo que ir —e ser trasladados— ao hospital de Vigo, perdendo un tempo crítico. Non falamos de minutos, senón que falamos de horas en moitas ocasións, porque, póñase no Barco de Valdeorras, hai que ir de Valdeorras a Ourense e de Ourense a Vigo —ou Trives, ou Manzaneda—.

E a provincia tamén sofre graves carencias en materia de transporte medicalizado, e vostede sábeo. O propio persoal sanitario advertiuno nun comunicado; reiteraba que se abría esta unidade sen negociación, sen planificación, sen formación e sen recursos humanos suficientes.

Por iso lle preguntamos: ¿cal é o calendario —pero o calendario real e verificable— da Xunta para poñer en marcha esa unidade integral de ictus en Ourense con persoal e con medios técnicos e cobertura os 365 días do ano? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Señora deputada, en primeiro lugar, déixeme agradecerlle a pregunta, porque me permite poñer en valor a nova unidade de ictus de Ourense, na que levamos traballando desde hai tempo e



que vimos de activar. Esta nova unidade xa está en servizo desde as oito horas do pasado 1 de novembro —por certo, foron cinco pacientes desde a apertura—. Entendo que isto xa o debería saber, posto que a nova unidade e a súa posta en marcha foron autorizadas polo Consello da Xunta e anunciadas polo propio presidente na reunión do Goberno celebrada en Celanova.

Señoría, se esta unidade está funcionando é polo compromiso e polo traballo da Xunta, da Consellería e, sobre todo, da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e, por suposto, pola implicación e o compromiso dos profesionais. A dotación dunha unidade de ictus era un compromiso deste Goberno da Xunta cos veciños da provincia de Ourense. A decisión, efectivamente, tomouse en 2023. Desde ese momento comezamos a dar os pasos para a creación dunha unidade específica para tratar os ictus as 24 horas do día dos 365 días do ano.

Este tipo de unidade é unha estrutura xeograficamente delimitada para o coidado dos pacientes con esta patoloxía, con criterios de ingreso preestablecidos, con monitorización continua e con persoal adestrado e especificamente dedicado. A nova unidade está coordinada por neurólogos expertos que colaboran con outras especialidades médicas relacionadas, conta co persoal e servizos de diagnóstico dispoñibles as vinte e catro horas do día e con vías clínicas e protocolos para o manexo dos pacientes baseados nas evidencias científicas máis actualizadas.

Todo isto, señoría, é posible grazas a que o Servizo de Neuroloxía da área sanitaria está perfectamente dimensionado para levar a cabo esta nova encomenda. Na actualidade, dispón dun xefe de servizo e de doce facultativos, que tamén prestan asistencia especializada aos hospitais comarcais de Valdeorras e de Verín. Para a posta en marcha desta nova Unidade de Ictus, a Área Sanitaria de Ourense estableceu unha dotación de seis camas de hospitalización con monitorización; esta dotación estará atendida —e está atendida— por dous neurólogos e catro enfermeiros da Unidade de Hospitalización para a atención dos pacientes de maior complexidade, todos os días da semana.

Sen dúbida esta aposta decidida pola nova unidade de ictus de Ourense marca un antes e un despois na asistencia sanitaria nesta provincia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica da señora Rodríguez Dacosta.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Conselleiro, agradecíame que lle fixese esa pregunta; pois, de nada, porque así aclaramos certas cousas.

Falaba vostede de seis camas medicalizadas. Ben, é certo, pero se esas seis camas medicalizadas, despois, están ocupadas por outros pacientes... É así, porque os profesionais —reunímonos con eles— así o manifestaron. Despois pode dicir o que é verdade e o que é mentira.



Imos ver, ¿é verdade ou non é verdade que os ourensáns, se sufrimos un ictus grave, temos que ser trasladados ao Álvaro Cunqueiro para facer as probas pertinentes?; ¿é certo ou non é certo?... para facer as trombectomías, ¿é certo? ¿É certo que non temos neurorradiólogos nesta unidade especializados en Cirurxía Vascular? ¿é certo ou non é certo? ¿É certo ou non é certo que xa había dous neurólogos en Ourense e que xa non temos neurorradiólogo... —perdón, agora olvideime—, neurólogo de garda? ¿É certo ou non é certo que a dotación de enfermeiras e de auxiliares de enfermaría non chega para cubrir as fins de semana —e tardes tamén—?; ¿é certo ou non é certo?

Mire, non somos un barrio de Vigo, (*Un deputado pronuncia palabras que non se perciben.*) señor conselleiro; somos a terceira cidade de Galicia. Temos dereito a unha unidade integral do ictus porque é a cidade máis envellecida de Galicia. (*Aplausos.*) Vostede, na nota de prensa —cando foron a Celanova vender estas bondades para Ourense—, (*Aplausos.*) xa dicía que o índice aumentaba cada ano e que se necesitaba esa unidade de ictus. Pois entón póñanse a traballar. E realmente queremos unha unidade como as das outras cidades galegas, é dicir queremos unha unidade integral nesta cidade —a máis envellecida—, porque díxonos non á Unidade de Xeriatria, cando a tiñamos que ter, e dinos non para unha unidade integral; estao dicindo agora.

Eu espero que rectifique, señor conselleiro, e que diga: pois mire, o PSdeG ten razón. Realmente precísanse profesionais, coma neurorradiólogos, e que se fagan as operacións para ictus graves en Ourense, porque xa lle digo que...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...dende O Barco de Valdeorras...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...ata Vigo...,

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...son catro horas, como mínimo. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo. (*Murmurios.*)

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Como expliquei, na miña primeira intervención, unha unidade de ictus non é algo que se poña en marcha da noite para a mañá; é algo complexo e delicado polos procesos —procesos complexos—; polo persoal, que necesita unha alta cualificación e capacidade sanitaria; e polo equipamento, tamén preciso, para realizar eses procesos.

O proceso de posta en marcha da Unidade de Ictus de Ourense supuxo realizar un traballo de fondo que se intensificou nos últimos anos. Este servizo só era prestado en horario de



mañá, polo que, desde maio deste mesmo ano, instauramos —en maio— a garda coa presenza física de neurólogo en xornada de 24 horas no CHOU. Con esta medida reforzamos a atención sanitaria de máis de duascentas noventa e cinco mil persoas residentes na provincia de Ourense, das cales o 82 por cento teñen 65 anos ou máis. Esta nova unidade é unha mostra da evolución do modelo asistencial de Galicia, que, no ano 2022, tiña tres hospitais con garda presencial e con tecnoloxía 24 horas ao día. Desde a posta en marcha do Código Ictus, por parte da Consellería de Sanidade, lévase traballando ininterrompidamente para chegar a onde estamos hoxe.

Mire, en 2024 aprobamos a primeira vía clínica do ictus en Ourense, polo que se modificaron e se estableceron as pautas para a participación de dous neurólogos desde a primeira asistencia ao paciente. Actualmente, o Servizo Galego de Saúde conta con cinco hospitais que dispoñen desta prestación: A Coruña, Santiago, Vigo, Lugo e agora Ourense. Estes centros contan, ademais, con gardas presenciais de Neuroloxía as 24 horas e os 365 días do ano, o que supón un grande avance na atención ao ictus. A garantía de contar con profesionais con presenza física e con especialistas no propio centro, durante todo o día, permite unha valoración clínica máis completa. A combinación da Unidade de Ictus de Ourense permítenos homoxeneizar a atención, ofrecendo unha adecuada atención sanitaria coa máxima seguridade e actuando no menor tempo posible ante unha patoloxía tempo-dependente e de xeito equitativo para toda a cidadanía galega, independentemente do seu lugar de residencia.

E isto é o resultado do proceso de mellora continua, promovido polos últimos avances no diagnóstico e polo compromiso deste Goberno por brindar unha atención sanitaria equitativa en toda Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a situación do Centro de Saúde de Ponte Carreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Silvia Longueira.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidente.

Bo día conselleiro e bo día tamén ao portavoz do PSdeG de Frades, que está precisamente esperando para saber esta cuestión —vou primeiro ler a pregunta porque, ás veces, non me dá tempo a acabala—. ¿Cando pensou a Consellería de Sanidade restituír a normalidade da atención médica diaria presencial no concello de Frades?

O día 25 — precisamente, o sábado—, había alí bastantes persoas —eu diría que máis de duascentas persoas—, entre elas, o alcalde da zona de Ponte Carreira, que é onde está o centro de saúde que corresponde ao concello de Frades. O alcalde de Ponte Carreira é seu —é do Partido Popular—, e estaba alí precisamente porque é unha cuestión evidente, entre toda a



veciñanza, que hai unha anomalía desde hai xa moito tempo co centro de saúde de Frades, é dicir, teñen unha médica militar, que, cando lle toca estar coas cuestións militares, vaise, e teñen outro médico que está, non está, sábese, non se sabe... Non hai unha coordinación, e isto vén acontecendo desde mediados da lexislatura pasada. Xa viñeron aquí ao Parlamento, xa viñeron para máis cuestións. Creo que o propio alcalde —se dixo a verdade, supoño que si— pediu xa ao Partido Popular, e pediu xa aquí —ou ben á Consellería ou ben ás dependencias da Consellería— que se restituíse esta situación, basicamente, porque Frades son doce entidades —e volvo insistir, o centro de saúde está en Ponte Carreira— e máis de dúas mil persoas, entre elas, unha poboación envellecida que precisa, evidentemente, dunha atención diaria. E esa é a realidade.

Entón, non é unha cuestión de «non temos médico». ¡Non, non! Non se atopa o médico varios días á semana; e non unha cuestión de que as persoas de Frades —os veciños de Frades— vaian de vez en cando ao médico. Son persoas crónicas, envellecidas, con serias patoloxías, cun PAC que está en Ordes —a onde un chega como en vinte minutos en coche ou ben en taxi—, e evidentemente, eu non sei se contribuímos para asentar a poboación, ou non, coas políticas da Xunta, pero, desde logo, non se contribúe para asentar poboación con datos deste tipo.

Así que —como están aquí os veciños (*A deputada Silvia Longueira Castro sinala para a tribuna de convidadas e de convidados.*) e como tamén chegará o recado ao alcalde e aos demais—, eu preguntolle así, sen máis —porque este é o motivo da pregunta—, ¿cando se vai restituír a normalidade médica presencial no concello de Frades?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Saúdos aos veciños de Frades.

Señoría, o compromiso do Goberno galego e da Consellería de Sanidade coa atención sanitaria —especialmente nos concellos do rural—, é absoluto.

Quen deberían, quizais, reflexionar sobre o seu papel na defensa da prestación sanitaria no rural sexan vostedes. E digo isto, porque, se hoxe existe atención sanitaria cunha praza en propiedade en Frades, é precisamente grazas ás prazas de difícil cobertura ás cales vostedes se opuxeron. Vostedes votaron, ata tres veces, en contra neste Parlamento a esas prazas de difícil cobertura, as cales, sen embargo, son as que agora permiten cubrir moitos postos no rural galego. Iso é o que lles ten que explicar vostede aos veciños de Frades, (*Aplausos.*) é dicir, que a praza da súa médica de familia existe grazas á maioría parlamentaria do partido que sustenta o Goberno galego, a pesar do voto negativo do PSdeG (*Aplausos.*) e do Bloque Nacionalista Galego.



Miren, o concello de Frades ten case mil oitocentos usuarios da sanidade pública galega e dous centros sanitarios: o Centro de Saúde de Ponte Carreira e o Consultorio de Abellá. E, ademais da facultativa que atende, de maneira diaria, no Centro de Saúde de Ponte Carreira, hai outra profesional que reforza nese centro os luns e os mércores, e o resto de días atende no Consultorio de Abellá.

Nós temos o compromiso de cubrir todo o que poidamos, sempre que sexa posible e que a escaseza de médicos nolo permita. Iso si, é rotundamente falso que a atención sanitaria non estea garantida para os veciños do concello de Frades porque cando unha facultativa non está, os pacientes son atendidos pola outra facultativa especialista de Atención Primaria. En ningún momento o municipio queda sen atención sanitaria. E iso é o importante: nun contexto en que as listas de contratación están a cero e resulta francamente difícil atopar profesionais, logramos garantir a asistencia tras unha busca activa, persistente e con solucións —insisto, que vostedes non apoiaron—.

Coido que o primeiro que deberían facer vostedes é ser francos cos veciños de Frades. Deberían practicar máis a lealdade institucional e non tratar de torpedear as propostas construtivas e resolutivas que fai a Xunta.

Nós si estamos comprometidos coa atención sanitaria do rural galego e demostrámolo con feitos e con medidas. ¿Poden dicir vostedes o mesmo?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica da señora Longueira.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Grazas.

Xa lle dixen, o alcalde de Frades estaba alí e portouse coma un señor —tamén llo teño que dicir—. Saíu de onde estabamos, falou como alcalde... ¡Home!, quixo amparalo; el quixo amparalo. Non o castiguen despois, pois eu tamén ben sei como van estas cousas dentro dos partidos. *(Murmurios.) (Risos.)* El quixo amparalo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡pero non! —aquí ve vostede que *(A deputada Silvia Longueira Castro sinala para a bancada do Grupo Parlamentario Popular.)* os seus amigos sempre son tan amables comigo—.

¡Isto non se sostén!, non se sostén porque non é verdade que haxa asistencia todos os días; non é verdade. E, se non, eu non estaría aquí facendo esta pregunta porque eu non veño facer aquí unha pregunta dun concello como Frades para quedar ben con ninguén. Cando traemos aquí unha pregunta dun concello é porque é necesario. Non é que aquí queiramos botarnos por fóra do asunto.

É poboación envellecida —vostede acaba de dicilo—; é xente que necesita unha seguridade médica. E moito máis, ás veces, que saber ou ter a propia cura ou a propia medicina, é saber que nese centro de saúde hai un médico polas mañás. *(Aplausos.)* Iso dá unha seguridade



médica moito máis alá que a medicina. Sabe vostede perfectamente que vai moito máis alá, ás veces, que unha receita ou que auscultarse no médico. *(Aplausos.)*

Así que, ¡sabe que non é verdade! Teñen unha médica do servizo militar, ou unha médica militar, a cal se vai cando ten que saír nas súas misións, e teñen outro señor que fai o que pode co que ten, pero non hai asistencia.

E mire —eu non sei—, vostedes gobernan desde hai dezaseis anos, con maioría absoluta tras maioría absoluta —que é o que digo sempre aquí—. Digo eu que xa poderían ter arraxado isto. ¡Eu non sei cando votamos en contra ou cando deixamos de votar, pero os que gobernan son vostedes, e a responsabilidade é súa! ¡Terán que buscar o método para arraxalo!

Non me carguen, outra vez, a min, porque cada vez que fago unha pregunta deste tipo e me voltan dicir que a culpa é nosa, pois eu debo estar equivocada ou non sei [...] nos mundos de *yuppie*, porque eu non goberno e o meu partido non goberna en Galicia; é o seu.

Entón, por favor, xa sei que vostede vén responder o que ten que responder, pero, en calquera caso, o antes posible.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** Xa que morreu don Juan...,

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** ...que era o médico que tiñan...,

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**SILVIA LONGUEIRA CASTRO:** ...póñanlles un médico fixo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

*(Murmurios.)*

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Señoría, o noso compromiso co concello de Frades non se limita exclusivamente a cubrir unha praza de difícil cobertura nese concello. As accións que levamos a cabo en Frades son un claro exemplo da aposta por garantir a accesibilidade e a maior atención sanitaria no rural que temos desde esta Consellería de Sanidade.



E falo, por suposto, dos investimentos, pero tamén da posta en marcha de novos servizos sanitarios cos cales evitamos aos veciños desprazamentos cara a Santiago. Recentemente, investimos máis de cincuenta mil euros para as reformas e as melloras dos centros sanitarios da localidade, mediante un convenio co Concello; e tamén puxemos en marcha un programa pioneiro, é dicir, un proxecto piloto que leva case un ano atendendo os veciños de Frades e do resto dos municipios da comarca.

En novembro do ano pasado comezou a funcionar a unidade móbil de radiodiagnóstico na Área Sanitaria de Santiago; unha unidade que supuxo un investimento de preto de trescentos setenta mil euros para dar cobertura a máis de trinta mil usuarios dos concellos predominantemente rurais, como Frades, Trazo, Mesía, Ordes, Santa Comba ou Tordoia. Esta unidade realiza de media cento trinta probas diagnósticas por semana e supón evitar ao redor de sete mil quilómetros en desprazamentos. Desde o 27 de novembro do ano pasado, que comezou a andar esta unidade móbil —que se despraza cada semana ata o Centro de Saúde de Ponte Carreira—, son xa 290 os veciños de Frades aos que se lles realizaron máis de 300 radiografías —radiografías encargadas tanto desde a atención primaria como hospitalaria—, e foron asistidas por intelixencia artificial, para o apoio á interpretación de radiografías de fracturas e tamén de patoloxía torácica.

Tamén o concello de Frades está incluído no Proxecto Aloumiños —para o que firmamos un convenio entre a Consellería de Sanidade e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia—; un proxecto do que forman parte outros dezanove concellos predominantemente rurais. Neste proxecto a Consellería achegou 127.000 euros para previr a soidade non desexada detectada nos centros de atención primaria. Consiste en actividades de benestar social e emocional e no fomento das relacións veciñais e de acompañamento dirixidas por persoal especializado neste eido. Son actuacións que mostran o compromiso da Consellería de Sanidade coa mellora da atención sanitaria nos municipios máis pequenos e rurais, como é o caso de Frades. Garantimos a asistencia sanitaria e fomentamos a mellora da calidade de vida con servizos máis alá do esencial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Fernández

**SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Presidente.

Conselleiro, xa lle preguntei outras veces onde estaba situado Valdeorras —e voullo volver preguntar, porque parece que non ten unha boa referencia espacial sobre Valdeorras—. (*Murmurios.*) ¿Coñece a comarca de Valdeorras?, ¿sabe onde está situada? Como os conselleiros viaxan en coche oficial, parece que non se dan conta da situación do territorio, e moito menos das distancias. Parece que non calculan adecuadamente o tempo dos desprazamentos.



Conselleiro, o Hospital de Valdeorras está a 120 quilómetros de Ourense, e o tempo de desprazarse desde O Barco a Ourense é unha hora e media; ese é o tempo para ir facer unha proba —e, por suposto, en coche propio ou en taxi, porque, se imos en transporte público, entón, pasamos o día—. Esta é a situación que teñen que pasar as mulleres que son derivadas a Ourense para facer unha mamografía, unha ecografía ou un TAC.

Outra pregunta: ¿coñece os habitantes e os concellos que atende o Hospital público de Valdeorras? A este distrito sanitario pertencen os concellos de Rubiá, Carballeda, Vilamartín, A Rúa, Petín, Larouco, O Bolo, A Veiga, Manzaneda, Pobra de Trives, Viana do Bolo e, por suposto, O Barco de Valdeorras, onde está situado o hospital. Nestes concellos residen 30.000 persoas, das cales máis ou menos a metade son mulleres; máis de 15.000 mulleres residen, polo tanto, nestes concellos do distrito de Valdeorras.

Señor conselleiro, segundo os datos recentes, Ourense é a segunda provincia a nivel estatal en incidencia de cancro de mama. Así, nesta provincia detectáronse 266 casos no ano 2024, cunha incidencia de 168, fronte á media galega de 160 e fronte á media estatal de 145. É dicir, son 23 puntos máis que a media estatal. Isto son cifras, conselleiro, pero, detrás destas cifras, hai mulleres que sofren esta grave enfermidade, que é o cancro de mama, que lles condiciona a vida, para toda a vida.

Como ben sabe, conselleiro, a detección a tempo é moi importante para evitar o agravamento da enfermidade ou incluso a morte —e seino, por desgraza—. Para iso son os cribados e as mamografías, pero, como sabe tamén, hai unha porcentaxe que necesita, para un diagnóstico adecuado, facer unha ecografía ou un TAC, e, por suposto, as mulleres que desenvolven a enfermidade teñen que facer probas varios anos para ver a evolución da enfermidade.

Conselleiro, vostede e a súa consellaría están enviando as afectadas de Valdeorras fóra da súa comarca, fóra do seu hospital de referencia. Vostede, señor conselleiro, estalles dicindo á cara a todas estas mulleres que collan o coche e que conduzan tres horas para facer unha ecografía, un TAC ou incluso unha mamografía. ¿Non lle parece isto un abuso, conselleiro?

**O PRESIDENTE:** Grazas...

**SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ¿Como vai solucionar este grave problema?

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Espero a súa resposta. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.



Señoría, estou seguro de que o sabe, pero prefire calalo. O Hospital público do Barco de Valdeorras sofre as consecuencias do déficit de médicos de determinadas especialidades (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, xírase cara a un lado do hemiciclo.*) —si, pero é a realidade—, que padece toda España, e por ese motivo durante uns meses deste ano só houbo un radiólogo no Barco de Valdeorras. (*Murmurios.*) Cando este profesional colleu vacacións, decidiuse que se realizasen puntualmente os procesos en Ourense. Gustaríame que aclarase vostede que decisión alternativa lles parecería máis axeitada: ¿suspender as vacacións do profesional?, ¿paralizar o servizo? Díganolo, por favor. A nosa decisión buscou garantir que os procesos prioritarios se fixesen o antes posible e que as demais probas se reprogramasen no menor tempo.

Señorías, a situación do Barco de Valdeorras non responde a outra cousa que ao déficit de profesionais que sofre todo o Sistema nacional de saúde; un problema que dificulta que se poidan cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas, ausencias ou vacacións —sen distinción de comunidade autónoma e sen distinción de partido político que a governe—. Non é nada novo, pero é un debate que non lles interesa, porque é responsabilidade directa do Goberno central, xa que é o Executivo central quen pode pór os medios necesarios para que haxa os profesionais que as comunidades poidamos contratar.

Créame cando lle digo que o Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras é unha prioridade para este goberno. Cando aprobamos leis que nos facultan a convocar prazas para o concurso de méritos para reforzar os hospitais comarcais, é para reforzar hospitais como o do Barco de Valdeorras; cando valoramos con puntuación extra os servizos prestados nos hospitais comarcais, é para reforzar hospitais como o do Barco de Valdeorras; e cando elaboramos os orzamentos e seguimos investindo en todos os hospitais comarcais, é para mellorar hospitais como o do Barco de Valdeorras. ¿Sabe cal é o nexo común a todo isto? A oposición frontal do seu partido. Sería de agradecer que fosen máis Bloque Nacionalista e menos «Bloque sanchista» e apoiasen as medidas que realmente beneficiarían os galegos.

A súa busca constante de rédito político imposibilita que apoien estas medidas, que favorecerían, sen ningunha dúbida, toda a poboación.

Convídoos a reflexionar sobre o papel do seu partido neste contexto de déficit de profesionais; quizais a vindeira vez que veñamos a esta Cámara con novas medidas para mellorar a sanidade pública contemos co voto a favor do BNG.

Por agora máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Fernández Fernández.

**SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Conselleiro: ¡escusas, excusas e máis excusas!, cando goberna e manexa 5.600 millóns de euros e non é quen de contratar uns especialistas. (*Aplausos.*) Eu a isto chámolle «inútil», inútil político. (*Murmurios.*)



Vostede é médico especialista en oncoloxía. Gustaríame que lles explicase ás mulleres de Valdeorras —estas mulleres que están moi preocupadas pola súa saúde e que, segundo as estatísticas, teñen esa elevada posibilidade de desenvolver un cancro de mama— por que, ante unha enfermidade como esta, con tantas posibilidades de padecela ao longo da súa vida, non teñen un hospital en debidas condicións, conselleiro; por que as mamografías de vía rápida que son solicitadas polos especialistas son derivadas a Ourense; por que mamografías de vía rápida pasan a preferentes —¿que explicación ten vostede para que mulleres ás que lles solicitaron unha mamografía de vía rápida as pasasen a preferentes, posteriormente desenrolasen a enfermidade e fosen operadas de cancro?—; por que as ecografías solicitadas en xullo do 2024 —hai máis dun ano— aínda non se fixeron; por que hai pacientes que foron citados para ecografías en xaneiro do 2025 e aínda non lles realizaron a proba; por que hai pacientes que desenvolveron a enfermidade, que foron operadas e que teñen que facer un control anual e lles tardan dous anos en facer as probas; e por que hai mulleres ás que lles dan a cita co especialista oncólogo e, cando teñen que acudir á cita médica, aínda non foron quen de facerlles as probas.

Ante isto, señor conselleiro, ¿ten algo en contra da sanidade pública?, ¿ten algo en contra das mulleres e homes de Valdeorras? Teña por seguro que imos saír defender o noso hospital e a nosa sanidade pública e de calidade. E xa lle anuncio que o próximo 22 de novembro todo Valdeorras vai saír á rúa a dicir alto e claro: *(Murmurios.)* ¡non ao desmantelamento sanitario do Hospital de Valdeorras, señor conselleiro! ¡Non o desmantelamento! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O PRESIDENTE:** Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño):** Grazas presidente.

Señoría, eu non teño ningún problema coa sanidade pública galega, *(O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, xírase para dirixirse ao seu interlocutor)* levo toda a vida traballando nela. Polo tanto, eses son feitos, ¿non? ¡Así de claro! ¡Todo o contrario!

Este goberno sempre vai apostar polos centros hospitalarios comarcais de Galicia, sen ningunha dúbida. Os orzamentos do vindeiro ano así o demostran. A realidade é que a Xunta de Galicia inviste máis ca nunca na sanidade pública galega. Temos un orzamento que supera, como se dixo aquí, os 5.670 millóns de euros, que representa case o 40 por cento do orzamento autonómico; un orzamento co que buscamos mellorar a atención sanitaria que lles prestamos aos galegos, actuando tanto nos recursos humanos como nos equipamentos; elevamos o capítulo de persoal ata o seu máximo histórico para crear e consolidar novas prazas que reforcen o noso sistema sanitario público; e reservamos máis de 325.000 euros para a compra dun novo mamógrafo para o propio Hospital do Barco de Valdeorras. Con esta nova adquisición reforzaremos a realización de mamografías no distrito sanitario do Barco de Valdeorras. Do mesmo xeito, tamén contamos cun novo radiólogo, que leva traballando neste centro desde o pasado mes de outubro, coa expectativa de dotar o hospital cun terceiro profesional nos vindeiros chamamentos.

Señoría, ten que comprender que a realización puntual de probas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense se debe a causas sobrevidas, e que se buscou sempre garantir a



continuidade do servizo, porque a nosa prioridade —e máis en oncoloxía— , é asegurar o seguimento e o control da saúde dos nosos pacientes. Exemplos desta modificación son os seguintes resultados: un incremento dun 4,39 por cento respecto do mesmo período anterior na participación no Programa galego de detección precoz de cancro de mama, e tamén as mamografías foron lidas e informadas nun prazo de cinco días.

Señor Fernández, as nosas accións van seguir sendo a prol de reforzar o Hospital público de Valdeorras, porque cremos verdadeiramente na importancia destes centros dentro da Rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde. Mentres o Goberno central non se digne a facilitar solucións ao déficit de profesionais sanitarios, nós imos continuar tomando medidas para garantir a atención sanitaria. Seguiremos ofertando prazas para o concurso de méritos — pese a que vostedes se opuxesen — , e seguiremos dotando con puntuación extra os servizos prestados nestes centros.

Vostedes sigan intentando sacar rédito político da sanidade pública, non respectando xa nin sequera os enfermos de cancro. Desde a Xunta seguiremos buscando solucións e xestionando con eficacia a realidade e o día a día da sanidade pública.


Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Non hai máis asuntos que tratar. Remata aquí ao pleno.

*Remata a sesión ás dúas e quince minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

